

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 14**

### **SESION ORDINARIA 29 DE SETEMBRO DE 2014**

#### **ASISTENTES**

##### **POLO GRUPO MPAL. SOCIALISTA**

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Alonso Suárez, M<sup>a</sup> Olga  
Fernández Pérez, José Manuel  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Regades Fernández, David  
Rivas González, Angel  
Rodríguez Díaz, Santos H.  
Rodríguez Escudero  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG**

Alonso Pérez, Fco. Xabier  
Domínguez Olveira, Santiago  
Velooso Ríos, Iolanda M<sup>a</sup>

##### **POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR**

Alonso Alonso, Alexia María  
Araújo Pereira, Marcos.  
Bernárdez de Dios, Antonio  
Cendón Alonso, M<sup>a</sup> Teresa  
Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M  
García Míguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Iglesias Bueno, Marta  
Pérez Dávila, Alejandro  
Relova Quinteiro, Roberto F.

#### **NON ASISTEN**

Beiro Diz, Pablo (Partido Popular)  
Álvarez Pérez, José Luis (Partido Popular).

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e nove de setembro do ano dous mil catorce, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Alonso Suárez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e Velooso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o

Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

PRESIDENCIA: Pleno do Concello número 14, orde do día do 25 de setembro en poder das señoras e señores concelleiros, constatamos quórum, ábrese sesión pública e iniciamos a orde día.

### **PARTE RESOLUTIVA**

#### **1(163).- ACTAS ANTERIORES: (SESIÓN ORDINARIA DO 29.07.2014).**

Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión ordinaria do 29 de xullo de 2014.

#### **(164).- INTERVENCIÓN DE D<sup>a</sup> BEATRIZ MARTÍNEZ FIGUEROA EN APOIO Á PROPOSICIÓN DE LEI SOBRE A MELLORA DA PROTECCIÓN LABORAL E DE SEGURIDADE SOCIAL DAS PERSOAS ENFERMAS DE CANCRO. EXPTE. 983/1101.**

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de setembro de 2014, número 983/1101, D<sup>a</sup> Beatriz Martínez Figueroa, presenta escrito solicitando a súa intervención no Pleno.

A PRESIDENCIA: De acordo coa solicitude, ten a palabra D<sup>a</sup> Beatríz Martínez Figueroa por un tempo aproximado de cinco minutos para a súa intervención.

SRA. MARTÍNEZ FIGUEROA: A batalla contra o cancro líbrase en dous frontes. O primeiro, ben coñecido por todos, é a propia enfermidade que no peor dos caos mata, e no mellor perdoa, e en moitas ocasións mutila. Os que nos encontramos

dentro de este terceiro caso vémonos obrigados a loitar nun segundo fronte: o da Administración.

Os que sufrimos un cancro que nos imposibilita para exercer noso oficio durante un largo período de recuperación, se a data do diagnóstico estamos en desemprego contributivo, cobrando o “paro, cando se esgota pasamos a percibir del INSS, independentemente dos anos que levásemos traballando, e da base de cotización 426,00% (80% IPREM) e temos que abonar a achega do 40% dos medicamentos, imprescindibles para a nosa supervivencia.

Cando se esgota o período máximo de incapacidade temporal, e denéganche de oficio a pensión de incapacidade non estando restablecidos da nosa doenza, vémonos abocados ao desemprego, sen saúde (subsídios de 426,00 euros no mellor dos casos do INEM, pagando tamén o 40% das medicinas).

A Administración colócanos nunha situación de exclusión social, só porque enfermamos. Se estás traballando cando te diagnostican un cancro, e a recuperación se alarga no tempo, o vínculo profesional debilítase e non en poucas ocasións finaliza con extincións derivadas da enfermidade.

Meu nome é Beatriz Figueroa, veciña de Vigo, onde nacín e desenvolvinme profesionalmente durante vinte anos en presa, comunicación, asesoramento e administración de empresas. En situación de desemprego, diagnosticáronme un cancro hai tres anos e medio, en maio do 2011; a pesar diso conto mensualmente con 426 euros, como únicos ingresos, cos que debería cubrir as miñas necesidades máis básicas como vivenda, alimentación, e vestido, algo de todo imposible, tiven que pagar o 40% dos meus medicamentos, imprescindibles para o tratamento de esta enfermidade. Disto fixo este mes de setembro 3 anos dende que esgotei a prestación de desemprego.

A miña loita en solitario comezou o 21 de setembro de 2013, cando inicié unha folga de fame, a pesares do risco para a miña saúde, con unha pancarta na que se podía ler “o SERGAS cúrache o cancro, o INSS e INMEN te matan de fame” para visibilizar a situación de indefensión socioeconómica á que te pode abocar una enfermidade coa lexislación actual.

A situación se agrava co “recorte nas Administracións, ao denegárenos a cualificación de incapacidade permanente do INSS, na súa condición de revisable, cando aínda estamos en período de recuperación, a tratamento e en ocasión con risco de recaída. A min denegóuseme en tres ocasión, con catro intervencións no meu haber e en tratamentos con series complicacións a causa do mesmo. Polo que nos vemos obrigados acudir aos Xulgados do Social, á terceira, pero con esperas dun ano como mínimo como meu caso é un exemplo, que estou citada para o próximo 23 de outubro do 2014, dende que presenté a demanda en setembro de 2013.

Por este motivo, a deputada a Sra. Olaia Fernández Davila do Bloque Nacionalista Galego, presentou no Congreso en decembro 2013 unha proposición de lei e unha proposición non de lei que insta ao Goberno a mellorar a protección laboral e de

seguridade social das persoas enfermas de cancro.

Elaborada polo experto na materia, o catedrático de Dereito do Traballo e Seguridade Social da Universidade de Vigo Jaime Cabeza Pereiro, propónse a modificación da Lei Xeral da Seguridade Social para que se considere en situación de incapacidade permanente a toda persoa diagnosticada dun carcinoma unha vez que esgotado o prazo máximo de duración da incapacidade dun carcinoma unha vez que esgotado o prazo máximo de duración da incapacidade temporal ata que súa curación sexa presumiblemente definitiva. E que esta cualificación implique en todo caso o dereito á reserva do posto de traballo.

En concreto, demanda que se manteña esta cualificación ata que o enfermo "pase a una situación na que as revisións médicas derivadas de súa doenza se prolongue, cando menos, en espazos de tempo de seis meses.

A lei Xeral de Seguridade Social ten que ser modificada para outorgar una protección especial a enfermos do carcinoma e nos confíra seguridade xurídica e económica durante este trance para tódolos enfermos independentemente da súa situación laboral no momento do diagnóstico. As persoas con estes padecementos, cuxa curación e recuperación se proxectan a medio ou longo prazo, non deben quedar excluídas da sociedade por carecer de prestacións sociais suficientes, como garante o artigo 41 da Constitución Española, para cubrir as súas necesidades básicas.

Quixen que a cidadanía coñecera a situación dos enfermos de cancro e o que esta modificación de lei lles supón, non tanto para tódolos que somos hoxe, se non para os que poidan selo o día de mañá. E o apoio foi unánime e despertou unha gran mobilización social, como xa quedou de manifesto o 8 de abril cando entreguei no Congreso a tódolos grupos con representación no parlamento copia das 378.000 firmas recollidas na plataforma dixital Change.

A día de hoxe son máis de 470.000 firmas, os cidadáns pídenlles que reflexionen, pero sobre todo actúen para que situacións como a que eu denuncié non teña lugar nun pretendido Estado Social e de Benestar, porque un Estado incapaz de garantir os dereitos básicos dos individuos que o compoñen é un Estado falido.

Se quen libre e democráticamente nos representan en tan alta instancia como é o Parlamento Español non poden facer oídos xordos, e silenciarnos porque se nos denegan os nosos dereitos (económicos e xurídicos) como enfermos estaremos nus fronte ao cancro.

Posto que non se desexa que o cancro sexa a causa de exclusión social, queremos unha protección laboral especial para os enfermos/as de cancro, queremos unas prestacións sociais suficientes, a través dun réxime público de Seguridade Social, lle solicito ao Pleno do Concello de Vigo, os seguintes acordos:

O Concello de Vigo, apoie a iniciativa legislativa sobre mellora de protección laboral e seguridade social das persoas con cancro que se debaterán no Pleno do Congreso dos Deputados o próximo día 7 de outubro.

Instar a tódolos grupos políticos representados no Parlamento español a apoiar esta iniciativa.

Por último se mo permiten quero dicirlles que o cancro non discrimina, que non entende de ideoloxías, nin de siglas, nin de cores. Moitas grazas por darme a oportunidade de hoxe de poder transmitirille o que é a nosa petición.

PRESIDENCIA: Moitas grazas dona Beatriz, escoitamos moi atentamente a súa intervención. Algún grupo quere facer algunha intervención.

SRA. VELOSO RÍOS: Por banda do Bloque Nacionalista Galego como ben explicou xa dona Beatriz, fomos quen trasladamos esta proposición de lei e non de lei ao Congreso de Deputados, así que sobra xa expresar o noso apoio pero se queremos agradecerlle especialmente a súa intervención hoxe e, agradecerlle a loita que está levando adiante para visibilizar un problema non só individual e persoal, senón un problema colectivo e esperamos sinceramente que os grupos políticos no debate no Congreso dos Deputados apoiem esta proposta para mellorar a vida de tódalas persoas enfermas de cancro, pero dende logo tamén para mellorar a nosa sociedade no seu conxunto.

SRA. SILVA REGO: Eu quero comezar poñendo en valor a valentía de dona Beatriz Figueroa que é certo, ela soa de forma individual levantou unha bandeira de dereitos, non para ela senón para tódalas persoas que como ela sofren unha enfermidade grave como é un carcinoma. Hoxe en España o 25% da poboación vive en pobreza ou en risco de exclusión social e, é certo que as enfermidades graves agravan a situación de desigualdade e non podemos consentir que non sexamos iguais en calquera situación, pero moito menos que non sexamos iguais cando sufrimos unha enfermidade grave. Tamén o Grupo Parlamentario Socialista no Congreso dos Deputados e no Senado presentou iniciativas non só para que se loite contra a desigualdade dunha enfermidade grave como é o carcinoma senón ante outras moitas enfermidades graves que é certo que non só fan que a persoa que as sufra padezan dunha forma terrible senón que ademais as exclúe dos dereitos sociais. Por iso, e dona Beatriz Figueroa tamén o sabe, porque é certo que o 8 de abril estivo no Congreso dos Deputados, foi recibida por tódolos grupos

políticos a acompañamos a presentalas sinaturas que contan co apoio do Partido Socialista Obreiro Español que é o grupo maioritario da oposición no Congreso e no Senado, pero non se trata aquí de que nos poñamos medallas os grupos políticos, que veñamos a dicir aquí quen presentou ou non iniciativas, trátase de poñernos ao lado de dona Beatriz Figueroa, porque está defendendo unha causa xusta. Eu hoxe quero acabar dicindo que eres un exemplo a seguir, a min emocióname verte aí sentada defendendo o dereito de moitas persoas que padecen moito e que xente como ti é a que necesita este país para recuperar os dereitos que perdemos e seguimos perdendo. Gracia dona Beatriz Figueroa.

SRA. CENDÓN ALONSO: Eu quero darte a benvinda dende o Partido Popular a este Pleno no que escoitamos tódalas túas propostas e nós todo o noso respecto aos enfermos do cancro e calquera outro enfermo que teña unha patoloxía que requira dun esforzo adicional para alcanzar os obxectivos que outras persoas teñen máis fácil. Afortunadamente o cancro neste momento é unha enfermidade curable entón a mi o que si me gustaría é transmitir un plus de esperanza e de positivismo, é dicir, o cancro é unha enfermidade curable. Si é certo que é unha patoloxía especial porque é unha loita contra un mesmo, son unha células do organismo do noso propio organismo que crecen inadecuadamente, entón a pelexa do enfermo é a pelexa contra as súas propias células, contra o seu propio organismo.

De todas formas, dona Beatriz, a min o que me gustaría é que neste proxecto houbera un pouco máis de xenerosidade, porque se é certo que se centra só nos carcinomas e hai outras moitas máis enfermidades, moitas patoloxías, moitas enfermidades, reumáticas que teñen a mesma connotación. Eu creo que isto precisa dun debate máis profundo e máis serio. Hai carcinomas como ti ben sabes, un carcinoma basocelular é unha enfermidade que cunha exéresis e limpando ben os bordes é curable dende ese mesmo momento e no require IT, sen embargo hai enfermidades reumatolóxicas que tardan moito en recuperarse e están na mesma situación, de cara á incapacidade permanente, que o cancro. Entón eu creo que isto require dunha ampliación, non só a este suposto, estou totalmente de acordo contigo que a Lei 24 necesita dun desenvolvemento regulamentaria por suposto, e levamos moitos anos pendentos de facelo e require que se faga e que se faga xa, que dea cobertura a moita xente que está en situacións de desprotección que ao

mellor non teñen que solventarse a través de o recoñecemento dunha permanente, porque unha persoa cunha incapacidade permanente total ao mellor queda moito máis desprotexida que se se lle da outra alternativa. Por suposto que apoiamos a túa loita, e parécenos valente pero eu penso que debemos ir un pouco máis alá, en calquera caso contas co nos apoio.

PRESIDENCIA: Non contempla o regulamento quendas de réplica, cada grupo definiu a súa posición, lle agradecemos moito a súa loita, o seu traballo e a súa intervención aquí neste Pleno.

*A Alcaldía-Presidencia dá as gracias pola súa intervención á Sra. Martínez Figueroa.*

## **2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.**

## **3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:**

### **3.1(165).- FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2015. EXPTE. 1401/110 (REXISTRO PLENO 980/1101)**

ANTECEDENTES.- Con data 19 de setembro de 2014, o concelleiro delegado de Seguridade, Mobilidade e Xestión Municipal, formula a seguinte proposta,

“Por escrito de data de saída do 18 de xuño, número 47300, o Servizo de Relacións Laborais da xefatura territorial da Consellería de Traballo en Vigo, solicita a este Concello a remisión da proposta de festividades locais antes do día 30 do mes de setembro.

Con data de 19 setembro o concelleiro delegado de Xestión Municipal, de conformidade co disposto no artigo 37.2 do Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores, e no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, declarado vixente pola disposición derogatoria única do Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro,

sobre xornadas especiais de traballo, que indica que corresponde ao Pleno da Corporación,..."

Deseguido o concelleiro formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión ordinaria do día 22 de setembro de 2014, ditaminou favorablemente dita proposta.

PRESIDENCIA: Como saben no ano 2015 o día de San Roque cae en domingo e na proposta que se fai de acordo con decisións que se tomaron no Pleno é pasalo para o luns, polo tanto o festivo será o luns seguinte a San Roque, o día da Reconquista permanece en sábado.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito,

ACORDASE:

Fixar as seguintes festividades locais para o ano 2015:

- 1.- O Día da Reconquista desta cidade, sábado 28 de marzo
- 2.- O día de San Roque luns 17 de agosto,

**3.2(166).- INADMISIBILIDADE A TRÁMITE DO RECURSO ADMINISTRATIVO INTERPOSTO CONTRA ACORDO DO PLENO DO 28.10.2013, POLO QUE SE APROBOU DEFINITIVAMENTE O PERI DA "APR A-5-31 POULO". EXPTE. 11483/411 (REXISTRO PLENO 978/1101)**

ANTECEDENTES.- Con data 12 de agosto de 2014, a técnica de Administración



Xeral co conforme da xefa de Planeamento e Xestión, formulan a seguinte proposta,

“O día 13.10.2008, o Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda ditou resolución iniciando, entre outros, os traballos de planeamento e xestión de iniciativa municipal do PXOM/08 da «APR A-5-31 POULO».

O día 07.10.2009, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental emitiu a Decisión de innecesariedade de sometemento do Plan Especial de Reforma Interior da «APR A-5-31 POULO» ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica (DOG nº. 227, do día 19.11.2009).

O día 27.07.2012, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar inicialmente o PERI da «APR A-5-31 POULO», ordear a apertura dun período de información pública polo prazo dun mes mediante inserción de anuncios no DOG e en dous dos diarios de maior difusión da provincia, notificar de forma individual aos propietarios de terreos afectados e recabar das Administracións Públicas competentes os informes sectoriais que resultasen preceptivos. O dito acordo foi notificado a D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Olga Vázquez García o día 20.09.2012 (as notificacións remitidas a D<sup>a</sup>. Severina García Alonso e D<sup>a</sup>. Efigenia García Alonso foron recibidas con data 20.09.2012).

O 21.09.2012 foi publicado o dito anuncio de aprobación inicial no *Faro de Vigo* e *La Voz de Galicia* e con data 15.10.2012 no DOG nº. 196.

No certificado expedido polo Secretario da XMU o día 28.02.2013, relativa ás alegacións presentadas durante o período de exposición pública, non consta ningunha presentada por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Olga Vázquez García (nin en nome de D<sup>a</sup>. Severina García Alonso nin D<sup>a</sup>. Efigenia García Alonso).

O día 28.10.2013, o Pleno do Concello de Vigo acordou aprobar definitivamente o referido Plan Especial, notificándose o dito acordo con data 25.01.2014 a D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Olga Vázquez García (o 30.05.2014 publicouse no BOP nº. 103, o anuncio disciplinado no artigo 59.4 da LRXAP-PAC ao non ser posible practicar as notificacións persoais remitidas, entre outros, a D<sup>a</sup>. Severina García Alonso e D<sup>a</sup>. Efigenia García Alonso), informándose que de que os instrumentos de planeamento teñen a natureza de disposicións xerais e contras os mesmos pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o TSXG. Elo, sen prexuízo, do exercicio das accións legais que os interesados estimen convenientes.

No DOGA do 28.03.2014, nº. 61 publicouse o anuncio de aprobación definitiva do nomeado Plan Especial.

O día 13.02.2014, D<sup>a</sup>. Olga Vázquez García, afirmando actuar en representación da comunidade de herdeiros de D<sup>a</sup>. Ifigenia García Alonso, presentou escrito no Rexistro xeral da XMU (doc. 140019344) impugnando a aprobación do Plan Especial de Reforma Interior da «APR A-5-31 POULO».

Instada a acreditación da representación invocada mediante notificación remitida o día 12.05.2014, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Olga Vázquez García presentou escrito no Rexistro xeral da XMU o día

26.05.2014 (doc. 140062630), afirmando representar á Comunidade de herdeiros de D<sup>a</sup>. Efigenia García Alonso, aínda que apunta que debe entenderse a dita representación referida á de D<sup>a</sup>. Severina García Alonso e xunta documento asinado por D<sup>a</sup>. Juan José Vázquez García, D. Juan Manuel García Alonso, D. Manuel Vázquez García, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Dolores Brunet García, D. M<sup>a</sup>. Carmen Brunet García, D. Manuel Fco. Brunet García, D. Juan Carlos Brunet García, D<sup>a</sup>. Macarena Brunet Mayán e D. Noel Brunet Mayán, prestando a súa conformidade á representación que D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Olga Vázquez García alegara ostentar.

## **FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

### I. Normativa examinada.

- Lei 8/2013, de 26 de xuño, de Rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
- Real decreto 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de solo (TRLR 2008)
- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA)
- Real decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (RPU)
- Real decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (RXU)
- Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LXCA)
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local (LBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008, aprobado definitiva e parcialmente pola Orde da CPTOPT de 16 de maio de 2008 (*Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* -BOP- n.º 151, de 06.08.2008; DOG n.º 106, de 03.06.2008) e do Conselleiro de CMATI de 13 de xullo de 2009 (BOP n.º 175, de 10.09.2009; DOG n.º 144, de 24.07.2009) de aprobación do documento da orde do 16.05.2008(PXOM)
- Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada definitivamente no Pleno do Concello de Vigo de 6 de setembro de 2010 (BOP n.º 193, de 06.10.2010)

### II. Exame dos presupostos formais. Natureza do planeamento de desenvolvemento e réxime de recursos.

O escrito presentado o día 13.02.2014 no Rexistro xeral da XMU (doc. 140019344) por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Olga Vázquez García non refire expresamente o seu carácter de recurso administrativo,

non obstante, de acordo co disposto no artigo 110 da LRXAP-PAC o erro na calificación por parte do recorrente non sería obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter, polo que, atendido o seu contido e, particularmente visto que solicita que se teña por *impugnada a aprobación do PERI da APR A-5-31 POULO e se proceda a súa revisión para corrixir as infraccións detectadas*, debe tramitarse como un recurso administrativo fronte ao acordo de aprobación definitiva do PERI da APR A-5-31 POULO (lémbrese igualmente que o acordo de aprobación inicial ten a consideración, a estes efectos, de acto de trámite (sentenza do TS do 28.06.2012 (rec. 2283/2010)).

De acordo co disposto no artigo 113.1 da LRXAP-PAC a resolución do recurso estimará en todo ou en parte ou desestimarás as pretensións formuladas no mesmo ou declarará a súa inadmisión. No caso que nos ocupa, o recurso administrativo interposto se dirixe fronte a unha actividade non susceptible de ser recorrida en vía administrativa, dado que, de conformidade co artigo 85.11 da LOUGA os instrumentos de planeamento son disposicións de carácter xeral, polo que a súa aprobación non poderá recorrirse en vía administrativa, senón tan só a través do correspondente recurso contencioso-administrativo nos termos previstos na lexislación de aplicación.

Pola súa parte, dispón o artigo 107.3 da LRXAP-PAC que *contra as disposicións administrativas de carácter xeral non caberá recurso en vía administrativa*, recoñecendo a sentenza do Tribunal Supremo do 19.12.2007 o carácter básico do dito precepto. Neste senso, se expresan igualmente, entre outras, as sentenzas do Tribunal Supremo de datas 20.01.2014 (rec. 3651/2011), 16.02.2012 e 04.03.2011 (rec. casac. 122/2007).

Procede, xa que logo, inadmitir a trámite o recurso administrativo interposto fronte ao acordo aprobatorio do PERI da APR A-5-31 POULO.

No relativo á representación invocada pola recorrente (da comunidade de herdeiros de D<sup>a</sup>. Ifigenia García Alonso en escrito presentado o día 13.02.2014 (doc. 140019344) -nomeada noutros escritos como D<sup>a</sup>. Efigenia- e de D<sup>a</sup>. Severina García Alonso en escrito presentado o día 26.05.2014 (doc. 140062630)), sinalase que de conformidade co establecido no artigo 32.3 da LRXAP-PAC para entablar recursos en nome doutra persoa deberá acreditarse a representación por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna ou mediante declaración en comparecencia persoal do interesado. Non consta a presentación de apoderamento notarial nin comparecencia persoal dos interesados (referido na práctica administrativa como un poder *apud acta* conferido polo representado ante o responsable da tramitación do procedemento), previa acreditación da súa condición de herdeiros. Non obstante, en virtude do principio *pro actione*, e segundo comprobación realizada polo departamento municipal de inspección tributos, considerarase interposto o dito recurso administrativo como herdeira de D<sup>a</sup>. Severina García Alonso (PV 3870.2).

III. Órgano competente.

É competente para a adopción do presente acordo o Pleno do Concello (artigos 85.7 da LOUGA e 123.1.i) e 123.2 LRBRL) e 116 da LRXAP-PAC, previo ditame do Consello da XMU (artigos 3<sup>o</sup>.1 e 10<sup>o</sup>.1.a) dos Estatutos da XMU, AD versión consolidada aprobada polo Pleno o día 06.09.2010 -BOP n<sup>o</sup>.193, do 06.10.2010) na súa consideración de comisión informativa do Pleno (artigos 122.4.a) LRBRL e 47 e ss. ROP).

Polo anterior, propónse a adopción do seguinte ACORDO..."

Deseguido os funcionarios informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 5 de setembro de 2014, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo ditamina favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Inadmitir a trámite o recurso administrativo presentado o día 13.02.2014 no Rexistro xeral da XMU (doc. 140019344) por D<sup>a</sup>. Olga Vázquez García, contra o acordo do Pleno do Concello de Vigo de día 28.10.2013 polo que se aprobou definitivamente o Plan Especial de Reforma Interior da «APR A-5-31 POULO» por tratarse o dito instrumento de planeamento dunha disposición de carácter xeral non susceptible de recurso administrativo.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo á recorrente, comunicándolle que pon fin á vía administrativa e contra o mesmo cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante a xurisdición contencioso-administrativa, contado dende o día seguinte a súa notificación.

### **3.3(167).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS DO ZV/SX/B 8 “EIXO AVDA. EUROPA-AVDA. CASTELAO”. EXPTE. 11482/411 (REXISTRO PLENO 979/1101)**

ANTECEDENTES.- Con data 10 de xullo de 2014, a técnica de Administración Xeral da oficina de Planeamento e Xestión co conforme do director de Desenvolvemento Urbanístico, emite o seguinte informe proposta,

“Con data 16.10.2008, o Consello da XMU tomou coñecemento da comunicación da Xerente e do Delegado da Área de Urbanismo de día 13.10.2008 sobre inicio da tramitación, entre outros, do expediente de planeamento de iniciativa municipal do Plan Especial de Dotacións do Eixo Avenida Castelao -Avenida de Europa.

Os traballos de redacción tanto do Plan Especial como da avaliación ambiental estratéxica foron adxudicados á mercantil “Fraga, Quijada, Portolés e Asociados, S.L.P” en data 28.05.2009.

O día 14.08.2009, a entidade adxudicataria presentou o documento de inicio do planeamento, sendo informado polo arquitecto municipal o día 20.08.2009.

O día 18.09.2009, o Director dos Servizos Técnicos informou a *Memoria Preliminar* do Plan Especial de referencia.

O 19.10.2009, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental ditou a *Decisión sobre a non necesidade de avaliación ambiental estratéxica do Plan Especial de Dotacións EL/ZV/B 08 “Eixo Avenida Castelao - Avenida Europa” no Concello de Vigo* (DOG. nº. 240 do 10.12.2009).

Con data 15.02.2011, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 110018203) o informe do Servizo de Planificación e Programación Hidrolóxica relativo ás garantías de abastecemento e saneamento, entre outros, do ámbito do EL/ZV/B 08 “Eixo Avenida Castelao - Avenida Europa”.

O día 16.03.2012, remitiuse oficio ao Ministerio de Fomento (notificado o 27.03.2012) solicitando o informe previsto no artigo 10 da Lei 25/1988, de Estradas.

O día 20.06.2012, o Xefe de Sector de Desenvolvemento Urbanístico emitiu informe no que conclúe: *“Tras a análise da documentación presentada pódese afirmar que:*

- *Cumpre cos requisitos formais e de contido establecidos na normativa vixente de aplicación e co establecido nos pregos de condicións técnicas. O nivel de definición da documentación é adecuada para a súa finalidade.*
- *O contido cumpre tamén os parámetros establecidos na ficha de xestión do ámbito. Cumpre o establecido no PXOM no que atinxe aos planeamentos de desenvolvemento dos sectores de solo urbanizable e ámbitos de solo urbano non consolidado colindantes.*
- *O plan especial responde aos criterios e obxectivos sinalados polo PXOM para este elemento de sistema xeral de espazos libres e zonas verdes.*
- *Cumpre o establecido na lei 8/1997 de 20 de agosto de accesibilidade e supresión de barreiras e no seu reglamento de desenvolvemento, decreto 35/2000 de 28 de xaneiro, así como na Orden VIV/561/2010 de 1 de febreiro referente ás condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados”.*

O día 25.06.2012, o tax co visto e conforme do Xefe do Servizo de Desenvolvemento Urbanístico elaborou proposta de resolución entendendo a conformidade do Ministerio de Fomento coa aprobación inicial do instrumento de planeamento, por transcorrer o

prazo que para emitir informe contén o artigo 10.2 da Lei de Estradas.

O día 06.07.2012, a Xunta de Goberno Local aprobou inicialmente o Plan Especial de Dotacións de referencia consonte a documentación elaborada por "FRAGA G. QUIJADA PORTOLÉS E ASOCIADOS, S.L.P" con data febreiro 2012.

O anuncio da dita aprobación inicial publicouse en Faro de Vigo (páx.7) e La Voz de Galicia (páx.L7) en data 27.07.2012 e no DOG nº. 154, do día 13.08.2012 (páx. 32557).

O día 07.08.2012, notificouse á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a solicitude do informe previsto no artigo 52.1 da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia e o 23.10.2012 notificouse unha copia en soporte dixital ao Servizo de Patrimonio Cultural-Xefatura Territorial de Pontevedra, segundo o previamente solicitado pola dita Consellería. O día 14.03.2013 -notificado o 20.03.2013- a Vicepresidenta da XMU requiriu de novo a emisión do nomeado informe.

En data 27.12.2012, o Secretario da XMU expediu certificado no que consta que durante o trámite de exposición pública presentáronse os escritos de alegacións que nel se relacionan.

O día 14.01.2013, o Xefe de Sala de Mobilidade e Seguridade emite informe concluíndo que a conformidade dese Servizo coa actuación que se propón queda condicionada ao resultado do informe sobre o estudo de tráfico que entende necesario realizar.

O día 20.05.2013, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 130057325) o oficio da Subdirectora xeral de Protección do patrimonio cultural do 13.05.2013, achegando o informe favorable de data 30.04.2013 da Directora xeral do Patrimonio cultural.

O día 01.04.2014, tivo entrada no Rexistro xeral do Concello de Vigo (doc. 140039419) o informe de data 25.03.2014 do enxeñeiro xefe da demarcación de estradas do Estado en Galicia xuntando o informe favorable emitido pola Unidade de Estradas de Pontevedra (proposta de informe) e ao que, segundo manifesta, á Demarcación presta a súa conformidade.

O 25.04.2014, o Xefe de Sala de Mobilidade e Seguridade emitiu o informe prestando *conformidade ao proxecto modificado*.

O 02.07.2014, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 140082260) un escrito presentado polo equipo redactor, polo que achegan tres exemplares do «PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS EL/ZV/B 08 "Eixo Avenida de Europa - Avenida Castelao"» para a súa aprobación definitiva, rotulados como versión V.3 Aprobación Definitiva, de data de xuño de 2014. Este documento V.3 Aprobación Definitiva, integra a documentación V.1. de data de febreiro de 2011 aprobada inicialmente e a V.2., de data de xuño de 2013, de proposta de correccións e incorporacións derivadas da contestación de alegacións e observacións dos informes sectoriais. A documentación versión V.3 Aprobación Definitiva foi comprobada polos servizos técnicos da Oficina de Planeamento e Xestión.

## **FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

## I. Normativa examinada.

- Lei 8/2013, de 26 de xuño, de Rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
- Real decreto 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de solo (TRLS 2008)
- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA)
- Lei 10/1995, de 23 de novembro, de Ordenación do territorio (LOT)
- Real decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (RPU)
- Real decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (RXU)
- Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística
- Decreto 19/2011, de 10 de febreiro, polo que aproban definitivamente as Directrices de ordenación do territorio (DOT)
- Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación ambiental.
- Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente
- Lei 6/2007, de 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia
- Lei 8/2012, de 29 de xuño, de Vivenda de Galicia (LVG)
- Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as Normas de habilitabilidade de Galicia
- Lei 8/1997, de 20 de agosto, de Accesibilidade e supresión de barreiras
- Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Desenrolo e execución da Lei de Accesibilidade e supresión de barreiras
- Lei 7/2008, de 7 de xullo, de Protección da paisaxe de Galicia (LPPG)
- Lei 25/1988, de 29 de xullo, de Estradas
- Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LXCA)
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de réxime local (LBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008, aprobado definitiva e

parcialmente pola Orde da CPTOPT de 16 de maio de 2008 (*Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* -BOP- n.º 151, de 06.08.2008; DOG n.º 106, de 03.06.2008) e do Conselleiro de CMATI de 13 de xullo de 2009 (BOP n.º 175, de 10.09.2009; DOG n.º 144, de 24.07.2009) de aprobación do documento de subsnación de deficiencias observadas na orde do 16.05.2008 (PXOM)

- Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada definitivamente no Pleno do Concello de Vigo de 6 de setembro de 2010 (BOP n.º 193, de 06.10.2010)

## II. Delimitación e obxectivos de ordenación do «PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS EL/ZV/B 08 “Eixo Avenida de Europa – Avenida Castelao”».

O ámbito do Plan Especial de Dotacións abrangue unha superficie de 11.673 m<sup>2</sup> de parque lineal dende a Praza de América ata a praia de Samil. Trátase dun espazo identificado no PXOM, dentro dos Sistemas Xerais de zonas verdes, espazos libres e equipamentos, coa clave B08 Eixo Avda. Castelao – Avda. Europa que transcorre en dirección leste-oeste a través de Coia e da parroquia de Alcabre.

A delimitación reflíctese nos planos do PXOM 3.1.A e 3.1.B de sistemas xerais de espazos libres e zonas verdes, plano 1 da serie 0 (escala 1/15000), planos 10 e 11 da serie 1 (escala 1/5000) e planos 10K, 11H, 11I, 11J, 11K, 12F, 12G, 12H e 13 F da serie 2 (escala 1/2000).

O obxectivo do Plan Especial é implantar un sistema xeral de espazos libres e zonas verdes formando parte dunha das actuacións estratéxicas do PXOM: a recuperación do entorno dunar da praia de Samil e o parque lineal que dende a mesma se prolonga ata a Praza de América. Trátase, segundo o PXOM, de obter un espazo urbano de calidade que sexa un referente paisaxístico común sobre as previsións de desenvolvemento urbanístico fraccionado en varios ámbitos (A 2-07 CRUCEIRO, A 2-08 PERTEGUEIRAS, A 2-34 DUNAS, A 3-15 TOMÁS PAREDES, S-14 FONTES PERTEGUEIRAS, S-22-R MILLAREIRA).

## III. Resultado do trámite de información pública: informe de alegacións.

Segundo consta na certificación expedida polo Secretario da XMU o día 27.12.2012, durante o trámite de información pública presentáronse 32 escritos de alegacións que foron respostadas polo equipo redactor no informe “Contestación de alegacións”, de xuño de 2013 presentado no Rexistro xeral da XMU en data 12.06.2013 e que se analizan a continuación, tratándose conxuntamente aquelas que presenten identidade de fundamento:

●Alegacións presentadas no Rexistro xeral da XMU o día 25.09.2012 por D. Agapito Camarero Fernández (doc.120109775), D. Cándido Costas Mallo (doc.120109776), D. Víctor Alberto Alonso Costas (doc.120109778), D<sup>a</sup>. Urbanita Bastos Correa (doc.120109782), D. José Luis Álvarez Fernández (doc.120109787), o día 26.09.2012 (presentadas no correo postal o 24.09.2012) por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Purificación Comesaña Costas (doc.120110634) e D. Carlos Enrique González García (doc. 120110635), o día 28.09.2012 por D. José Manuel Casas Garrido (doc. 120111509), D. Francisco Javier Alonso Fernández (doc.120111921) e pola mercantil “GLOBAL FISH VIGO, S.L.” (doc. 120111925).

CONTIDO: Os alegantes manifestan: a súa desconformidade co Plan Especial e co PXOM, así como cos antecedentes e acordos necesarios para a consecución do mesmo,



e que o acordo de inicio do expediente nos lles foi notificado, polo que o impugnan xunto cos posteriores que sexan a súa consecuencia; a existencia dun informe técnico municipal no que se sinalan defectos no Plan Especial; que trátase dun Plan Especial de Dotacións e non dun plan de mero acondicionamento; que incumpre e modifica o PXOM e infrinxe o artigo 71 da LOUGA; que afecta a maior superficie que a que figura no PXOM e que se inclúen viais que exceden do sistema xeral previsto; que non inclúe completamente o viveiro existente; que modifica a AOD do «S-14-R Fontes Pertegueiras»; que só 412 m<sup>2</sup> de solo deben obterse por expropiación e os demais por inclusión en ámbitos de xestión colindantes; que deixa sen entrada ás parcelas nº. 38, 44 e 46 da Avda. de Europa e outras interiores; que *non existe previsión de funcionalidade* das rotondas que separan o sistema xeral; que se invaden varios viais e outros ámbitos e se ordena un ámbito exterior competencia do Ministerio de Fomento.

INFORME: De acordo co informado en data xuño de 2013 polo equipo redactor: *O Plan Especial de Dotacións "EL/ZV/08 EIXE AVDA. DE CASTELAO-AVD. EUROPA" é un instrumento de planeamento de desenvolvemento previsto no PXOM, cuxo obxectivo principal reside na consecución dun espazo urbano de calidade que serva de referente paisaxístico común sobre as previsión de desenvolvemento urbanístico fraccionado en varios ámbitos (A 2-07 Cruceiro, A 2-08 Pertegueiras, A 2-34 Dunas, A 3-15 Tomás Paredes, S-14 Fontes Pertegueiras e S-22-R Millareira). Ademais, tanto no prego de prescricións técnicas como na ficha de xestión do sector contemplada no PXOM indícanse como obxectivos e criterios de ordenación os que se detallan a continuación:*

- *Consecución dun espazo urbano de calidade, que serva de referente paisaxístico.*
- *Ordenación, deseño e acondicionamento do axardinamento, con especial fincapé dos percorridos peonís e ciclistas.*
- *Procurar unha acaída solución ás necesidades de accesibilidade ( peonil e ciclista) na rotonda de intersección das avenidas Castelao e Europa, mailo 1º cinto de circunvalación.*
- *Integración na ordenación do Xardín Francisco de Sales.*
- *Definición de criterios de execución e determinacións normativas.*

*Ten, polo tanto, a natureza dun plan especial dos previstos no artigo 71.1 da LOUGA que dí: "Os planes especiais de infraestruturas e dotacións teñen por obxecto o establecemento e ordenación das infraestruturas básicas relativas ao sistema de comunicacións, transportes, espazos libres públicos, equipamento comunitario, e das instalacións destinadas aos servizos públicos e subministros de enerxía e abastecemento, evacuación e depuración de augas".*

*Ademais, cúmpre salientar que o PXOM, aprobado definitivamente de forma parcial, por Orde da Conselleira da CPTOPT da Xunta de Galicia do 16.05.2008 (DOG nº 106, do 03.06.2008) e por Orde do 13.07.2009 do Conselleiro da CMATI de aprobación definitiva do documento de cumprimento da Orde da CPTOPT do 16.05.2008, dende a súa entrada en vigor, trátase dun instrumento de carácter vinculante tanto para os administrados como para todas Administracións públicas.*

*Pola súa banda, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou na súa sesión de 16.10.2008 declarar o inicio da tramitación, entre outros, do expediente de planeamento e xestión de iniciativa municipal «EL/ZV/B-08 EIXO AVDA. CASTELAO - AVDA. EUROPA», encargando aos servizos técnicos e xurídicos da Oficina de Planeamento e Xestión a redacción dos pregos de condicións e os expedientes de contratación dos traballos de redacción do Plan Especial de Dotacións do ámbito. Este acto ten a natureza dun acto de trámite e non require a súa notificación individualizada aos propietarios do ámbito (artigos 86 e correlativos da LOUGA). É por elo, que nin a aprobación definitiva do PXOM (que prevé a redacción deste Plan Especial) nin o*

*acordo de incoación do presente instrumento de desenvolvemento son actos que requiran a notificación individualizada aos afectados.*

No relativo ao informe técnico municipal mencionado polos alegantes, sinálase que se trata dun *informe emitido durante o proceso de elaboración do Plan Especial de Dotacións, sendo así que durante esta fase introducíronse modificacións na documentación que se someteu a informe naquela data e que foi modificada antes da aprobación inicial.* O Plan Especial conta na actualidade co informe favorable do Ministerio de Fomento e do Xefe de Sala de Mobilidade e Seguridade.

Sobre o seu obxecto e natureza, debe salientarse que se trata dun instrumento dos previstos no *artigo 71 da LOUGA e así se recoñece no propio trámite onde se determinou a non necesidade de sometelo a avaliación ambiental estratéxica por resolución da CMATI. Con independencia da concreta denominación que se asigne ao Plan (“de Acondicionamento”), non cabe descoñecer que o determinante para coñecer a súa natureza é o seu obxecto e dende este punto de vista indubidadamente nos atopamos ante un Plan Especial de Dotacións. Non existe, polo tanto, modificación algunha das previsións do PXOM. O Plan respecta as determinacións e contidos da ficha do PXOM sen modificala nin alterar a calificación do solo (no é un instrumento apto para elo) (...) e realiza minuciosas consideracións nas que se argumentan tanto a motivación como a xustificación, desagregadas por temas: rede viaria e accesibilidade, dotacións e usos do solo, integración e paisaxe, zonas verdes, hidroloxía e flora. Así, o punto 2.5 da Memoria Xustificativa se refire integramente á integración paisaxística e o punto 2.6 ás solucións de accesibilidade nas rotondas e o capítulo 3 da normativa remítese a esas medidas de integración (“Determinacións mínimas para os proxectos de urbanización”).*

En relación co seu ámbito de aplicación e os conceptos “*ámbito de traballo*” e “*ámbito do Plan*”, cúmpre aclarar que como se explica na Memoria Xustificativa (pax.9) a superficie do nomeado *ámbito de traballo (21.685 m2)* é lixeiramente maior que o estrito ámbito de plan especial respectando sempre as clasificacións do PXOM o que significa que na súa ordenación o Plan Especial se limita ao ámbito estricto definido no PXOM, se ben, lxicamente, debe estudar o seu encontro con outros ámbitos colindantes e, de ahí, que defina un espazo de estudo (*ámbito de traballo*) que servirá para garantir a axeitada continuidade e solución de encontros e que non constitúe un espazo a ordenar polo Plan Especial senón a estudar. Así pois, conclúe o equipo redactor informando: *polo tanto, os 28.800 m2 que refire a alegación, resultan de superficiar e sumar uns elementos gráficos, situados en zonas de estudo e que conteñen só unhas indicacións de planeamento (continuidade das masas de arborado autóctono, pasos peonís en continuidade coas sendas, etc.) que se fan aos planeamentos contiguos, para dar coherencia ao conxunto. Non cabe confundir, por ende, ambos ámbitos nin incluír a superficie correspondente á zona de estudo ou “ámbito de traballo” dentro do perímetro directa e estrictamente ordenado no Plan Especial.*

A respecto dos terreos da Fundación Sales, o Plan Especial *integra os viveros no seu ámbito e á vez da indicacións ao planeamento contiguo para a súa posible ampliación e desenrolo (pax.7 da Memoria Xustificativa). Os xardíns son integrados na ordenación aos efectos da súa conservación e mellora das instalacións e respecto do bosque autóctono tratao como un elemento existente a manter, rexenerar e potenciar tratando de conserva a topografía actual, e engade “indicación para plans adxacentes: conservar no posible”.* Non se modifica polo tanto ningunha ordenación detallada

*existente.*

No relativo á afirmación de que se inclúen vias situados fora do ámbito, aclarar que o *Plan Especial define unha zona de traballo co obxecto de poder estudar os encontros (...) con outros espazos do entorno e por elo emprega a expresión “zona de traballo” (calificada como rede viaria) en referencia a zona comprendida entre o ámbito do Plan Especial e a actual zona de rodadura. Este estudo xurde da necesidade de atender a un dos obxectivos do planeamento: conciliar a zona verde coa rede viaria. En relación cos encontros peonís que se reflicten no ámbito de traballo, convén aclarar que non se trata de determinacións vencellantes ou de ordenación senón que funcionan como hipóteses de continuidade. Non se altera a rede viaria prevista manténdose a sección prevista no PXOM.*

Sobre a obtención do solo de sistemas xerais, os mecanismos están previstos na LOUGA e a eles se axustan as previsións do Plan Especial.

No relativo aos accesos, as cuestións apuntadas polos alegantes deben ser resoltas polos respectivos planeamentos de desenvolvemento. No caso concreto das parcelas citadas na observación “A” do punto 9 das alegacións respecto dos terreos sitos na Avd. de Europa nº. 38, 44 e 46, pódese comprobar na cartografía do PXOM que os accesos actuais a ditas parcelas non figuran como viario previsto. Será o Plan Parcial do sector S-33 Millareira, no que aquelas están incluídas, o instrumento no que se ordenen en detalle tanto as aliñacións viarias como as edificacións que se podan permitir en dita ordenación. Nas citadas con carácter xeral na observación “B” daquel punto 9, debe terse en conta que moitas das parcelas que dan fronte actualmente á Avd. de Europa carecen de acceso rodado directo a dita vía por condicións topográficas. Non obstante, para maior claridade, propónse introducir un punto na normativa coa seguinte redacción: *“Nos proxectos de urbanización de cada etapa se incluírá a solución provisional dos accesos ás parcelas e vivendas existentes que o teñan á Avenida de Europa, en tanto non se aproba a ordenación detallada dos ámbitos colindantes previstos polo PXOM”.*

En canto ás rotondas, dicir que éstas gráfanse segundo as previsións do PXOM, aspecto abordado no punto 2.5 da Memoria Xustificativa referido ás solucións de accesibilidade nas rotondas.

O Plan Especial estuda, para a súa resolución, a continuidade do seu ámbito estricto de actuación coas rotondas, por esixencias da ficha do PXOM. Non obstante, no documento aprobado inicialmente o equipo redactor advirte dous erros que corrixe na documentación sometida a definitiva aprobación: existe un erro material na representación gráfica do viario en fondo de saco previsto polo PXOM na Avd. de Europa, nº. 94, xa que se ben se debuxaban as aliñacións e parte do viario, sobre o mesmo tamén se situaban símbolos de árbores e unha senda; e no acceso ao ámbito «A-2-07 Cruceiro», debuxábanse as aliñacións previstas polo PXOM pero cun trazo discontinuo entendendo que sería o futuro PERI do ámbito o que se axustará definitivamente. Non obstante, para dar maior continuidade ao paseo representouse nos planos dándolle un tratamento continuo, o que resulta máis acaído, procedendo corrixir os planos de forma que non se grafie sobre os espazos de viario previsto ningún elemento de arborado para maior expresividade de que se trata dunha medida transitoria.

No caso dos accesos peonís, o Plan Especial *estudia a súa integración cos*

*planeamentos de espazos exteriores e contiguos ao ámbito, aos que suxire pasos peonís sobre a calzada rodada en continuidade coas sendas da zona verde e en xeral, estas indicacións sempre están encamiñadas a dar coherencia á inserción do Plan Especial no seu entorno.*

Sobre a alegada invasión de terreros do Ministerio de Fomento, debe apuntarse que no expediente obra informe favorable deste Ministerio e realizáronse as correccións oportunas para evitar calquera invasión do espazo funcional da VG-20 que transcorre a un nivel inferior que o ámbito do Plan Especial.

PROPOSTA: Estimar parcialmente as alegacións unicamente no relativo ao tratamento dos accesos das parcelas con fronte a Avd. de Europa e interiores, introducindo un artigo na normativa do Plan Especial que resolva esta cuestión e corrixis os erros advertidos na representación gráfica do viario ao seu paso da Adv. de Europa nº. 94 e no acceso ao «A-2-07 Cruceiro» e desestimálas en todo o demais, de conformidade co informado polo equipo redactor en xuño de 2013.

●Alegación presentada no Rexistro xeral da XMU o día 21.09.2012 por D. Alfonso Paz-Andrade Rodríguez afirmando actuar en nome e representación da “Fundación Sales” (doc. 120108944)

CONTIDO: O alegante manifesta: que existe un erro na atribución da titularidade do solo sendo actualmente a parcela que refire propiedade da Fundación Sales; que a integración dos terreos da dita Fundación Sales no ámbito do Plan Especial excede o sistema xeral e divide o espazo destinado a xardín; que o Plan Especial non engade nada novo, máis alá do recoñecemento do valor paisaxístico e botánico do xardín, a súa protección; que resulta innecesario aos fins expostos de mantemento e conservación a cesión do dominio de tal xardín ao Concello de Vigo con destino a sistema xeral; que non está xustificada a ampliación da Avd. de Europa; que o parque lineal non será beneficioso para os veciños de Vigo; que o carril-bici debe ser desviado para non atravesar o xardín da Fundación Sales cuxa integridade e visibilidade debe asegurarse. Finalmente, solicita que se acorde a exclusión dos terreos da Fundación Sales do ámbito do presente Plan Especial.

INFORME: Tómase coñecemento do apuntado acerca da titularidade do xardín, non obstante apúntase que, de acordo co artigo 86 da LOUGA, a notificación individualizada do acordo de aprobación inicial debe practicarse obrigatoriamente cos titulares catastrais. Sendo de digna mención o traballo que a dita Fundación Sales realiza para a conservación dos xardíns que refire, compre salientar, que sendo coincidentes ambos obxectivos -e por ende non incompatibles-, é o propio PXOM o que delimita o ámbito do Plan Especial e fixa os seus obxectivos de ordenación, polo que, dende este punto de vista, no cabe excluír del os terreos da Fundación Sales en tanto que foron incorporados ao ámbito do Plan Especial de modo expreso e inequívoco polo PXOM e, por elo, o Plan Especial límitase a dar cumprimento nese punto ao ordenando dende un instrumento de superior xerarquía, desenvolvéndoo, sen alterar, o ámbito delimitado.

No demais, informa tamén o equipo redactor que o *Plan Especial* *sí protexe plenamente a integridade da Fundación no seu ámbito tal e como se graffian en planos e se explicita en memoria e ordenanzas. Esta protección se complementa coas determinacións do PXOM para o S-22-R Millareira, quedando claramente preservada, deste modo, a unidade da Fundación sen risco algún de mutilación. Ademais, plantexa outra eficaz protección: a súa posible ampliación futura. Para elo se da unha indicación expresa ao planeamento contiguo de Millareira, no senso de que se contemple a*

*ampliación do xardín existente, habida conta da súa condición de elemento do patrimonio cultural incluído no catálogo de xardíns do PXOM que se integra na ordenación a efectos da conservación e mellora das instalacións existentes (pax.7 da Memoria). No que atinxe aos temas relativos á vixilancia e coidado, ou ben horarios de apertura e peche, no futuro Proxecto de Urbanización podería estudarse a posibilidade de definir algún elemento de cerramento (unha verxa, etc. como elemento habitual en moitos xardíns europeos con independencia da titularidade pública ou privada do espazo delimitado) que facilite a axeitada xestión do réxime de paso e uso dos xardíns. Ademais, sendo materia propia deste instrumento a ordenación do ámbito delimitado no PXOM, as determinacións do Plan Especial non impiden nin prexulgan o estudo posterior por parte da Administración de mecanismos de colaboración ou participación, dentro do marco legal de aplicación, que permita compatibilizar, de ser o caso, os intereses expostos. E precisamente, tratándose de obxectivos similares e compatibles, non se observa en qué punto, polo tanto, podería prexudicar o Plan Especial á conservación de tales xardíns cando está orientado precisamente a contribuír a súa revalorización.*

Respecto dos demais aspectos, o equipo redactor informa que o Plan Especial non amplía os carrís da Avd. de Europa, a valoración sobre se é necesario o parque lineal ou excesivamente periférico, se realizou no proceso de elaboración e aprobación do PXOM, o carril-bici discorre sen afectar ao actual ámbito da Fundación Sales senón que pasa por terreos que PXOM cualifica como viario. Sobre o cerramento solicitado, informa que na fase de elaboración do proxecto de urbanización podería estudarse algún sistema de cerramento e que *a inserción de recintos diferenciados, como o da Fundación, dentro dun gran sistema xeral verde é un recurso clásico nos grandes parques urbanos. Non oculta senón que potencia e enriquece. No concreto, neste caso, a visibilidade dende o vial non se oculta e que é evidente que Plan especial non destrúe unha área botánica e dificilmente podería facelo ao protexela na súa integridade (...) os proxectistas cínguense ao seu obxecto de traballo: o Plan Especial. Plan Especial que ten como obxectivo principal a ordenación do sistema xeral de espazos libres e zonas verdes previsto no PXOM, e en canto á execución do mesmo se limita a reproducir o que a lexislación urbanística expresa sobre a obtención do solo dos sistemas xerais.*

PROPOSTA: Estimar parcialmente a alegación no sentido de tomar coñecemento do alegado a respecto da titularidade dos xardíns e desestimala en todo o demais, de acordo co informado polo equipo redactor en xuño de 2013.

●Alegacións presentadas no Rexistro xeral da XMU o día 02.10.2014 por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Rosa Costas Goberna (doc. 120113234) e o día 05.10.2014 por D. Francisco Pérez Gulías, afirmando actuar en nome e representación de Fiesta Altántica, S.L. (doc. 120115038)

CONTIDO: os alegantes manifestan que debe terse en conta que o ámbito «A-2-34 Dunas» ten iniciado os traballos para o seu desenvolvemento urbanístico.

INFORME: De acordo co informado polo equipo redactor: *dentro dos posibles sistemas de aplicación para a obtención da zona verde de Avd. de Europa, o Plan Especial xa contempla, entre outras, a cesión como resultado do desenvolvemento das actuacións previstas no PXOM. Concordan por tanto e colaboran na mesma dirección o Plan Especial e o desenvolvemento de DUNAS A-2-34.*

PROPOSTA: Estimar a alegación no senso exposto no informe do equipo redactor de xuño de 2013

●Alegacións presentadas no Rexistro xeral da XMU o día 13.09.2012 por D. Telmo Comesaña Pampillón (doc. 120105398), o día 21.09.2012 por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Dolores

Comesaña Rouco (doc. 120108719) e por D<sup>a</sup>. Purificación Costas Rodríguez (doc. 120108798) e o día 04.10.2014 por D<sup>a</sup>. Alicia Garrido Pillado (doc. 120114591)

CONTIDO: os alegantes, tras manifestar diversas desconformidades coas actuacións previstas no Plan Especial, solicitan a demora na súa execución ata que teña lugar un maior desenvolvemento do PXOM.

INFORME: de acordo co informado polo equipo redactor en data xuño de 2013 :(...) *procede reseñar que o Plan Especial é un obxectivo prioritario do PXOM de Vigo, e así mesmo lembrar as previsións de desenvolvemento que para o primeiro cuadrienio, contempla o PXOM nesta zona. Non obstante, o proxecto de Plan Especial plantexa un plan de etapas flexible, que non implica de inmediato o inicio das actuacións, e unha estratexia que permitirá irse desenrolando por etapas e fases, segundo a dispoñibilidade de terreos e económica.*

En canto á proposta particular presentada por D<sup>a</sup> Purificación Costas Rodríguez debe respostarse tamén que será nesa fase de execución na que se deberán valorar, coa aportación documental correspondente, a titularidade dos terreos integrantes de cada etapa e a incidencia de anteriores proxectos expropiatorios no seu caso, sen prexuízo doutras comprobacións que procedan.

PROPOSTA: Desestimar as alegacións de acordo co informado polo equipo redactor en xuño de 2013.

●Alegacións presentadas no Rexistro xeral da XMU o día 03.09.2012 por D. José Manuel Lago Costas (doc. 120101466), o día 06.09.2012 por D. Secundino Rouco Blanco (doc. 120102836), o día 18.09.2012 por D. Cipriano Nogueiras Nogueiras (doc. 120107079) e o día 26.09.2012 por D. Cándido Costas Costas (doc. 120110705)

CONTIDO: os alegantes manifestan non ser titularidades de terreos no ámbito.

INFORME: de acordo co informado polo equipo redactor en xuño de 2013: (...) *se ben non é durante a elaboración deste instrumento de planeamento de desenrolo cando deban depurarse ao detalle as cuestións de titularidade, se procederá a aclarar e subsanar os erros que se detecten, correspondendo á fase de xestión deste Plan Especial a comprobación e acreditación de titularidades.*

PROPOSTA: Estimar as alegacións no exclusivo senso de tomar coñecemento do manifestado e depurar os erros existentes, de acordo co informado co equipo redactor en xuño de 2013.

●Alegacións presentadas no Rexistro xeral da XMU o día 03.09.2012 por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Teresa Román Pampillón (doc. 120101481), o 18.09.2012 por D<sup>a</sup>. Adelaida Davila Fernández (doc. 120107138) e o día 28.09.2012 (no Rexistro xeral da Subdelegación do Goberno o 26.09.2012) por D. Amador González Guitián no seu nome e dereito e afirmando representar a D<sup>a</sup>. Marina Flora, D<sup>a</sup>. Elia, D. Carlos e D<sup>a</sup>. Isabel González Guitián (doc.120111727)

CONTIDO: Os alegantes manifestan desconformidade coas superficies asignadas no Plan Especial ás parcelas da súa propiedade e solicitan a súa corrección.

INFORME: de acordo co informado polo equipo redactor en xuño de 2013, será nas fases de xestión nas que se comproben con detalle e se acredite a descrición e titularidade dos bens afectados.

PROPOSTA: Estimar parcialmente as alegacións no exclusivo senso de tomar coñecemento do manifestado e desestimalas en todo o demais de acordo co informado

polo equipo redactor en xuño de 2013.

●Alegacións presentadas electronicamente o día 13.09.2012 por D. Manuel Leiros Hervello (doc. 120105711) e no Rexistro xeral da XMU o día 20.09.2012 por D. Camilo Alonso Costas (doc. 120108213) e o día 26.09.2012 por D. José Armando Fernández Ledo e D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Rosa Canda Roma (doc.120110460).

CONTIDO: os alegantes manifiestan a súa dispoñibilidade de cara á transmisión dos seus terreos.

INFORME: de acordo co informado polo equipo redactor en xuño de 2013 resulta interesante considerar a dispoñibilidade da propiedade o que deberá abordarse durante a fase de xestión con respecto dos mecanismos de obtención previstos na LOUGA.

PROPOSTA: Estimar parcialmente as alegacións no exclusivo senso de tomar coñecemento da dispoñibilidade comunicada polos alegantes e desestimálas en todo o demais, de acordo con informado polo equipo redactor en xuño de 2013.

●Alegación presentada no Rexistro de xeral da XMU o día 20.09.2012 por D. Enrique Davila Fernández (doc. 120108158)

CONTIDO: o alegante manifesta que a actuación non está xustificada, que a súa parcela quedaría illada no caso de levarse a cabo as actuacións previstas Plan Especial e solicita que os redactores e directores dos proxectos consideren ambas marxes da Avenida de Europa na planificación.

INFORME: de acordo co informado polo equipo redactor en xuño de 2013, cumpre apuntar que *o plan especial desenrola e executa un mandato que lle ven dado polo PXOM, sendo este instrumento xeral o que ten valorado e motivado a necesidade da actuación, polo que o Plan Especial o que fai é definila co nivel de detalle esixible e o fai en cumprimento das previsións do PXOM. En tanto non se executen os planeamentos de desenvolvemento que afectan á outra parte da propiedade, corresponde ao proxecto de urbanización que desenrole este Plan Especial, detallar a solución puntual do acceso, en situación de transitoriedade.*

PROPOSTA: Desestimar a alegación de acordo co informado polo equipo redactor en xuño de 2013.

●Alegacións presentadas no Rexistro xeral da XMU o día 27.09.2012 por D<sup>a</sup>. Olga Serodio Esteiro (doc. 120111340), por D<sup>a</sup>. Josefa Araújo Comesaña (doc. 120111343), por D. Francisco Serodio Esteiro (doc. 12011346) e o día 02.10.2012 por D. Edelmiro Comesaña Fontán (doc. 120113096).

CONTIDO: Os alegantes manifiestan que a actuación neste momento non respecta o criterio de oportunidade; suxiren que se comece polo desenvolvemento do carril-bici e dos espazos adxacentes da zona norte e expresan que descoñecen se se manteñen os accesos das parcelas que refiren. Ademais, D<sup>a</sup>. Olga Serodio Esteiro solicita a modificación do trazado ao paso pola parcela 19 para evitar a expropiación e demolición de parte dunha vivenda e D. Francisco Serodio Esteiro afirma que non se contempla a taxación dun local de negocio e actividade comercial existente no ámbito e que *o plano de dotacións non ten en conta a posible recolocación do local de negocio que permita seguir coa actividade empresarial en termo espacial semellante e próximo.*

INFORME: de acordo co informado polo equipo redactor en xuño de 2013: *o Plan Especial desenrola e executa un mandato que lle ven dado polo PXOM, sendo este instrumento xeral o que ten valorado e motivado a necesidade da actuación, polo que*

*o Plan Especial o que fai é definir co nivel de detalle esixible aquela actuación e o fai en cumprimento das previsións do PXOM. É por elo que a motivación, oportunidade e utilidade pública desta actuación emanan do propio PXOM, limitándose este Plan Especial a desenrolar esas previsións (...) A implantación dun carril-bici, sobre terreos dispoñibles ou en cesión de uso sería unha actuación en paralelo á tramitación deste Plan Especial e que non obsta os obxectivos e determinacións que neste se conteñen. No que respecta ás unidades de actuación contiguas cada unha delas conta con previsións de xestión e programación independentes e en tanto non se executen os planeamentos de desenvolvemento que afectan á outra parte da propiedade, corresponde ao Proxecto de urbanización que desenrole este Plan Especial, detallar a solución puntual do acceso, en situación de transitoriedade. Ademais, a respecto do alegado acerca da taxación dun local de negocio e actividade comercial e a súa reubicación, puntualiza que a extinción, de ser o caso, da actividade comercial alegada e a súa posible recolocación ou reubicación non son cuestións que corresponda definir ao Plan Especial co nivel de detalle esixido polo alegante, sen que tampouco éste acredite a súa representación sobre a mercantil que afirma estar afectada. Se trata de cuestións que deberán resolverse e valorarse convenientemente nas posteriores fases de desenvolvemento deste Plan Especial e do planeamento contiguo.*

PROPOSTA : Desestimar as alegacións de acordo co informado polo equipo redactor en xuño de 2013.

#### IV. Cumprimento da tramitación procedimental.

De conformidade co disposto no artigo 86 da LOUGA, atendida a Resolución do 19.10.2009, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de non sometemento ao procedemento de avaliación ambiental, o Plan Especial inicialmente aprobado o día 06.07.2012 pola Xunta de Goberno Local, someteuse a información pública por prazo dun mes mediante anuncio no DOG nº. 154 do 13.08.2012 e en Faro de Vigo e La Voz de Galicia o 27.07.2012. Tamén practicáronse as notificacións individualizadas aos titulares catastrais, constando no expediente o informe do equipo redactor ás alegacións presentadas. Obran no expediente os informes sectoriais favorables de Patrimonio cultural e da Demarcación de estradas do Estado en Galicia.

Como consecuencia dos informes remitidos pola Demarcación de estradas do Estado en Galicia e polo Xefe de Sala de Mobilidade e Seguridade, na versión V3 do documento, presentada para a súa aprobación definitiva, corríxense os planos 19E-OR1, 22E-OR2, 31E-SE1, 32E-SE2, 33E-SE4 e 35E-SE5 e inclúese na normativa a obrigaón de incorporar un estudo de tráfico e a determinación das infraestruturas necesarias de regulación e sinalización da circulación de vehículos e peóns nos proxectos de urbanización e de obras que desenvolvan as distintas etapas. Así mesmo, na dita versión V3 do documento sometido a definitiva aprobación inclúense as modificacións derivadas da proposta de estimación de alegacións.

#### V. Publicidade e eficacia.

De acordo co artigo 92.2 da LOUGA, o acordo de aprobación definitiva do «PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS DO ZV/SX/B 8 "EIXO AVENIDA DE EUROPA - AVENIDA DE CASTELAO», publicarase no DOG e o documento que conteña a normativa e ordenanzas, no BOP de Pontevedra.

A aprobación definitiva será comunicada a CMATI, a que se lle dará traslado dunha



copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente con todos os planos e documentos que o integran e sobre os que recaira a aprobación definitiva, debidamente dilixenciados polo Secretario do Concello, facendo constar este extremo. No anuncio de publicación da aprobación definitiva farase mención desta remisión.

A eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do plan aprobado definitivamente quedan condicionadas ao cumprimento do disposto no artigo 92 da LOUGA e ao que dispoña ao efecto a lexislación reguladora da Administración actuante.

A aprobación deste instrumento de planeamento de desenvolvemento conlevará a utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens ou dereitos afectados, no seu caso, aos fins de expropiación ou imposición de servidumes.

VI. Órgano competente.

É competente para a adopción do presente acordo o Pleno do Concello (artigos 85.7 da LOUGA e 123.1.i) e 123.2 LRBRL), previa aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local segundo o artigo 127.1.c) da LRBRL e ditame do Consello da XMU (artigos 3º.1 e 10º.1.a) dos Estatutos da XMU, AD versión consolidada aprobada polo Pleno o día 06.09.2010 -BOP nº.193, do 06.10.2010) na súa consideración de comisión informativa do Pleno (artigos 122.4.a) LRBRL e 47 e ss. ROP).

Por todo o anteriormente exposto,..”

A seguir os funcionarios informantes formulan a proposta que se contén na parte dispositiva do presente acordo.

Con data 5 de setembro de 2014, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo ditamina favorablemente o anterior informe proposta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Estimar parcialmente as alegacións presentadas no Rexistro xeral da XMU o día 25.09.2012 por D. Agapito Camarero Fernández (doc.120109775), D. Cándido Costas Mallo (doc.120109776), D. Víctor Alberto Alonso Costas (doc.120109778), Dª. Urbanita Bastos Correa (doc.120109782), D. José Luis Álvarez Fernández (doc.120109787), no Rexistro xeral da XMU o día 26.09.2012 (presentadas no correo postal o 24.09.2012) por Dª. Mª. Purificación Comesaña Costas (doc.120110634), por D. Carlos Enrique González García (doc. 120110635), no Rexistro xeral da XMU o día 28.09.2012 por D. José Manuel Casas Garrido (doc. 120111509), por D. Francisco Javier Alonso Fernández (doc.120111921) e pola mercantil “GLOBAL FISH VIGO, S.L.” (doc.

120111925), de acordo co informe proposta *supra* transcrito e desestimálas en todo o demais.

SEGUNDO: Estimar parcialmente a alegación presentada no Rexistro xeral da XMU o día 21.09.2012 por D. Alfonso Paz-Andrade Rodríguez afirmando actuar en nome e representación da “Fundación Sales” (doc. 120108944) tomando coñecemento do manifestado a respecto da titularidade dos xardíns e desestimála en todo o demais, de acordo co informe proposta *supra* transcrito.

TERCEIRO: Estimar, no senso exposto no informe do equipo redactor de xuño de 2013, as alegacións presentadas no Rexistro xeral da XMU o día 02.10.2014 por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Rosa Costas Goberna (doc. 120113234) e o día 05.10.2014 por D. Francisco Pérez Gúlfas, afirmando actuar en nome e representación de “Fiesta Altántica, S.L.” (doc. 120115038) e estimar parcialmente as alegacións presentadas o día 03.09.2012 por D. José Manuel Lago Costas (doc. 120101466), o día 06.09.2012 por D. Secundino Rouco Blanco (doc. 120102836), o día 18.09.2012 por D. Cipriano Nogueiras Nogueiras (doc. 120107079), o día 26.09.2012 por D. Cándido Costas Costas (doc. 120110705), o día 03.09.2012 por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Teresa Román Pampillón (doc. 120101481), o 18.09.2012 por D<sup>a</sup>. Adelaida Davila Fernández (doc. 120107138), o día 28.09.2012 (no Rexistro xeral da Subdelegación do Goberno o 26.09.2012) por D. Amador González Guitián no seu nome e dereito e afirmando representar a D<sup>a</sup>. Marina Flora, D<sup>a</sup>. Elia, D. Carlos e D<sup>a</sup>. Isabel González Guitián (doc.120111727), o día 20.09.2012 por D. Camilo Alonso Costas (doc. 120108213), o día 26.09.2012 por D. José Armando Fernández Ledo e D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Rosa Canda Roma (doc.120110460) e presentada electronicamente o día 13.09.2012 por D. Manuel Leiros Hervello (doc. 120105711), todo elo de acordo co informe proposta *supra* transcrito, desestimándoas en todo o demais.

CUARTO: Desestimar as alegacións presentadas no Rexistro xeral da XMU o día 13.09.2012 por D. Telmo Comesaña Pampillón (doc. 120105398), o día 21.09.2012 por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Dolores Comesaña Rouco (doc. 120108719) e por D<sup>a</sup>. Purificación Costas Rodríguez (doc. 120108798) e o día 04.10.2014 por D<sup>a</sup>. Alicia Garrido Pillado (doc. 120114591), o día 20.09.2012 por D. Enrique Davila Fernández (doc. 120108158), o día 27.09.2012 por D<sup>a</sup>. Olga Serodio Esteiro (doc. 120111340), por D<sup>a</sup>. Josefa Araújo Comesaña (doc. 120111343), por D. Francisco Serodio Esteiro (doc. 12011346) e o día 02.10.2012 por D. Edelmiro Comesaña Fontán (doc. 120113096), de acordo co informe proposta *supra* transcrito.

QUINTO: Aprobar definitivamente o «PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS DO ZV/SX/B 8 "EIXO AVENIDA DE EUROPA - AVENIDA DE CASTELAO», redatado a iniciativa municipal pola mercantil “Fraga, Quijada, Portolés e Asociados, S.L.P” na súa versión V.3 Aprobación Definitiva, con data de xuño de 2014 (exp. 11482/411).

SEXTO: Dar traslado do presente acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas xunto con copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente con todos os planos e documentos que o integran sobre os que recae a presente aprobación definitiva, debidamente dilixenciados polo Secretario do Concello, facendo constar este extremo.

SÉPTIMO: Ordear a publicación do presente acordo no DOG, en cuxo anuncio farase mención á remisión á CMATI da documentación referida no apartado sexto do presente acordo e, así mesmo, publicar no BOP de Pontevedra o documento que conteña a

normativa e ordenanzas.

OCTAVO: Ordear a publicación do presente acordo xunto coa ordenación definitivamente aprobada, na páxina web do Concello de Vigo.

NOVENO: Notificar o presente acordo aos titulares castrais, así como aos alegantes aos efectos de dar cumprimento ao disposto no artigo 4, letra e) do TRLS, significándolles que os instrumentos de planeamento teñen natureza de disposición xeral polo que, contra este acordo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses dende a súa notificación ou publicación, se ésta é posterior, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

#### **4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.**

Non se realizaron.

*Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

#### **5.- MOCIÓNS:**

##### **5.1(168).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO AO MINISTERIO DE FOMENTO A REALIZAR LABORES DE LIMPEZA NOS TALUDES E ZONAS LIMÍTROFES AO TRAZADO FERROVIARIO DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 931/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de xullo de 2014, número 931/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Regades Fernández, formula a seguinte,

MOCIÓN:

"Ao longo do trazado ferroviario, ao seu paso polo termo municipal de Vigo, existen

zonas colindantes ás vías férreas nas que crece a maleza e se acumulan os desperdicios.

A suciedade e a maleza acumuladas non constitúen só un problema estético e de salubridade, senón tamén un evidente risco de incendio. Ao paso das locomotoras, e especialmente nas operacións de freado, se orixinan habitualmente chispas que poden derivar nun incendio se a zona próxima ás vías se atopa nun deficiente estado de mantemento.

A normativa existente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais sinala que os titulares ou concesionarias de infraestruturas públicas teñen a obriga de manter o terreo que rodea as mesmas en condicións que contribúan a previr e evitar os incendios forestais.

Polo anteriormente exposto, propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

#### ACORDO

- Instar ao Ministerio de Fomento a que realice labores de limpeza, roza e adecuación dos taludes e zonas limítrofes ao trazado ferroviario que discorre polo termo municipal de Vigo."

Con data 21 de xullo de 2014, a Comisión Informativa de Fomento ditaminou favorablemente dita proposta.

#### DEBATE.-

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Hoxe quixemos traer ao Pleno do Concello de Vigo, unha moción instando ao Ministerio de Fomento a que faga as labores de limpeza, roza e adecuación dos taludes limítrofes ao trazado ferroviario que descorre polo término municipal de Vigo. Sabendo que este problema ten tres connotacións, un problema de saúde, un problema de risco de incendio e un problema estético. O barrio de Teis, un barrio polo que transcorre a maioría desta liña, o outro día no mes de xullo, uns veciños chamáronme e dixéronme concelleiro, ben ata aquí e mira como está este trazado, dinnos que hai roedores de gran tamaño, dinnos que a maleza xa invade os carrís de circulación dos vehículos que nalgúns ocasións chega incluso a raiar estes vehículos porque o ancho que queda nestes viais é inferior aos tres metros. Ao longo do trazado ferroviario ao seu paso polo término municipal de Vigo existen zonas importantes deterioradas por estas liñas férreas,

tanto polas que circula o ferrocarril, que aínda se agrava co risco de que o paso das locomotoras poida producir unha faísca e poidan producir e provocar un incendio, como en zonas xa abandonadas polas que non transcorre o ferrocarril e no que podemos ver que nestes momentos toda esta vexetación, maleza invade xa non só a propia traza do ferrocarril, senón tamén os viais polos que circulan tanto automóviles como persoas do barrio de Teis, principalmente.

Por iso, instamos ao Ministerio de Fomento que realicen estas labores, pero co fin de que non pase como noutras ocasións, que tamén se aprobou neste Pleno desta Corporación, instar ao Ministerio de Fomento a gratuidade da AP-9, cando dicíamos neste mesmo Pleno que tiñamos a autoestrada a peaxe máis caro de tódalas autoestradas de España, e pediamos que esa traza que nestes momentos xa é unha zona urbana, que se fixera de forma gratuíta como se fai xa en Santiago de Compostela, como se fai xa en Pontevedra e como se fai xa en A Coruña, petición que nestes momentos aínda que se aprobou neste Pleno non foi contestada e, sobre todo, non foi executada polo Ministerio de Fomento.

Por iso, pedímoslle aos señores do Partido Popular que gobernan na Xunta de Galicia e que gobernan no Goberno de España, que exerzan a súa participación neste partido, a súa responsabilidade e sobre todo como vigueses para que esixan que todas estas medidas que Pleno tras Pleno lle imos pedindo ao Ministerio de Fomento que se cumpran, porque unha situación similar temos solicitado neste Concello para o barrio de Navia, que está a sufrir non só a maleza destes taludes senón tamén o ruído insoportable da traza da VG-20, que xa nesta ocasión lle dixemos ao Ministerio de Fomento que foi un proxecto mal executado e que houberan tido que poñer ou barreiras vexetais que suprimiran este ruído, ou que tiñan que haber posto barreiras artificiais que suprimiran este ruído, porque as veciñas/os de Navia no poden soportar este ruído fronte a tales como cambio de pavimento, convención dun pavimento tipo drenante ou absorbente do ruído e sobre todo a redución da velocidade porque isto facilitaría que non se propagase o ruído, ou pantallas acústicas tanto vexetais como naturais.

Tres solicitudes que levamos feito nos últimos tempos ao Ministerio de Fomento e que nestes momentos recibimos a calada por resposta. Eu dígolle este é un tema importante porque está prexudicando de forma seria a vida e o transcorrer dun barrio tan populoso como o noso, como o barrio de Teis. O outro día os veciños da

Robleda nos pedían por favor que mediásemos ante o Ministerio de Fomento e que mediásemos sobre todo para facilitarlle a vida de todos estes veciños e de todas estas veciñas.

Por iso, señores do Partido Popular súmense a nós e insten ao Ministerio de Fomento a que fagan as labores de limpeza, roza, adecuación dos taludes en zonas limítrofes ao trazado ferroviario que transcorre polo término municipal de Vigo.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Ten vostede razón Sr. Regades, cantas cousas se teñen dito neste Pleno e se teñen aprobado e o Ministerio de Fomento da a calada por resposta, exactamente igual que cantas mocións aprobadas por unanimidade neste Pleno nas que o Concello tamén segue dando a calada por resposta e segue sen cumprir aprobacións que se fan neste propio Pleno e por unanimidade.

Polo tanto está moi ben reclamar ao Ministerio de Fomento pero tamén habería que aplicarse o conto de cando en vez.

Imos ao que trae este moción, unha intervención moi breve porque a verdade o que propón a moción do Partido Socialista é totalmente lóxica e como non podía ser doutro xeito de obrigado cumprimento e, polo tanto, xa anuncio que dende o Bloque Nacionalista Galego imos loxicamente apoiala.

Estamos totalmente de acordo coa exposición de motivos na que se fai fincapé, Sr. Regades, moi ben feita ademais na obriga que teñen as administracións públicas de manter en plenas condicións os terreos dos que son titulares. Efectivamente, estou con vostede e estamos con vostede en que Fomento ten que limpar e arranxar esas malezas dos terreos colindantes porque hai un grave perigo non só de prevención de incendios senón tamén para a saúde pública, independentemente do estético que evidentemente non é o máis importante pero que tamén.

Eu quero aproveitar tamén aquí, aínda que repito imos apoiar esta moción sen ningunha dúbida, pero quero aproveitar a súas propias palabras para indicarlle que ademais das zonas colindantes ás liñas férreas tamén existen numerosas parcelas, numerosas vías urbanas, mesmo beirarrúas nos nosos barrios e nas nosas parroquias do Concello de Vigo que son competencia municipal, Sr. Regades e onde se pode observar como a maleza e a herbas moitas veces invaden incluso o paso dos propios peóns, e vemos visita tras visita aos barrios como isto non se soluciona, non existe unha planificación en canto á limpeza dos nosos barrios e

parroquias, e nós que tamén falamos cos veciños escoitamos a veciños de Cabral, de Lavadores, de Candeán, de Valladares, de San Andrés, de Castrelos que nós din e que se queixan da falla de limpeza nas cunetas nos nosos barrios e parroquias. Así que, xa que logo lle reclaman ao Ministerio de Fomento, reclamación xusta e que nós compartimos, que actúen naquilo que é a súa competencia nós tamén lle dicimos dende esta moción aplíquese vostede o conto e planifiquen tamén a limpeza nos nosos barrios e nas nosas parroquias.

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: En primeiro lugar gustaríame dicir que o Partido Popular está de acordo no que se redacta na moción pero non pode estar de acordo nos comentarios vertidos polo concelleiro de Fomento, non sabemos a que ven falar da gratuidade da AP-9, non sabemos a que ben falar sobre os veciños de Navia se esta moción única e exclusivamente fala dunhas parcelas, duns terreos, na zona de Teis. Precisamente este Goberno non é o máis idóneo para falar de conservación e de mantemento e como exemplo o que máis tarde vaille trasladar a nosa compañeira a Sra. Egerique nunha das súas mocións. Dicimos isto porque o Partido Popular deu 37 roldas de prensa, falando da mala conservación e do mal mantemento que os servizos que dirixe este Goberno Municipal lle prestan aos cidadáns de Vigo.

Nós entendemos señores do Goberno, que esta moción sobra en sesión plenaria, esta moción solvéntase cunha xestión directa vía telefónica ou mediante un escrito da propia concellería de Fomento ou do propio goberno ao Ministerio de Fomento. Entendemos que ou lle sobra o tempo, non teñen outra cousa a que adicarse pero dende logo, pedir que se limpen as marxes do acceso da rede ferroviaria á cidade de Vigo non é para debater en sesión plenaria. Si se poden debater outros temas de maior calado pero entendemos e reitero que isto hai que facelo noutras condicións.

Nós, dende logo, estamos totalmente de acordo en que os propietarios ven sexan particulares ou ben sexan institucións ou administracións públicas teñen que exercer os seus deberes e neste caso manter, coa obriga que lle corresponde, a limpeza, a hixiene e a salubridade nas súas propiedades. Por iso van contar co noso apoio nesta moción pero non era necesario traela a sesión plenaria e moito menos confundir o debate con outras solicitudes que se fan aos distintos ministerios do Goberno de España.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Señores do Partido Popular, os únicos que queren confundir neste Pleno aos cidadáns/ás de Vigo, son vostedes por suposto e ao saír deste Pleno entregareille a carta que xa lle enviamos hai meses ao Ministerio de Fomento, por suposto.

Cando nós queremos traer hoxe a este Pleno non só esta solicitude ao Ministerio de Fomento senón solicitudes anteriores ao Ministerio Fomento, no que non foron atendidas aínda que si aprobadas neste Pleno por unanimidade, o que si lles pido aos señores do Partido Popular é que quizais deberían deixar de facer demagogia e sentarse cos seus compañeiros do Partido Popular de Madrid e de Santiago de Compostela e esixirlles que atendan esta cidade, porque tanto nós como vos somos concelleiros/as para defender os intereses desta cidade.

Mal estado dos viais do Concello de Vigo, imposible, nestes momentos temos máis dunha cuadrilla por parroquia é dicir en tódalas parroquias de Vigo hai unha cuadrilla de limpeza actuando de forma continúa e permanente, e dígolle máis o pasado sábado o propio Alcalde de Vigo compartindo coas viguesas/es a chegada a Vigo do maior transatlántico do mundo, puido comprobar en persoa, xunto coa primeira tenente de Alcalde que a xente se lle achegaba a darlle as gracias polo ben que estaban as parroquias e o gran investimento que se fixo nas parroquias, nesta cidade e neste mandato.

Eu sei que iso lles molesta porque iso é unha realidade, é as verdades aos señores do Partido Popular moléstalles, viais en mal estado, a estrada de Lavadores, a rúa da Ponte, a carreteira Provincial tanto da Xunta de Galicia como a da Deputación de Pontevedra, a maleza non é só que invada as beirarrúas, e que tapa as beirarrúas eu neste Pleno tamén lle trouxen pero non pensei que era cuestión para esta moción, pero xa lles trouxera algunhas fotos que describían estes viais que dependen da Xunta de Galicia e da Deputación de Pontevedra, eu creo que nestas, aínda que por pouco tempo, segue gobernando o Partido Popular, entón eu lles pediría que estas reclamacións que nos fan aquí que as trasladasen aos seus compañeiros, ó Sr. Vicepresidente da Deputación de Pontevedra témolo aquí, estes viais que están en tal mal estado nas rúas de Vigo, nesta cidade, unha das cidades máis importantes non só de Galicia, non só de España senón de Europa como se esta vendo día tras día, lle pedimos que nos traten co que nos merecemos, non



pedimos máis que o que merecemos e que atendan estas rúas.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 17.07.2014 (Rex. Nº 931/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Regades Fernández, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**5.2(169).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO MINISTERIO DE FOMENTO A QUE AXILICE A XESTIÓN DE TRANSFERENCIA DA TITULARIDADE DA AVDA. DE MADRID, COA SÚA CORRESPONDENTE DOTACIÓN ECONÓMICA. EXPTE. 976/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de xullo de 2014, número 931/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Regades Fernández, formula a seguinte,

MOCIÓN:

“A Avenida de Madrid é a entrada á cidade de Vigo, unha gran cidade de España e de Europa, e que, sen ser da súa competencia, o Concello inviste centos de miles de euros en acondionala e axeitala, e aínda así sofre unha marcada deterioración e unha diminución do patrimonio da cidade xa que ao noso entender necesita un gran proxecto de reforma, e que sexa o Ministerio de Fomento que asuma o custo dos traballos porque é da súa competencia.

No mes de xullo deste ano este Ministerio púxose en contacto co Concello de Vigo a través dunha carta do secretario de Estado de Infraestruturas, Rafael Alcalá, para autorizar a cesión deste vial ao ente local pero sen ningunha dotación económica alegando que dadas as circunstancias económicas é algo que xa non se fai en ningún caso.

O alcalde de Vigo enviou unha nova carta á ministra de Fomento reclamando outra vez a cesión da Avenida de Madrid pero coa súa correspondente partida presupostaria. "Non aceptamos que en Vigo se faga unha excepción negativa cunha cesión sen a partida presupostaria que o Ministerio está obrigado a dotar", así manifestouno, recordando que unha das normas do Ministerio era dotar cada rúa que se transfira dunha achega económica en función dos metros cadrados desta.

En xullo de 2009 os integrantes da Xunta de Goberno Local, ratificaron o acordo xa adoptado na Xerencia de Urbanismo pola que se realiza a petición formal ao ministerio e se solicita a compensación de catro millóns para proceder á súa reforma e humanización, compromiso adquirido polo Ministro anterior, D. José Blanco.

A cantidade que se lle pedía ao Ministerio de José Blanco a xeito de compensación obtívose da aplicación dun baremo que Fomento ten fixado, a través do Boletín Oficial do Estado para este tipo de operacións de cambio de titularidade, segundo se trate dunha vía de dúas calzadas ou dunha soa. No caso da avenida de Madrid aplícase o prezo dunha única, ao estar ambos os dous sentidos separados só por unha mediana de cemento.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

#### ACORDO

-Instamos o Ministerio de Fomento a que axilice a xestión de transferencia da titularidade da Avda. de Madrid, coa súa correspondente dotación económica."

Con data 22 de setembro de 2014, a Comisión Informativa de Fomento ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A Avenida de Madrid é a entrada á cidade de Vigo, unha gran cidade como dicíamos antes en España e en Europa, e que nestes momentos competencia do mesmo Ministerio de Fomento vemos que non parece a entrada á cidade, unha das cidades máis importantes de España e a cidade máis importante de Galicia. Vemos como unha avenida en mal estado, pechada e acoutada polas vallas, vemos unha mediana de formigón e todo isto en fronte dunha zona urbana de competencias municipais chea de beirarrúas en perfecto estado, chea de medianeiras con flores, con árbores, con verdes, con bancos para poder estar e

compartir.

No mes de xullo, dende o Ministerio de Fomento púxose en contacto co Concello de Vigo a través dunha carta do Secretario do Estado de Infraestruturas, D. Rafael Alcalá para autorizar a cesión deste vial. Cremos que era un momento de satisfacción, de ledicia para a cidade, víamos como en números medios de comunicación celebraran esta noticia, porque Vigo se merece e Vigo necesita esta entrada da cidade. Pero cal foi a nosa sorpresa que o que nos dicían e o que nos cedían ao Concello de Vigo a entrada desta cidade pero que nola cedían sen ningunha achega, con cero euros de achega. A Alcalde de Vigo enviou unha nova carta ao Ministerio de Fomento reclamando outra vez a cesión da Avenida de Madrid pero coa correspondente partida orzamentaria, porque como dicía o Alcalde non podíamos aceptar que en Vigo se faga unha excepción negativa cunha cesión sen partida orzamentaria que o Ministerio de Fomento está obrigado a dotar. Vimos que o Partido Popular novamente en vez de apoiar á cidade de Vigo facía unha excepción e unha excepción negativa. Gustaríanos que o Ministerio de Fomento fixese excepcións coa cidade de Vigo, pero a poder ser excepcións en positivo porque eu creo e tódolos vigueses cremos, que o Ministerio de Fomento ten unha débeda histórica con esta cidade, ten unha débeda que ten que pagar e ten unha débeda que podía empezar a pagar coa dignificación, coa humanización deste gran vial.

En xullo do 2009 os integrantes da Xunta de Goberno Local ratificaron o acordo xa aprobado pola Xerencia de Urbanismo, para que se realizara a transformación por parte do Ministerio de Fomento e a compensación de catro millóns de euros para poder proceder a súa reforma e humanización, compromiso adquirido polo anterior Ministerio de Fomento o Sr. Blanco. Nestes momentos vimos que o cambio de Goberno en vez de servir para facilitar a labor de tódolos cidadáns, para facilitar a vida dos vigueses se converteu novamente nun agravio á cidade de Vigo, conto, ou dou por seguro, que conto co apoio do Bloque Nacionalista Galego, xa que o Bloque Nacionalista Galego tamén reclamou despois do Partido Socialista nas Cortes Xerais do Estado, a súa congresista a Sra. Olaia Fernández presentou unha iniciativa na Cámara instando ao Ministerio de Fomento a traspasar a titularidade da Avenida de Madrid ao Concello de Vigo, e que previamente fixesen as melloras necesarias a este vial.

Vimos que unha pregunta da nosa responsable en Madrid a Sra. Silva, e que vimos tamén unha pregunta da responsable do Bloque Nacionalista Galego, a Sra. Olaia Fernández, tamén nesta mesma dirección. A Avenida de Madrid ven sendo reclamada e falada nesta administración e por este goberno dende o ano 2008, cremos que chegou o momento de que o Concello de Vigo humanice esta Avenida de Madrid, pero que a humanice con fondos de quen é o titular, do Ministerio de Fomento e, senón dámoslles a alternativa de que nós lle dicimos como ten que ser a humanización dese vial ou facer unha mesa para acordar a humanización deste vial e que a fagan eles como fixo a Xunta de Galicia coa Avenida de Florida e coa Avenida de Castrelos que a fixeron eles, a Xunta de Galicia presidida por un socialista, o Sr. Pérez Touriño, e entregáronlla ao Concello de Vigo humanizadas, calquera das dúas fórmulas nos é válida, nos pode servir, o que non nos serve é que a Avenida de Madrid, a maior entrada a cidade de Vigo siga na situación e no estado que está.

SR. ALONSO PÉREZ: Decía o Sr. Regades que Vigo é unha gran cidade de España e de Europa, esqueceuse de dicir que tamén é unha gran cidade do mundo. Efectivamente o traspaso da titularidade da Avenida de Madrid é unha reivindicación histórica da cidade, dende que o Goberno do Estado dita orde do 23 de xullo de 2001, que regula a entrega aos concellos dos tramos urbanos da rede estatal de estradas e ademais establece unhas cláusulas que Fomento transferirá fondos á administración nunha contía que se determinará polo número de quilómetros que teña e tamén se ten un ou dous viais. O propio Fomento regula que ademais de entregar as vías urbanas da cidade se fará con fondos para compensar a necesidade de urbanización, dende que se ditou esta orde dende o ano 2001, o Bloque Nacionalista Galego ven tomando iniciativas, xa dende o Goberno de D. Lois Pérez Castrillo, se solicita que se traspase a titularidade a Vigo, logo tómanse iniciativas no Parlamento do Estado, a través da nosa deputada a dona Olaia Fernández, o Bloque Nacionalista Galego súmase no 2009 á Xunta de Goberno Local para solicitálo de novo, a propia voceira municipal a Sra. Veloso, ten iniciativas no Pleno cando nos responde o Ministerio dicindo que necesitan a acta de petición do ano 2009, ou sexa, como se ve o Bloque Nacionalista Galego dende que existe a orde no ano 2001, non parou de tomar iniciativas, de feito, en

decembro do ano 2013, a Sra. Olaia Fernández Davila no Parlamento do Estado insta ao Ministerio de Fomento e pregunta se xa acordou o traspaso ao Concello de Vigo da titularidade desta avenida.

Di ademais que esta avenida hai que traspasala cos fondos porque é na actualidade unha vía urbana, en Abril deste mesmo ano o Ministerio contesta que está á espera da recepción da petición da acta de titularidade do Concello e de novo o Bloque Nacionalista Galego solicita que se cumpra esa condición, que se faga a petición para que o Ministerio non teña ningunha desculpa.

Como vemos aquí hai por un lado, unha incapacidade do Alcalde en resolver o problema e por outro unha posición do Ministerio de castigar á cidade de Vigo, porque os concelleiros/as do Partido Popular adícense aquí a defender ao Ministerio en vez de apoiar reivindicacións desta cidade, entón non recibe ningunha petición dos concelleiros que debían solicitalo, entón con esta posición así seguimos.

É claro que a Avenida de Madrid hoxe xa é unha vía urbana, ademais insegura, cun trazado realmente horrible, que parece que pasas por unhas fronteiras, e é necesario para convertela nunha vía urbana permeable na cidade, tomar unha serie de medidas, é preciso que a Avenida de Madrid se comunique coa zona industrial, coa cidade, que se comunique coa estación de autobuses, é necesario aproveitar para facer o túnel da Praza de España, todas estas medidas son urxentes para que a Avenida de Madrid, aparte de resolver o problema da seguridade, de estética se resolva o problema da mobilidade dunha vía que penetra na cidade e hoxe xa é unha vía urbana.

O Bloque Nacionalista Galego como fixemos dende o ano 2001, ímonos sumar á petición ao Ministerio para que devolva a titularidade da Avenida de Madrid cos fondos necesarios para facer as reformas que esta avenida precisa.

SRA. EGERIQUE CENDÓN: A verdade é que que o Partido Socialista presente este moción ten que ter unha cara case de “cemento armado” como se di na expresión, porque eu teño escoitado da ministra a dona Magdalena Álvarez e do ministro o D. José Blanco o compromiso total e absoluto de modificar esa Avenida, da cesión, do Alcalde Abel Caballero, e agora vostedes como xa nin a dona Magdalena Álvarez nin o don José Blanco están no goberno, agora veñen aquí a solicitar como unha novidade a cesión coa correspondente dotación económica da Avenida de Madrid.

O histórico xa o fixo o Sr. Alonso, xa o escoitamos aquí, eu quero facer aquí un destripe do que vostedes presentan na exposición de motivos, primeiro que o Concello inviste cento de miles de euros en acondicionala e axeitala, iso é unha mentira tamén porque o que está mal agora na Avenida de Madrid son os carrís de servizo que é competencia municipal.

Nós solicitamos xa en varias ocasións que iso se arranxara porque a verdade é que onde a zona máis urbana e empregada polos cidadáns vigueses, normalmente onde é máis perigoso, tamén como dicía o Sr. Alonso, son os carrís de servizo, iso é competencia municipal e iso debería estar arranxado a pesares de tódalas peticións e de tódalas cartas que vostedes escriben, o Sr. Rafael Alcalá que por certo que é catalán, agora vai ser ministro de Xustiza cando daquela era secretario de estado. A actual Ministra de Fomento, que vostede no pode dicir que ten a esta cidade abandonada porque está comprometida con Galicia ao 100%, comprometida con Vigo, ten que defender en Madrid moitas veces, incluso ataques doutras comunidades autónomas porque está destinando unha cantidade elevada de orzamentos para arranxar moitas estradas e competencias que aluden a Vigo e a Galicia en xeral, temos a estación do AVE, Rande, etc. e ela coñece perfectamente a Avenida de Madrid, sabe perfectamente cal é o problema da Avenida de Madrid e aquí vostedes tamén din que no ano 2009, tamén relatou vostede que tiña un compromiso de catro millóns de 2009 a decembro de 2011, seguiu sendo Ministro o Sr. Blanco, eu non vin e non tivemos aquí noticias de que el fixera ningún alarde da cesión ou facer algún arranxo. Se é verdade que a Avenida de Madrid non é presentable como entrada, é unha reclamación histórica, xa o escoitamos aquí, é necesario arranxala, pero non crean vostedes que despois de que os seus propios ministros non dotaran o orzamento, e a cesión o vai a facer agora con ollos pechados a Ministra de Fomento sabendo que aquí tamén dotacións millonarias do Plan E algunhas tiveron repercusión pero outras non, co cal esa cesión cunha cantidade que vostedes determinan e cunha humanización que vostedes tamén sen saber exactamente cal é o proxecto xeral, isto hai que sentarse. Si é verdade que o Ministerio de Fomento podería facer un arranxo e despois tamén dar a cesión municipal para o mantemento e despois para que se ocupe da Avenida de Madrid, de tódalas formas nós observando tal e como está o mantemento e o coidado dos carrís de servizo non nós da moita garantía de que vostedes vaian a manter

despois a Avenida de Madrid no caso de que o Ministro de Fomento se comprometa a arranxala.

Nós sabemos que é unha reivindicación, pero non cremos que sexa nin de recibo nin sexa ademais case ético que vostedes despois de ter dous ministros que nesta cidade dixeron que si, que urxía que era inminente o arranxo e a cesión da Avenida de Madrid, que vaian agora a solicitalo directamente ao Ministerio de Fomento. Nós estamos de acordo en que hai un problema, en que esa avenida co volume de tráfico que soporta necesita arranxos, pero primeiro vostedes tamén póñanse un pouco as pilas no tema dos carrís de servizos e atendan porque a verdade non só no caso das fochas senón na perigosidade, na sinalización e en todo o que é os arredores da Avenida de Madrid necesitan un arranxo urxente.

Nós neste caso imos absternos porque cremos que a petición que é “axilice a xestión de transferencia”, “axilice” iso xa é para rir, axilice a cesión cando é unha cousa que levan ministros seus, insisto, comprometidos dende o ano 2008-2009. “Axilice a xestión e transferencia da titularidade da Avenida de Madrid coa súa correspondente dotación económica”, nós non estamos de acordo na proposta que fan vostedes, co cal imos absternos porque cremos que necesita arranxos a Avenida de Madrid por suposto, pero cremos que o Concello tamén ten aí bastante competencia e hai que facer as cousas con seriedade e non deixar caer os millóns de Fomento como fixeron co Plan E, que así quedaron despois as arcas xerais do Estado.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Comparto con Bloque Nacionalista Galego que é unha demanda histórica que o Partido Socialista leva reclamando dende antigo, non só iso senón que houbo incluso unha proposición non de lei no Congreso, nas Cortes Xerais reclamando este vial.

A transferencia do vial está regulado, claro que está regulado cunha transferencia suficiente e cuns recursos suficientes para poder deixar a Avenida de Madrid de forma digna, segura e que sexa a entrada principal de Vigo que necesita e que se me merece.

Vemos como o Partido Popular volve a traizoar a cidade de Vigo, dicindo que se vai a abster nesta votación, sobre todo despois de recoñecer que a Avenida de Madrid necesita e se merece un arranxo.

Señores do Partido Popular eu creo que esta non é a dirección, a dirección é que todos xuntos defendamos Vigo, pero vostedes antepoñen no Partido Popular á cidade de Vigo, fálannos de que pasaron ministros polo Ministerio de Fomento do Partido Socialista, ministros que se habían comprometido a facer esta humanización de entregar a Avenida de Madrid completamente arranxada, como xa fixeron coa Estación do AVE, como xa fixeron coa estación provisional que nestes momentos podemos gozar no Areal, como xa fixeron co novo Aeroporto. A Ministra de Fomento do Partido Popular o único que fixo é rematar os proxectos do Goberno Socialista, nin un só novo proxecto para a cidade de Vigo, sentarse a falar co ministerio si, levamos case sete anos mandándolle cartas, acordar co Ministerio de Fomento si, rirse da cidade de Vigo señores do Partido Popular, rirse da cidade de Vigo, das viguesas/es, este goberno dilles que non, séntese a traballar pola cidade.

Os señores do Bloque Nacionalista Galego falaban se isto fora mal xestionado, nós dicímoslles aos señores do Bloque Nacionalista Galego que mal xestionado seguramente cando eles gobernaban, vimos que o seu Alcalde pediullo e non o conseguiu e vimos e vivimos nesta cidade a mala xestión do Bloque Nacionalista Galego en distintos proxectos, como foi o estado no que nos deixaron a xestión do proxecto da subvención de Mirambel ou do Centro Fotográfico, que houbo que facer un esforzo moi importante dende este Concello para salvar esas dúas inversións.

VOTACIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e once abstencións dos membros do grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, adóptase o seguinte,

ACORDO:



Aprobar a Moción presentada, en data 18.09.2014 (Rex. Nº 976/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**5.3(170).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A BUSCAR UNHA FÓRMULA PARA QUE OS DEPENDENTES RECIBAN ASISTENCIA NO CENTRO MÁIS PRETO E HABITUAL. EXPTE. 977/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de setembro de 2014, número 977/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sr. Abelairas Rodríguez, formula a seguinte,

**MOCIÓN:**

“A alarma suscítase ante a posible entrada masiva das entidades privadas en substitución do sector público e das entidades de iniciativa social neste tipo de contratos coa Administración autonómica

A Consellería de Traballo e Benestar vén publicando ao longo do ano distintas resolucións pola que se anuncian contratacións para a reserva de prazas en distintos servizos de atención ás persoas, tanto sexan de atención residencial, como de atención diurna, ocupacional, etc.

Algúns dos contratos son prorrogables ata 20 anos e por montos económicos no entorno dos 20 millóns de euros.

As decisións que adopte a Administración autonómica no outorgamento destes servizos teñen un impacto importante no emprego público, nas entidades do terceiro sector e no tecido económico de Galicia, pero sobre todo, en quen máis impacta é nas familias das persoas que precisan estes servizos, fundamentalmente ante a posibilidade de desprazamentos fóra do seu entorno si as entidades adxudicatarias teñen as súas instalacións noutros concellos.

Ante estas resolucións e adxudicacións, o Grupo Municipal Socialista interpela á Xunta de Galicia nos seguintes termos:

1. Que criterios emprega o Goberno de Galicia para a adxudicación destas prazas?
2. Prioriza o servizo público, as entidades sen ánimo de lucro ou as entidades que teñan contratadas persoas con algún grado de discapacidade ou plans que fomenten a igualdade?

En Vigo está ubicada a ONG San Francisco, que naceu hai 47 anos por iniciativa dun grupo de pais e son os familiares os que compoñen a xunta directiva, revestindo a forma xurídica de Asociación, declarada de Utilidade Pública, Vigués Distinguido e Entidade Prestadora Servizos Sociais ás persoas con minusvalidez intelectual de Galicia.

Un total de 73 discapacitados psíquicos do centro San Francisco de Coia, serán trasladados a partir de outubro a Mos porque esta ONG perdeu o concerto coa Xunta, que supón uns 760.000 euros ao ano de axuda pública que irán á nova empresa que lles atenderá. Na actualidade, nos seus distintos centros e servizos, son atendidas ao redor de 200 persoas con minusvalidez intelectual por un equipo que se achega ao centenar de profesionais. Estamos ante persoas de ambos os dous sexos e que teñen distintas posibilidades e limitacións que reciben un tratamento para alcanzar unha mellor calidade de vida persoal e na medida do posible, tamén unha relativa autonomía laboral.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

#### ACORDO:

- Instar á Xunta de Galicia a que busque unha fórmula para que os dependentes reciban asistencia no seu contorno, no centro máis cercano e habitual.”

Con data 22 de setembro de 2014, a Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes ditaminou favorablemente dita proposta.

#### DEBATE.-

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Esta moción preséntase no Concello e en termos parecidos no Parlamento de Galicia, ante a alarma que se suscita pola posible entrada masiva das entidades privadas en substitución do sector público e das entidades de iniciativa social neste tipo de contratos da administración autonómica.

A Consellería de Traballo e Benestar ven publicando ao longo do ano distintas resolucións pola que se anuncian contratacións para a reserva de prazas en

distintos servizos de atención ás persoas, tanto sexan de atención residencial como de atención diúrna, ocupacional, etc. algúns dos contratos son prorrogables ata vinte anos, e en conceptos económicos no entorno dos vinte millóns de euros. As decisións que adopta a administración autonómica no outorgamento destes servizos, teñen un impacto importante no emprego público, nas entidades do terceiro sector e no tecido económico de Galicia pero sobre todo en quen máis impacta é nas familias das persoas que precisan estes servizos, fundamentalmente ante a posibilidade de desprazamentos fora do seu entorno se as entidades adxudicatarias teñen as súas instalacións noutros concellos.

Ante estas resolucións e adxudicacións os grupo municipal Socialista interpelou á Xunta de Galicia, volvemos a preguntarnos cales son os criterios que emprega o Goberno de Galicia para a adxudicación destas prazas.

Priorízase o servizo público ás entidades sen ánimo de lucro ou as entidades que teñen contratadas persoas con algún grao de discapacidades ou plans que fomenten a igualdade.

En Vigo está situada a ONG San Francisco, que naceu hai 47 anos por iniciativa dun grupo de pais e son os familiares os que compoñen a Xunta Directiva revestindo de forma xurídica a Asociación, declarada de utilidade pública “Vigués distinguido” e entidade prestadora de servizos sociais ás persoas con minusvalía intelectual de Galicia. Un total de 73 discapacitados psíquicos do Centro de San Francisco de Coia, serán trasladados a partires de outubro ou sexa mañá, a Mos porque esta ONG perdeu o concerto coa Xunta de Galicia que supón un 160.000 euros ao ano de axuda pública que iran á nova empresa, que lles atenderá.

Na actualidade nos seus distintos centros e servizos son atendidas ao redor de 200 persoas con minusvalía intelectual por un equipo que se achega ao centenar de profesionais. Estamos ante persoas de ámbolos sexos que teñen distintas posibilidades e limitacións, que reciben un tratamento para alcanzar unha mellor calidade de vida persoal e na medida do posible tamén unha relativa autonomía laboral.

Persoas que están perfectamente integradas no seu entorno, persoas que pasean e que se moven polas beirarrúas, persoas que de ser trasladadas a Mos, como vai ser a partires do mes de outubro, van ter moitas dificultades para poder valerse por si mesmas. Saben vostedes das dificultades destas persoas que teñen

discapacidades para adaptarse e que calquera tipo de modificación vai en prexuízo da súa autonomía persoal.

Polo tanto, propoñemos o seguinte acordo, instar á Xunta de Galicia a que busque unha fórmula para que os dependentes reciban a asistencia no seu contorno, no centro máis próximo ao habitual.

SRA. VELOSO RÍOS: Dende o Bloque Nacionalista Galego apoiamos esta moción porque entendemos que o que se está reclamando é unha cuestión de xustiza na atención ás persoas con discapacidade no noso país. Ademais queremos tamén propoñer, engadir un segundo punto que diga: “instar á Xunta de Galicia a que manteña os servizos aos usuarios do centro ocupacional San Francisco nas mesmas condicións que ata agora”, porque este é un problema xeneralizado por como entende o Partido Popular a atención ás persoas dependentes e con discapacidade no noso país, ou máis ben como entende a non atención ás persoas dependentes e con discapacidade. Ademais que na nosa cidade se materializa nun caso concreto que ten agora sumidos nunha profunda preocupación a moitas familias usuarios do centro ocupacional San Francisco.

Un centro que leva prestando moitos anos un servizo fundamental para que moitas persoas poidan desenvolver a súa vida dunha maneira autónoma, na que poidan desenvolver as súas capacidades, atendendo as súas necesidades de maneira personalizada por parte de persoal que os coñece dende hai trinta anos no seu contorno e que agora vense expulsados, cunha maleta na man para ter que desprazarse a un centro novo, diferente do seu contorno e ademais coa incerteza de que isto non se volva producir nun futuro próximo, porque é certo que este tipo de medidas que está tomando o Goberno ademais provocan unha incerteza terrible sobre o futuro das persoas con discapacidade que teñen que acudir a este tipo de servizos.

Ben sabemos que os argumentos do Partido Popular son moi claros a este respecto, están cumprindo a lei, é unha cuestión de legalidade. Eu preguntaría-me que clase de lei é a que se establece dende un goberno que provoca inxustizas e prexuízos terribles para a vida de moitas persoas. Eu preguntaría-me entón, se o que non teñen que revisar é a lei e a súa forma de aplicala, porque evidentemente quitan a concurso un servizo pero contemplan no prego de condicións unha serie de

elementos que evidentemente dirixen a concesión deste tipo de servizos a un tipo de empresas determinadas e neste caso ademais é moi claro porque a pesares de que a Sra. Mato en sede parlamentaria respondendo a unha pregunta da deputada do Bloque Nacionalista Galego a Sra. Carme Adán dixo explicitamente que as persoas con discapacidade psíquicas non ían acabar en xeriátricos, o certo é que si, e é que si porque os pregos de condicións se elaboran a medida para que sexa así, porque vostedes terán que explicar que clase de legalidade é a que contempla que un centro ocupacional para persoas con discapacidade como o que está agora mesmo en San Francisco, en Coia se puntúe que se ofrezca podoloxía, ou peiteado, eses son servizos propios de servizos xeriátricos onde si puntúan, pero neste caso o que se fixo foi un prego de condicións a medida para que acabase en mans dunha empresa privada, e non se contempla por exemplo ningún tipo de beneficio para entidades sen ánimo de lucro, e constituídas por pais e nais que levan moitos anos preocupados por ter un servizo que atenda aos seus fillos/as, non se ten en conta por exemplo, que esta entidade non ten que pagar IVE mentres que unha entidade privada si, co cal ata é posible que este servizo sexa máis caro, e acabemos pagando máis cartos por prestar un servizo peor e nun lugar que non corresponde. Ademais das cuestións legais é que realmente aquí hai unha cuestión de sensibilidade mínima cara a vida das persoas, e vostedes insisten en que as familias no queren dialogar, non se trata de diálogo, aquí a administración ten que atender ás necesidades das persoas as que ten que prestar os servizos e non o está facendo.

Eu o que pediría sería que o goberno escoitase ás familias porque é a súa obriga, escoitar ás familias e darse conta dos tremendo prexuízos que vai supoñer para cada unha das persoas que leva trinta anos acudindo ao centro ocupacional San Francisco cos mesmos profesionais e que simplemente o feito de ter que coller un autobús para ir a un lugar diferente, vai provocarlles serios prexuízos, deberían vostedes saber de que persoas estamos falando, que necesitan e cales son as obrigas da administración, e non escusarse en legalidades e en que as familias non queren dialogar. Dialoguen vostedes señores do Partido Popular.

SRA. CENDÓN ALONSO: Penso que non procede neste Pleno facer unha defensa da entidade San Francisco porque todos os que somos de Vigo coñecemos

perfectamente esta entidade, que leva máis de corenta anos prestando servizos aos discapacitados. Aproveito esta ocasión para facer un recoñecemento ao seu fundador o franciscano, Sr. Carlos Ortiz porque considero que foi un adiantado nesta cidade, agora que estamos tan preocupados cos termos, persoas con discapacidade, discapacitados, persoas con capacidades especiais, estamos sempre buscando unha alternativa de denominación para estes usuarios, el hai corenta anos chamáballe a estes usuarios como queremos chamarlle agora, chamáballe “chicos especiais” e lembro perfectamente que isto era así porque o Padre Carlos Ortiz fíxome a primeira comunión, era o capelán do meu colexio.

Eu tamén dende a miña infancia defendín a esta entidade non en vano, tiña un mercado dende os oito anos ata que me fun á universidade mantiña un mercado en favor de San Francisco e vendía no meu centro escolar bocadillos e bolos no recreo. Por iso eu teño que facer unha defensa desta entidade, unha entidade a que o Partido Popular apoiou especialmente, pero unha defensa dende a legalidade, dicía a Sra. Veloso aquí que lei cumprimos, a legalidade que nós estamos a cumprir é a legalidade dunha lei de servizos sociais aprobada por vostedes, polo Sr. Quintana que di expresamente o que hai que facer nestes casos, cal é a nosa legalidade? A Lei de Contratos, tamén dese momento, do Goberno Bipartito, ou sexa nós estamos cumprindo a legalidade que vostedes marcaron, e vostedes dicían que os servizos públicos tiñan que saír a concurso aberto e isto precisamente foi o que sucedeu, convocouse un concurso aberto no mes de agosto, por certo un concurso aberto onde os pregos e as condicións foron negociadas coas entidades, Sra. Veloso e que non houbo ningún problema con este concurso ata que se adxudicou, unha vez adxudicado este concurso porque concorren dúas empresas, dúas entidades privadas, unha de iniciativa social e outra empresa privada, e unha vez gañado este concurso porque as prestacións técnicas, os pregos tiñan máis puntos que a outra empresa e cando pedimos que se desconvoque este concurso, isto non se pode facer porque isto é unha clara prevaricación, non se pode un concurso legalmente licitado no que concorren empresas que cumpren con tódolos criterios, empresas que achegan beneficios polos que se lle da maior puntuación, non se pode dicir agora como non o gañou o que eu quería desmonto este concurso. Isto lémbreme un pouco ao das bolsas de inglés, como a empresa que a nós non nos gustaba non tiña a puntuación suficiente, pois valoración subxectiva, a que non me

gusta cero puntos e a que me gusta máis 25 puntos, a ver si así o gaña, foron aos tribunais e pasou o que pasou que todos coñecemos, que houbo que suspendelo. Si se suspende este concurso ocorrería o mesmo, a empresa licitadora iría aos tribunais e isto gáñao coa gorra, porque é un concurso legal, entón o que temos que buscar é unha alternativa de apoio á entidade de San Francisco que sexa transparente e que cumpra cos criterios de legalidade, niso é no que nos temos que esforzar, evidentemente tódalas condicións que falan na moción de primar o contrato á discapacidade esta recollido en caso de empate, pero a propia Lei di que non se pode potenciar o monopolio primando a unhas entidades sobre outras. Entón está contemplado todo iso conforme á lei, cando di próximo ao seu domicilio, nós claro que o aceptamos porque é o que establece precisamente a Lei.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Eu non son médico Sra. Cendón, son mestra vostede que é médica seguramente me pode dicir en que parte do corpo está a sensibilidade, debería buscalo porque vostede non a ten. Demostrouno coa anterior intervención, comparando unha enfermidade como a que ten a Sra. Beatriz Figueroa con outras que non sei a que viña aquilo. Non respondendo ao que ela estaba propoñendo, busque na anatomía nese mapa a ver se a atopa, porque acaba de dicir vostede unha barbaridade tan grande, negociamos ás cláusulas, cónteme de que vai iso, póñase a negociar ás cláusulas coas empresas, como fan, chaman por teléfono a tódalas empresas, dille que se senten, que cada unha faga unha achega, como fan iso. Como se negocian as cláusulas? Iso foi o que dixo vostede, negociamos ás cláusulas, eu repito iso, busque a sensibilidade que non a atopa.

Eu creo que vostedes están intentando vender unha moto que non teñen, está falando vostede de simplemente caridade, tiña un mercado, recadaba cartos, leváballos ao Sr. Pablo Ortiz, eu coñezoo dende hai 36 anos, compartíamos alumnos, por aquilo de que eu estaba pelexando tamén pola integración, e pelexando polos dereitos de todas/os. Non estamos estamos defendendo o Centro San Francisco, estamos defendendo ás persoas que están atendidas no centro San Francisco, ás persoas. No centro San Francisco ou no entorno onde están vivindo, pero sabe vostede o que supón para unha persoa cunha discapacidade intelectual ou física subir a un autobús e votarse unha hora no autobús para chegar a un

centro no medio do monte que de vez en cando unha excursión lles vai ben, e desprazalos dende a súa casa, pero si cando facemos os campamentos de verán desprazalos simplemente ata Samil xa para eles é un encordio, se é que non teñen vostedes corazón, non teñen sentimentos. Revise a anatomía e búsquena, atópense porque nalgún sitio ten que estar, non veñan con excusas de mal pagador.

Estamos defendendo ás familias, que sexan atendidas no seu entorno. Mire non levamos tantos anos esixindo e conseguindo que as persoas con discapacidades sexa a que sexa, sexan atendidas exactamente na igualdade de condicións caos que dicimos nós ou pensamos nós que son normais, que teño moitas dúbidas onde está esa normalidade.

Sra. Veloso, aceptamos a súa emenda.

No transcurso do debate, a voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Ríos, presenta a seguinte emenda de engádeda

Engadir o seguinte punto:

2.- Instar á Xunta de Galicia a que se manteña o servizo aos usuarios do Centro Ocupacional San Francisco nas mesmas condicións que até agora.

*Ao seren aceptada a anterior emenda pola relatora da moción, Sra. Abelairas Rodríguez, a Presidencia somete a votación a anterior emenda.*

VOTACIÓN DA EMENDA: Con catorce votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e once votos en contra dos membros do grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, acórdase engadir a emenda.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do grupo municipal



Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e once abstencións dos membros do grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 18.09.2014 (Rex. Nº 977/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Abelairas Rodríguez, coa emenda de engádeda presentada pola voceira do grupo municipal do BNG, co seguinte texto:

- 1- Instar á Xunta de Galicia a que busque unha fórmula para que os dependentes reciban asistencia no seu contorno, no centro máis cercano e habitual.”
- 2.- Instar á Xunta de Galicia a que se manteña o servizo aos usuarios do Centro Ocupacional San Francisco nas mesmas condicións que até agora.

## **6.- ASUNTOS OU MOCIÓNS URXENTES.**

### **6.1(171).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA QUE SE FAGAN PÚBLICOS OS TERMOS DO NOVO CONCERTO CON POVISA E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 984/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de setembro de 2014, número 984/1101, a voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, formula a seguinte,

MOCIÓN:

A área sanitaria de Vigo está a padecer un claro déficit de infraestruturas sanitarias como demostran as intolerables listas de espera cirúrxicas e para consultas e probas diagnósticas que estamos a padecer.

Nesta situación o novo hospital de Vigo continua a súa construción, con anos de retraso, consolidando o modelo privatizador polo que apostou a Consellería de Sanidade.

Este modelo suporá perda de postos de traballo na sanidade pública e precarización do persoal que realizará as actividades privatizadas.

O novo hospital será máis pequeno e non estará dotado dos recursos necesarios para atender ao 100% da cidadanía.

Ademais se anuncian máis recortes e privatizacións como a que supón sacar do novo hospital o laboratorio central e situalo no hospital do Meixoeiro, o que facilita a súa privatización.

Neste contexto anúnciase a posta en marcha do novo concerto con POVISA, que na súa negociación condicionou o deseño do conxunto da área sanitaria, segregando recursos da sanidade pública para financiar o concerto que suporá 75 millóns de euros anuais, pagando 540 € por tarxeta sanitaria.

O novo concerto terá carácter voluntario para as e os pacientes, polo que o SERGAS publicou a Instrución 7/2014 sobre a regulación do prazo e do procedemento mediante o cal os “beneficiarios da Seguridade Social” asignados á área de POVISA poidan elixir provisor de Atención Sanitaria Especializada, é dicir, a cidadanía que ten de referencia para atención especializada POVISA pode elixir ter de referencia ao CHUVI.

Na citada Instrución só se recolle o prazo do 30 de novembro para solicitar a adscrición aos hospitais de referencia no CHUVI, pero non se garante unha información personalizada a cada usuaria e usuario actual de POVISA, informando da carteira de servizos de POVISA segundo se recolla no novo concerto e das alternativas no CHUVI. Tampouco se informa das condicións nas se realizará o cambio para as e os pacientes que están con tratamentos en marcha ou en listas de espera para consultas, exploracións complementarias ou para intervencións cirúrxicas.

Por todo o exposto, propoñemos ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo a adopción dos seguintes

#### ACORDOS:

Instar á Xunta de Galiza a:

1. Que faga públicos os termos do novo concerto con POVISA, xa que é inadmisíbel que un concerto da administración pública cunha empresa privada, que custará 75 millóns de euros, permaneza agochado.

2. Que defina as actuacións que ten previstas para garantir que POVISA atende as e os pacientes que teña asignados con ratios de profesionais equiparables á media dos hospitais públicos do Servizo Galego de Saúde.
3. Que faga públicas as actuacións que ten previsto por en marcha para reducir as intolerables listas de espera que actualmente ten POVISA e situalas na media das dos hospitais públicos do Servizo Galego de Saúde.
4. Que informe as usuarias e usuarios actualmente asignados a POVISA da carteira de servizos recollida no novo concerto e das alternativas no CHUVI, e de en que condicións se realizará o cambio para as e os pacientes que están con tratamentos en marcha ou en listas de espera para consultas, exploracións complementarias ou para intervencións cirúrxicas.
5. Que se paralice, en tanto non se informe debidamente aos usuarios/as asignados/as a POVISA, o actual proceso posto en marcha coa Instrución 7/2014 sobre a regulación do prazo e do procedemento mediante o cal os “beneficiarios da Seguridade Social” asignados á área de POVISA poidan elixir provisor de Atención Sanitaria Especializada.

DEBATE.-

PRESIDENCIA: Hai unha moción urxente do Bloque Nacionalista Galego que propoñemos que pasemos directamente ao debate, despois votaríase a urxencia e o propio texto.

SRA. VELOSO RÍOS: Presentamos esta moción urxente relativa ao concerto do hospital privado POVISA, porque entendemos que agora mesmo é necesario clarear esta situación de maneira urxente porque se abriu o prazo para que os pacientes/as que están en POVISA teñan a oportunidade de elixir o provisor de atención sanitaria especializada, é dicir, aquelas persoas que teñen como centro de referencia para a atención especializada POVISA, teñen agora aberto un prazo a partir da publicación da instrución 7/2014 para elixir ter de referencia o CHUVI no canto de ter de referencia POVISA.

Este prazo remata en novembro, o prazo non é realmente moi longo para a importancia e a relevancia dunha decisión como esta, pero ademais a nós o que nos preocupa especialmente desta situación é a absoluta desinformación por parte dos pacientes dado que o SERGAS e a Xunta de Galicia non están dando a información básica sobre cal é a situación agora mesmo do hospital POVISA.

Porque o certo é que se asinou un concerto co hospital POVISA, púxose en marcha

o novo concerto, que na súa negociación condicionou o deseño do conxunto da área sanitaria, temos que ter moi claro que nestes momentos está refacéndose a área sanitaria, reformulándose a atención sanitaria na nosa área precisamente coa construción dese novo hospital de Vigo, ese hospital privatizado que dende logo será máis pequeno do que estaba previsto, non estará dotado dos recursos necesarios para atender ao 100% da cidadanía e non é a primeira vez que falamos desta cuestión neste Pleno, porque non hai moito debatemos precisamente sobre a falla de laboratorio central neste hospital.

Neste contexto asínase un novo concerto entre o SERGAS e POVISA, no que adican 75 millóns de euros anuais dos recursos públicos pero non sabemos para que. A pesares de ter reclamado de maneira repetida no Parlamento Galego a información sobre o contido do concerto con POVISA, a día de hoxe o Goberno da Xunta de Galicia négase a dar información sobre o que contén ese concerto que contempla os 75 millóns de euros anuais, pagando 540 euros por tarxeta sanitaria pero pouco máis sabemos que iso. No momento no que se publica esta instrución sobre a regulación do prazo e do procedemento mediante o cal os beneficiarios da Seguridade Social asignados á Área de POVISA poidan elixir ser atendidos no CHUVI, non se garante en absoluto unha información personalizada a cada usuaria/o de POVISA actualmente, informando da carteira de servizos de POVISA e das alternativas no CHUVI. Tampouco se informa das condicións nas que se produciría este cambio, no caso por exemplo de persoas con tratamentos en marcha ou que estean en lista de agarda para consultas, exploracións complementarias ou mesmo para intervencións cirúrxicas, de tal maneira que as persoas terían que decidirse quedar en POVISA ou se elixen ser atendidas no CHUVI sen saber cal sería a situación por exemplo, no caso de que estivesen nunha lista de espera, esa é a realidade.

Nesta situación a capacidade de elección das persoas queda moi limitada, non hai liberdade de elección se non hai información. Por iso nós reclamamos con esta moción que instemos á Xunta de Galicia a que faga públicos os termos do novo concerto con POVISA xa que é inadmisíbel que un concerto da administración pública cunha empresa privada que custará 75 millóns de euros permaneza agochado, que defina as actuacións que ten previstas para garantir que POVISA atenda aos pacientes que ten asinados con ratios de profesionais equiparables ao

SERGAS, que faga públicas ás actuacións para reducir as listas de agarda en POVISA, que informe de maneira personalizada os usuarios/as actualmente asinados a POVISA para que poidan tomar unha decisión con coñecemento de causa e que en tanto non se informe debidamente se paralice o actual proceso posto en marcha coa instrución 7/2014.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: En nome do grupo do Partido Socialista neste Pleno e por razóns de coherencia política, por criterios de noso compromiso coa transparencia, coa eficiencia e co control social dos recursos públicos, e en defensa do sistema sanitario público imos votar a favor da proposta formulada polo Bloque Nacionalista Galego nesta moción.

SRA. CENDÓN ALONSO: Dende principios deste mes temos un novo concerto hospital POVISA, un concerto moi demandado por todos que sempre estábamos a dicir neste Pleno que se estaba atrasando e agora que o temos veñen este problemas. Hai unha cousa que non entendo é a primeira vez que un concerto con POVISA permítelle á poboación protexida a libre elección do hospital, a primeira vez na historia deste concerto e a primeira vez na historia da comunidade autónoma, e parece que agora non nos gusta que os usuarios teñan a liberdade de elixir. E a primeira vez que un concerto de POVISA relaciona o importe cos usuarios atendidos, quero dicir con isto que todos os usuarios que decidan non ser atendidos en POVISA porque prefiren ser atendidos noutro hospital por estes usuarios non se lle vai aboar nada a POVISA, retírase ese importe, algo que non se facía anteriormente e parece que isto tampouco gusta.

O concerto ten a mesma difusión que tiña anteriormente, este é o concerto, penso que moitas das cláusulas que aquí aparecen que son cláusulas administrativas e de control de POVISA non lle interesan aos usuarios evidentemente, os usuarios para facer a súa elección evidentemente poden acudir aos servizos de atención ao paciente que xa está establecido un servizo de información. Aos usuarios o que lle interesa é a carteira de servizos e a carteira de servizos que van a ter os usuarios asignados a POVISA é a mesma que teñen o resto dos usuarios, a que está no sistema nacional de saúde e a que está no servizo de saúde desta comunidade autónoma, váiselle prestar o mesmo e ben perfectamente recollido no concerto o

que se presta en POVISA e o que se presta noutro hospital, pero penso que hai cousas deste concerto de control estrito de calidade que non lle interesa aos usuarios para tomar a súa decisión. Vostedes pensan que aos usuarios interésalle por exemplo a porcentaxe de pacientes hospitalizados con valoración de dor quinta constante na gráfica de constantes aplicativos do Gacela, ou impórtalle a porcentaxe de notificacións realizadas en SINAP por profesionais sanitarios? Impórtalle isto aos usuarios? Isto impórtalle aos profesionais que fan o control do cumprimento do concerto. Entón os usuarios reciben a información que precisan para facer a elección.

Fala de criterios de calidade a Sra. Veloso, é que é a primeira vez que un concerto de POVISA establece criterios de calidade, e establece penalizacións se non se cumpren eses criterios de calidade marcados pola administración sanitaria, insisto a primeira vez e con penalizacións, entón que me fale aquí de criterios de calidade neste momento non o podo entender.

Por outra banda, fala de ratios e de ratios de persoal, as ratio de persoal non as marcan nunca un concerto, as ratios quen as marca é o Decreto de acreditación dese centro, as ratios son diferentes, o Decreto de acreditación marca un mínimo e sobre ese mínimo actúa cada centro porque as ratios nesta cidade non son idénticas para o hospital do Meixoeiro nin para o Xeral nin para o Nicolás Peña, son diferentes o que hai que cumprir é o mínimo e sobre ese mínimo se desenvolve. O hospital de POVISA tivo o ano pasado e o anterior auditorías que foron favorables as ratio, está acreditado por inspectores e técnicos que a ratio se cumpre perfectamente do contrario non se podería concertar con POVISA.

O máis importante non se vai a suspender a posibilidade de que os usuarios elixan porque esta é a garantía de que o usuario vai percibir a asistencia especializada que quere e que desexa, en POVISA ou no CHUVI, e non se vai a suspender, non entendo porque lle queren cortar esta liberdade aos usuarios, e vaise facer ademais con carácter anual, cada ano os usuarios van poder elixir e van recibir a asistencia ese ano no centro que eles desexen, penso que isto é o auténtico cumprimento da Lei de garantías e isto é a maior vantaxe que lle da o novo concerto aos usuarios da Área Metropolitana de Vigo.

SRA. VELOSO RÍOS: A Sra. Cendón esqueceuse de falar dun problema que ten moi

preocupado a Xunta de Galicia dende hai tempo que é a lista de agarda de POVISA, sabe vostede que a lista de agarda supera con moito a lista de agarda de calquera hospital público deste país, con moito, e que é un problema moi serio e que depende fundamentalmente dos cartos que se lle dean dende a Xunta de Galicia a este hospital privado, e esa lista de agarda evidentemente tamén lle preocupa moito aos pacientes, porque vostede di que non lle preocupan as cláusulas administrativas non dende logo que non, seguramente o que lle preocupa a xente será máis ben ter que agardar un ano para unha intervención ou dous anos para unha intervención e quererán buscar unha solución, quererán saber se poderán ter máis posibilidades de recibir o tratamento ou someterse á intervención que precisan nun hospital público, no CHUVI por exemplo.

Supoñamos que tódolos pacientes do POVISA deciden marchar ao CHUVI que pasaría con eses 75 millóns de euros do concerto? Para que serían eses 75 millóns de euros? Supoñamos que os pacientes reciben a información e se poden cambiar de servizo de referencia coa información e coas condicións que teñen que ter nun servizo sanitario público e de calidade e marchan de POVISA, parece que vostedes o que pretenden é garantir que POVISA siga tendo os pacientes que lles proporcionen eses 75 millóns de euros dean a atención que dean, porque a realidade é que nos vivimos nun área sanitaria absolutamente condicionada pola existencia dun concerto cun hospital privado que presta un servizo sanitario evidentemente moito peor que o resto, porque cando estamos falando de listas de agarda que triplican as listas de agarda do resto dos hospitais do país e que é moito peor, e que vostedes están mantendo, inxectando cartos públicos e sen informar nin aos grupos parlamentarios nin a cidadanía sobre todo, en que se están metendo eses cartos? Ó mesmo tempo nesta área sanitaria condicionada por ese concerto cun hospital privado constrúen vostedes outro hospital privatizado moito menor do que estaba previsto que non vai dar o servizo que precisa esta área sanitaria e anuncian que pechan o Xeral e o Xeral Cíes, esa é política sanitaria que están vostedes aplicando, a privatización, é así de claro.

Nós o que solicitamos é que se dea información personalizada a cada paciente de POVISA para que poida tomar unha decisión libre, porque eu lémbrolle vostede está falando da liberdade de elección, non hai liberdade de elección posible senón hai información, e vostedes están ocultándoa premeditadamente para darlle beneficio

a unha empresa privada.

VOTACIÓN DA URXENCIA: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, acórdase incorporar a moción á orde do día.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e once votos en contra dos membros do grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.09.2014 (Rex. Nº 984/1101), pola voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

### **PARTE DE CONTROL**

**1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.**

**1.1(172).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-



Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 29 de agosto e 24 de setembro de 2014.

**1.2(173).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.**

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 29 de agosto e 24 de setembro de 2014.

**1.3(174).- DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA 19.09.2014, APROBANDO A PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE D. SANTOS HECTOR RODRÍGUEZ DÍAZ, COMO REPRESENTANTE DO CONCELLO NA FUNDACIÓN MARCO. EXPTE. 1399/110 (REXISTRO PLENO 981/1101).**

ANTECEDENTES.- Con data 19 de setembro de 2014, a Xunta de Goberno Local aproba a proposta da Alcaldía, de data 15.09.2014, co seguinte texto:

“O Pleno do Concello de Vigo na sesión de data 8.07.2011 nomeou á concelleira D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez e a outros dos concelleiros dos grupos políticos municipais do Partido Popular (P.P.) e BNG, membros do Padroado da “Fundación Museo de Arte Contemporáneo de Vigo” (MARCO).

En data 30.06.2014 o Pleno do Concello de Vigo tomou coñecemento do escrito de D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez renunciando ao cargo de concelleira do Concello de Vigo.

O artigo 127.1.m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (letra m introducida polo número trinta e dous do artigo primeiro da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local) advirte que corresponde á Xunta de Goberno Local, “Designar os representantes municipais nos órganos de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, sexa cal sexa a súa natureza, nos que o Concello sexa partícipe”.

En virtude do exposto se propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Nomear, en substitución de D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez, ao concelleiro D. SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ representante do Concello de Vigo na “Fundación Museo de Arte Contemporáneo de Vigo”.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo ao interesado e a Fundación MARCO.

TERCEIRO: Dar conta individualizada ao Pleno do Concello do acordo que, no seu caso, adopte a Xunta de Goberno Local.”

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.*

**1.4(175).- DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA 17.09.14, APROBANDO A PROPOSTA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA ÁREA DE URBANISMO, CASCOS HISTÓRICOS, GRANDES PROXECTOS E PATRIMONIO. EXPTE. 982/1101.**

ANTECEDENTES.- Con data 19 de setembro de 2014, a Xunta de Goberno Local aproba a proposta da Alcaldía, de data 15.09.2014, co seguinte texto:

“A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de data 16/09/14, da Alcaldía-Presidencia de avogación e posterior delegación de competencias da área de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos e Patrimonio:

“Con motivo da ausencia da membro do Goberno e primeira tenente de alcalde, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego, dende o día 17 ata o 21 de setembro de 2014, ambos inclusive, e coa finalidade de garantir o normal funcionamento das áreas de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos e Patrimonio, nela delegadas por acordo da Xunta de Goberno Local, sesión do 30 de xullo de 2014, esta Alcaldía-Presidencia emite a seguinte

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO:**

Primeiro.- Avogar as competencias delegadas das áreas de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos e Patrimonio na concelleira D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego

que se conteñen no acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de xullo de 2014 dende o día 17 ao 21 de setembro, ambos incluídos, recuperando novamente a súa vixencia a devandita delegación ao día seguinte do período indicado.

Segundo.- Delegar no concelleiro D. CARLOS LÓPEZ FONT as competencias da Xunta de Goberno Local referidas as áreas de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos e Patrimonio, en todos os termos que se conteñen no acordo da Xunta de Goberno Local, sesión 30 de xullo de 2014, dende o día 17 ata o 21 de setembro de 2014, ambos incluídos.

Terceiro.- Notificar o acordado aos concelleiros e demais persoal interesado e dar conta mediante a intranet municipal.

Cuarto.- O acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986 e darase conta del ao Pleno da Corporación para os efectos de información."

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.*

**2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.**

**3.- COMPARECENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.**

**4.- MOCIÓNS.**

**4.1(176).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO AO GOBERNO LOCAL A NON RECORRER A SENTENZA DO 4.09.14 DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO, REFERENTE Á RETIRADA DA CRUZ SITUADA NO MONTE DO CASTRO. EXPTE. 972/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de setembro de 2014, número 972/1101, a voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, formula a seguinte,

## MOCIÓN:

En sentenza ditada o 4 de setembro de 2014, o xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo falla que estima o recurso contencioso-administrativo interposto pola "Asociación Viguesa pola memoria histórica do 36" contra a Resolución da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de 1 de marzo de 2013 pola que non se accede á petición formulada pola asociación demandante, e acorda anular o acto recorrido e condenar o Concello de Vigo a que proceda de forma inmediata a adoptar as medidas oportunas para a retirada do elemento arquitectónico denominado "Cruz dos Caídos" sito no Monte do Castro en Vigo.

Esta sentenza do xuíz Antonio Martínez Quintanar recoñece xudicialmente unha reivindicación social na nosa cidade, como no resto do estado español, de desagravio e reparación das inxustizas cometidas durante a Guerra Civil e a ditadura franquista que se plasmou, ademais, na Lei 52/2007, de 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceu persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura, a coñecida como lei da memoria histórica. O xuíz recolle nunha sentenza moi contundente todos os argumentos nos que se basea o fallo de maneira moi detallada. O primeiro que recoñece é o dereito da asociación recorrente a solicitar a retirada da cruz, algo que o goberno local, na súa defensa, pretendía negar tal e como fixo ao negarlles desde o primeiro momento a interlocución. Aclara tamén a significación simbólica da Cruz dos Caídos que non foi modificada en absoluto nin sequera logo do acordo plenario de 1981, pois non se adoptou ningunha medida para facelo. Deixa moi claro que é unha cruz sen significación relixiosa e cun claro significado propagandístico da sublevación militar golpista, promovida pola Falanxe e inaugurada polo propio dictador Francisco Franco, e sinala a ausencia de proba dun valor simbólico de reemprazo.

Aplicando a lei da memoria histórica e con todos estes argumentos o fallo non pode ser outro que o de retirar a Cruz dos Caídos do monte do Castro, tal e como xa reclamara o BNG nunha moción presentada no pleno deste concello en setembro de 2013 que non foi aprobada porque o PP votou en contra e o PSOE se abstivo. Esta situación non pode continuar e o goberno desta cidade ten que acatar a sentenza xudicial que a obriga a retirar a cruz do monte do Castro e facer, por fin, xustiza.

Por todo o exposto, propoñemos ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo a adopción dos seguinte

## ACORDO:

I- Instar ao goberno local a non recorrer a sentenza de 4 de setembro de 2014 do xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 e que proceda de forma inmediata a adoptar as medidas oportunas para a retirada do elemento arquitectónico denominado "Cruz dos Caídos" sito no Monte do Castro en Vigo.

Con data 22 de setembro de 2014, a Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

SRA. VELOSO RÍOS: O Bloque Nacionalista Galego trae de novo, a reclamación histórica porque é unha reclamación social de eliminar a Cruz do Castro, a Cruz dos Caidos do Monte do Castro. Volvemos traela porque hai xa unha sentenza ademais que obriga ao Concello de Vigo a eliminar a Cruz dos Caidos do Monte do Castro, unha sentenza que foi ditada o 4 de setembro moi contundente, cunha serie de argumentos que xa foron expostos en múltiples ocasións tanto pola Asociación, pola Memoria Histórica da cidade de Vigo como polo propio Bloque Nacionalista Galego neste Concello, no Pleno no que presentamos a moción solicitando que se eliminase a Cruz dos Caidos do Monte do Castro, e que non fai máis que recoller a obriga que supón contar cunha lei a coñecida como Lei da Memoria histórica de 2007, por certo elaborada e aprobada polo Goberno do Partido Socialista, que obriga a eliminar os símbolos franquistas, e neste caso a Cruz dos Caidos evidentemente é un símbolo franquista.

Realmente nesta cidade xa non podemos entender como chegamos a esta situación porque a semana pasada no Parlamento Galego o Bloque Nacionalista Galego solicitou a creación dunha comisión integrada por representantes do Goberno Galego, concellos e asociacións pola memoria histórica para a retirada dos símbolos franquistas, e foi rexeitada polo Partido Popular, algo que xa non sorprende a ninguén, pero o que si resulta moi sorprendente é que un alcalde do Partido Socialista insista en dicir que é iso o que temos aí en fronte, que se tivéssemos as persianas abertas estaríamos vendo como o vemos tantas veces, é unha Cruz, que é simplemente unha Cruz, latina para darlle máis datos.

Sabemos xa que o Sr. Alcalde sabe o que é unha Cruz, pero parece que non sabe o que é un símbolo, é unha representación perceptible dunha idea con trazos asociados por unha convención socialmente aceptada, ademais é moi eficaz para producir unha resposta rápida. Temos moitos exemplos de símbolos, isto é unha cruz, non latina, é grega, vermella, é un símbolo evidentemente; isto é unha media lúa, simplemente, pero é unha lúa vermella, é un símbolo evidentemente; isto

poderíamos dicir que é unha estrela, unha estrela de seis puntas, pero é un símbolo, creo que a resposta rápida está clara, é evidente, e non só no caso de imaxes tamén mesmo hai sons que resultan que son símbolos e que producen esa resposta rápida.

Seguro que todo o mundo recoñece esta música, díganos que non é unha sucesión de notas, non é unha “cancioncilla”.

*A concelleira do Bloque Nacionalista Galego pon o son de noticias do NODO relacionadas coa Cruz do Monte do Castro inaugurada D. Francisco Franco.*

Así se crea un símbolo, e esa non é unha Cruz, é un símbolo franquista que se creou así, vostede acordouse de eliminar a placa de inauguración da estación marítima, pero parece que non pasou dos dez primeiros segundos do NODO e non se acordou de eliminar tamén a Cruz dos Caidos do Castro, que non é simplemente unha Cruz latina de formigón, é un símbolo franquista que está no medio do Monte do Castro, elimíneno dunha vez, se non é por iso, elimíneno por fea como fixeron co Castelo.

PRESIDENCIA: Sra. Veloso para que esa música nunca soara nun círculo democrático como é neste Pleno, e eu estiven na cárcere, para que esa música nunca soara aquí, eu estiven dous anos no exilio, para que esa música nunca soara aquí eu tiven que cruzar a fronteira seca por Portugal para ir a un xuízo do Tribunal de Orden Público, para que esa música nunca soara aquí, algúns tivemos que estar fora de España exiliados, algúns pelexamos pola democracia e pola liberdade, outros falan moito e pelexaron pouco.

SR. LÓPEZ FONT: Estamos reproducindo o debate de hai un ano, e estamos reproducindo o debate de hai un ano con elementos novos como os que introduce a Sra. Veloso, pero os Socialistas reiteramos o que dixemos naquel momento, a nosa preocupación e sensibilidade pola memoria histórica como acaba de dicir o Alcalde agora, polo recoñecemento que supón pero tamén polo longo recorrido de actuacións que alcaldes socialistas ao principio da instauración dos concellos pero tamén este Alcalde, Abel Caballero, fixeron polo cumprimento da memoria histórica, os argumentos son os mesmos, que cambiou Sra. Veloso de setembro do ano pasado aquí? O lexítimo dereito a propoñer nos tribunais unha interpretación

dunha lei, pero ese lexítimo dereito cando entramos en vía xurídica tamén débese admitir o lexítimo dereito a recorrer e a chegar ao final dun procedemento xudicial, e vostedes sábeno perfectamente porque gobernaron catro anos con nós e así o fixeron.

Argumentaba vostede o ano pasado sobre reescribir a historia, pois nada mais afastado da realidade porque a representación política deste Concello no ano 1981 tirou por terra tódolos argumentos que acaba vostede de esgrimir, tiraba por terra totalmente todo o que vostede acaba de dicir, porque esa cruz só é unha cruz, Sra. Veloso, e decidiuno a representación democrática deste Pleno, si Sra. Veloso, pasou a ser unha cruz de todos, unha cruz fora de toda connotación política e fascista. O acordo de 1981 é un acordo que cobra hoxe máis valor precisamente pola data na que foi adoptado, pola unanimidade nese acordo.

Polo tanto, nós dicimos, hoxe, un ano despois o que dixemos naquel momento que ese símbolo só é unha cruz e nada máis.

Pero direille que tódolos argumentos tamén caen polo seu propio peso porque esta cidade tivo un alcalde nacionalista durante catro anos, moito presumen vostedes neste Pleno de determinadas cuestións dese período, presumen vostedes de participación cidadá, de tráfico. Presumen vostedes de moitas cousas, pero un Alcalde nacionalista que neses catro anos podería ter demolido a cruz non o fixo, iso é o que ten que preguntarse vostede, por que durante catro anos que esta cidade tivo un alcalde nacionalista non se procedeu a esa demolición, non necesitaba ningunha lei, estaba en terreo municipal, polo tanto iso poderíase ter feito. Creo que precisamente o Sr. Lois Pérez Castrillo e o seu goberno posiblemente o que pensaran é, como tódolos demais, que o acordo de 1981 era o que había que manter.

Ademais tamén é certo que a vostede é moi difícil entendelos, porque o que piden aquí como oposición non o executan como Goberno na cidade de Pontevedra, porque tamén hai un símbolo, como vostede denomina, na cidade de Pontevedra que non procederon a súa demolición. Polo tanto, os socialistas temos moi presente a memoria histórica, os socialistas cumprimos a lei en tódolos seus termos e os socialistas somos os que máis fixemos polo cumprimento desa Lei de Memoria Histórica e seremos respectuosos, pero insisto neste cidade houbo durante catro anos un alcalde nacionalista, podería ter demolido esa cruz, simplemente cunha

sinatura chegaba e bastaba.

Polo tanto, creo que hoxe e ademais nos argumentos que se daban no ano 1981 están totalmente vixentes, “o desexo de que non existan vencedores nin vencidos e non volva outra guerra fratricida neste país, e que o mesmo poda seguir a súa andadura de democracia, liberdade e paz”, dicíase en 1981, nós hoxe o subscribimos.

SR. FIGUEROA VILA: O noso grupo ten unha postura moi clara dende hai tempo.

O Partido Popular non vai entrar en debates que pretendan dividir aos vigueses/as, creo que estamos aquí para sumar e non para confrontar, para buscar apoios e non para dividir e iso é o que fixemos dende hai moitos anos, e sobre todo neste Pleno da Corporación que se tomou unha decisión importante no ano 1981, e importante non só, Sr. Font, polo contido senón por quen foron as persoas que votaron por unanimidade naquel Pleno, e houbo alelos porque son persoas que reivindicán, uns unhas cuestións e outros outras, ao longo dos últimos tempos e anos, verán vostedes cando lle dea a relación dos nomes que aquí vou salientar como unhas persoas traballaron nunha dirección e outras traballaron noutra, pero ao final confluíron nun punto de encontro, de buscar a unidade de todos, e eu creo que hai que felicitalos a estas persoas que vou nomear porque foron capaces dende posicións totalmente distintas de entender a democracia e de sumar nesta cidade, e son persoas que teñen postos de responsabilidade que creo que fixeron un gran favor a esta cidade para sumar na dirección do punto de encontro, miren vostedes quen estaban naquel momento naquel Pleno e quen votaron a favor; don Alfonso Álvarez Gándara, dona María Arán Hernández, don Agustín Arca Fernández, don Andrés Barros Dacosta, don Miguel Barros Puente, don José Manuel Castedo Villar, dona Teresa Conde Pumpido Tourón, don Jesús Fernández Gestoso, don Francisco García Picher, don José María García Picher, don Salvador Fraga Rivas, don Ramiro Losada Bastos; don Antonio Nieto Figueroa, don Carlos Núñez Rodríguez, don Javier Pedrido Fraiz, don Eugenio Pernas Fernández, don Teodoro Piñeiro Alonso, don Eduardo Portanet Cabello, don Julio Riera Nievas, don Francisco Santomé Otero, don Ubaldino Varela Martínez e non estaban presentes don Alberto Durán, don José Manuel Martínez Torea, don Roberto Pérez Suárez e don Camilo Prado Freire. Estes señores de distintas ideoloxías, criterios, principios, formación, partidos políticos



chegaron a un acordo no ano 1981, e este acordo hai que agradecerllo a eles, Vigo hoxe está unido, e Vigo hoxe non ten problemas de ningún tipo ideolóxico fundamentais gracias a persoas como estas que dende posicións distintas se uniron, e nós non podemos dividir o que nos uniu con outros compañeiros. Votaron o seguinte, que é importante ler o que votaron “a Comisión Informativa de Cultura en sesión de 19 de maio, de conformidade coa moción formulada “in voce” polo ilustrísimo alcalde acordou propoñer a Excelentísima corporación colocar unha placa no actualmente coñecido como monumento aos caídos coa lenda seguinte, “polo mortos da Guerra Civil 1936-1939 co desexo de que non existan vencedores nin vencidos e non volva haber outra guerra fratricida neste país e que mesmo poida seguir a súa andadura de democracia, liberdade e paz”, e votaron por unanimidade. Isto é o que lle debemos, por iso a historia das cidades é importante, esta é a vontade política exercida libremente dende ideoloxías totalmente contrarias que buscaron o punto de encontro á unidade e ó consenso para que os vigueses/as teñamos un mesmo criterio.

Polo tanto, nós imos a intentar seguir nese camiño de unidade, de suma de esforzos e de non confrontación, nós non queremos confrontación nesta cidade, respectamos tódalas posturas, pero nós entendemos que aquí hai dúas cuestións, unha política e unha xudicial, a xudicial vai por un lado e política vai por outra. Nós, na política, referendamos o acordo de 1981 e na xudicial, loxicamente hai que facer a tramitación correspondente como non é doutra maneira, polo tanto, creo que esa é a postura do Partido Popular e imos seguir sumando e non restando baixo ningún aspecto, creo que estas persoas merecen o respecto de tódolos vigueses/as, por iso a historia da cidade é importante e por iso cando se toman decisións de calado político ao final transcende ao longo de moito tempo, estamos falando do ano 1981.

SRA. VELOSO RÍOS: Pois si se poden facer as cousas doutra forma, ninguén obriga a este Concello a presentar un recurso, pódese acatar a sentenza e executala, e tirar a Cruz dos Caídos porque hai moitas persoas pedindo respecto neste país dende hai moitos anos, moitas persoas non só eses concelleiros. Moitas persoas que piden respecto e por iso se elaborou, promulgou e aprobou unha lei como a Lei de Memoria Histórica no 2007, por iso hai que seguir traballando moito, porque é unha

mágoa que houberse persoas que pelexaran tanto e que acabasen, como dicimos nesta terra, nadando moito para afogar na beira, porque é bastante incomprendible que agora mesmo despois de tanto pelexar se estea negando a maior, se estea negando directamente que esa Cruz dos Caidos é un símbolo franquista, e que se estea insistindo que é unha Cruz, a verdade é que onte escoitando ó novo Secretario Xeral do Partido Socialista, o Sr. Pedro Sánchez, acordeime do Sr. Alcalde desta cidade porque lle criticaba ao presidente Rajoy, dicía que gobernar non é solemnizar o obvio, vostedes está intentando solemnizar o obvio, que é unha cruz, está claro, pero é un símbolo franquista e nos queda moito aínda que pelexar neste país para eliminar os símbolos franquistas e darlle o respecto que reclaman e merecen a moitas persoas, a todas esas persoas que pelexaron.

Miren nesta cidade temos unha escudo franquista nun instituto público, nesta cidade temos un escudo franquista no edificio de aduanas, nesta cidade temos un escudo franquista no edificio do sindicato de estibadores, neste cidade temos placas falanxistas en grupos de vivendas sindicais, nesta cidade aínda temos símbolos franquistas que temos que eliminar, estes son símbolos franquistas, aínda temos nesta cidade e un deles é a Cruz do Castro e hai unha sentenza xudicial que nos obriga a demolela, e nós o que reclamamos neste Pleno é que se elimine a Cruz do Castro, que non se presente recurso á sentenza, que se acepte, que se acate e que se aplique de maneira inmediata.

PRESIDENCIA: Moitas gracias Sra. Veloso por denominala polo seu nome, a Cruz do Castro, foi unha gran contribución a este debate.

VOTACIÓN: Con tres votos a favor do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e vinte e dous votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Alonso Alonso, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova

Quinteiro, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 17.09.2014 (Rex. Nº 972/1101), pola voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**4.2(177).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO LOCAL QUE POÑA EN COÑECEMENTO DE TÓDOLOS GRUPOS DA OPOSICIÓN O PROCEDIMENTO PARA A APERTURA AO PÚBLICO DA PISCINA MUNICIPAL DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DA ETEA EN TEIS. EXPTE. 973/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de setembro de 2014, número 973/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Bernárdez de Dios, formula a seguinte,

MOCIÓN:

“Ante a falta de información sobre a apertura ao público da piscina municipal do complexo polideportivo da ETEA en Teis, compromiso do goberno municipal de outubro de 2013 e ratificado no acordo orzamentario deste ano 2014, e necesario coñecer de primeira man o procedemento que se está a seguir para a súa posta en funcionamento.

Esta apertura é prioritaria e demandada polos veciños e veciñas da zona de Teis, que ven como unha instalación na que se investiu máis dun millón de euros leva varios anos pechada. Situación que contrasta coa construción dun complexo de auga nouro entorno da cidade.

Ademais de arrancar unha nova temporada deportiva; (hai demandas de clubs e entidades) para poder entrenar nesa piscina, son moitos os potenciais usuarios que están a reclamar a posta en funcionamento desta infraestrutura pública.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de

Vigo, insta ao Pleno da Corporación a adoptar o seguinte acordo:

“Por en coñecemento dos grupos da oposición o procedemento que está a levar o goberno municipal para a apertura ao público da piscina municipal do complexo polideportivo da ETEA en Teis”.

Con data 22 de setembro de 2014, a Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Dende o ano 2011 e ata a actualidade, setembro de 2014, pasaron máis de tres anos onde tódalas persoas, colectivos, concello con responsabilidade e competencias demos a nosa opinión sobre o que non se debe facer cos investimento públicos e o que se habería que facer para que os cidadáns non nos corran a porradas.

Non hai peor tarxeta de presentación para un político que anunciar o que non se pode cumprir, polo mero feito de aplacar as críticas e contentar á cidadanía. A xestión municipal neste asunto foi nefasta, con tintes de desprezo a uns veciños de Vigo que o único que veñen pedindo é que se cos cartos de tódolos vigueses se reformou unha instalación para o seu uso e goce, alguén se poida permitir o luxo de mantela pechada.

A estas alturas da película, na recta final do mandato, alguén debería dar explicacións que o que veu pedindo o Partido Popular en todo este tempo recollendo sempre a calada por resposta, aínda que ao mellor o Partido Popular e os veciños de Teis non coñecemos a realidade, e a realidade que nos venderon non ten absolutamente nada que ver co espellismo de “porcallada”, por non dicir outra cousa, que reflicte a piscina do complexo mutilado, o polideportivo da ETEA de pista polideportiva, piscina e campo de fútbol. Ao mellor resulta, que sen sabelo a piscina da ETEA xa abriu ao público no 2012, ao mellor resulta que sen sabelo o verdín do auga da piscina é debido a que é auga mariña e non da traída, ao mellor descoñecemos que alí na ETEA existe e está en servizo o primeiro centro de auga de mar de Vigo, tamén podería resultar que o Goberno xa converteu aquela piscina nun talaso con circuíto biosaudable de auga salgada fornecida a través dunha

conexión dende o mar, ao mellor é que o Partido Popular e os veciños de Teis non temos nin idea do que alí hai.

Todo isto que descoñecemos foi o que se prometeu a todo o mundo e de maneira pública, ante os medios de comunicación, o Alcalde e o seu Goberno.

Hoxe a realidade das persoas que acoden ao complexo polirecortado deportivo da ETEA, e que comprobamos que as portas de acceso á piscina están fechadas a cal e canto, co correspondente deterioro dunha obras que custaron máis dun millón de euros e que nos van seguir custando máis por non darlle utilidade.

Hoxe o Partido Popular en nome dos veciños, despois de denunciar publicamente este panorama durante varios anos, despois de esixir respostas, despois de acordar axilidade con motivo do acordo Orzamentario deste ano, de poñela en funcionamento e a disposición dos usuarios neste curso, comprobamos que a goma de mascar séguese estirando como castigo aos veciños de Teis.

Nós que pedimos hoxe? Que se nos facilite a documentación na que se poida demostrar que o goberno está traballando no compromiso adquirido e non mirando para outro lado esperando que o tempo transcorra sen adoptalos mecanismos administrativos e políticos necesarios para a apertura desta infraestrutura.

Despois de anunciar tamén que persoas contratadas se encargarían do servizo da piscina, que traballadores municipais poderían facelo, concretouse que se adxudicase o servizo como sucede noutras instalacións similares.

Foron moitas as persoas e tamén clubs e entidades deportivas que solicitaron á concellería de Deportes a apertura deste complexo para dispoñer de horas neste lugar e poder facer os seus adestramentos. Nós simplemente pedimos explicacións porque nunca nolas deron, hai un compromiso e queremos saber en que condicións dende a Concellería de Deportes se esta articulando burocraticamente a posibilidade de abrir canto antes esta piscina, reitero o tempo acábase, o compromiso está aí, as milongas foron públicas e de momento non temos ningún feito, dato que nos demostre que neste curso vaise poder abrir esta piscina municipal. Lamentamos que a día de hoxe teñamos que seguir falando dun complexo polideportivo, polirecortado, por iso imos estar expectantes ante a resposta ou os datos que nos poidan ofrecer na súa intervención o concelleiro de Deportes.

SR. ALONSO PÉREZ: Cando no Bloque Nacionalista Galego tiñamos a responsabilidade da Concellería de Deportes, as accións sempre se facían programadas, programábase os eventos de elite e de base, o inicio da actividade deportiva de tódalas idades, e programábase infraestruturas con dous criterios básicos, un é, atender xeograficamente a todo o Concello e outro era atender ás máximas disciplinas deportivas. Con este criterio de infraestruturas sería moi longo dicir tódalas que fixemos, pero como exemplo dalgunhas; rematouse a piscina de Valladares e púxose en uso, as obras e a renovación da herba sintética do campo de fútbol de Bouzas e a colocación de asentos nas bancadas, grada cuberta no campo de fútbol do Meixoeiro, ampliación da bancada do pavillón municipal de Bouzas, arranxo das cubertas de tres pavillóns municipais, obras de accesibilidade en tódalas instalacións deportivas municipais, campos de fútbol de béisbol en Bembrive, iluminación dos campos de fútbol de herba sintética, inicio, primeira pedra e remate das obras dos centros de auga de Barreiro á Florida, pavillón de Candeán, campo de fútbol de Navia, pavillón de Navia, e non me quero estender máis porque sería moi longo, pero había unha planificación das infraestruturas deportivas, e dentro desta planificación quedaron dúas por rematar, unha era responsabilidade do Partido Socialista e outra competencia e responsabilidade do Partido Popular. As dúas que quedaron sen facer, unha era do Partido Socialista que era a posta en marcha, posta en funcionamento da piscina, campo de fútbol e pavillón da ETEA, que ademais foi responsabilidade do Partido Socialista porque asumiron, porque o Bloque Nacionalista Galego se tivo que ausentar dunha Xunta de Goberno Local por aceptar o Partido Socialista as obras, as instalacións deportivas sen estar en estado de uso que era unha condición que o Bloque Nacionalista Galego poñía para aceptar as instalacións, ou ben nun estado de uso ou ben que a partida orzamentaria que garantira a posta de inmediato en uso das instalacións e como non foi así o Bloque Nacionalista Galego ausentouse dunha Xunta de Goberno Local.

Sabemos cando o Bloque Nacionalista Galego se responsabiliza de algo, a obra execútase e remátase, cando é o Partido Popular ou o Partido Socialista ou non se fan ou tardan en facerse, porque a outra obra que quedou pendente foron as pistas de atletismo de Balaídos, a remodelación e o módulo cuberto das pistas de atletismo, porque aí hai unha competencia da Xunta de Galicia, un compromiso

reiterado que coñece moi ben os atletas e a día de hoxe aínda a Xunta de Galicia non responde.

Polo tanto, como dicía, cando o Partido Popular e o Partido Socialista quedaron responsabilizados das únicas dúas obras que non se remataron no mandato, planificadas para ese mandato, por iso nós imos facer unha emenda, apoiamos que efectivamente se deu unha explicación de como está o estado da piscina e cando se vai rematar, pero tamén pedimos na emenda unha explicación á obra que se responsabilizou á Xunta de Galicia e a Consellería Xeral de Deportes, a emenda di: “que a Xunta de Galicia poña en coñecemento do Pleno da Corporación, a situación do proxecto tantas veces anunciado polo secretario xeral para o Deporte, da remodelación e construción dun módulo cuberto nas pistas de atletismo”.

Como vemos, o Partido Popular e o Partido Socialista deixaron as únicas dúas obras que non se remataron na planificación do deporte na cidade e seguen sen resolvelo catro anos despois. Instamos ao Concello de Vigo a que empece dunha vez o campo de fútbol da ETEA e a entrega e o remate da piscina, e á Xunta de Galicia e a Consellería Xeral do Deporte que dunha vez cumpra cos seus compromisos co atletismo da cidade, para remodelar as pistas de atletismo e facer as instalacións cubertas, o módulo cuberto que a cidade precisa porque os atletas tamén teñen que adestrar con inclemencias do tempo desfavorables, no inverno, e esa é unha necesidade e unha petición que o atletismo leva formulando moitos anos.

SR. FERNÁNDEZ PÉREZ: En resposta a moción do Sr. Bernárdez, téñolle que dicir que estanse a elaborar concienciadamente tódolos estudos e traballos técnicos necesarios para o desenvolvemento e o inicio do proceso de concurso público para a xestión da piscina da ETEA. Con iso dou resposta á pregunta que vostede somete na súa moción, pero non obstante nos argumentos que vostede utiliza na súa intervención e no conxunto da moción hai dúas cousas as cales voulles responder manifestando a miña discrepancia con tales argumentacións. Primeiro, incumprimentos ningún, Sr. Bernárdez, incumprimentos en todo caso por parte do Partido Popular, por parte da Xunta de Galicia que tiña que haber investido 3,5 millóns nas pistas de atletismo cun compromiso que viña do goberno socialista e nacionalista do Sr. Touriño e o Sr. Quintana, e quedou despois o Sr. Lete de asumir os 3,5 millóns de euros e que a día de hoxe non se cumpriu. O seu argumento que

deu no Parlamento recentemente son as dificultades orzamentarias e que tiñan establecido outras prioridades, serán as del, nós preferimos que as prioridades e os compromisos hai que cumprilos e eran 3,5 millóns de euros para a actualización das pistas de atletismo de Balaídos, das cales fan uso o conxunto do atletismo vigués pero o conxunto do atletismo galego, en tódalas súas especialidades que teñen a seu dispor unha instalación municipal que nestes momentos está o Concello actualizando por incumprimentos da Xunta de Galicia.

Segundo, incumprimento, pídalle vostede a Deputación do Partido Popular, se a día de hoxe despois do 2007 aínda non nos devolveron nin arranxaron os campos de fútbol, dos oitos campos de fútbol, que xa na época de do Sr. Alonso víñase reflectindo iso.

Incumprimentos vostedes, e hai un ano vostedes coñecen que teñen un requirimento da Concellería de Deportes e do Goberno Municipal emprazándolle a que resolvan o problema do desterramento do campo de Comesaña e o tema do campo do Meixoeiro e do campo do Sárdoma, ou non se decatou vostede aínda? Eu creo que si, pero hai que lembrarllo, non só se pode mirar aos dos demais sen facer cada un a súa penitencia.

Polo tanto, de incumprimentos nada, e se os hai son seus, do Partido Popular na Xunta de Galicia e na Deputación.

En segundo lugar, tamén non é certo, non nos consta, non hai ningunha demanda deportiva, nin de tempada, nin tampouco do uso das láminas de auga sen cubrir, nestes momentos que estamos en programación de tempada estanse atendendo tódalas necesidades e estanse cubrindo tódalas necesidades, 220.000 usos teñen as nosas instalacións de auga, 17.000 aboados, 10.000 bonos de usos, cubrimos non só a tempada deportiva senón que desenvolvemos programas escolares que puxemos en marcha este goberno.

Terceiro, puxemos en marcha actividades vinculadas coa saúde, para persoas maiores, temos un programa de persoas maiores, atendemos aos nenos/as, as nais embarazadas, puxemos en marcha programas escolares de natación, e todo iso atende a demanda que hoxe hai nas piscinas de auga, non obstante proximamente porase en marcha o complexo deportivo de Navia, e tamén a piscina da ETEA, por iso estanse a desenvolver, froito do compromiso, os traballos técnicos para solventar esa situación.



En calquera caso, se vostede ten algunha queixa ou sabe quen queixas dígalles que veñan pola concellería de Deportes, que de seguro lle ofrecen unha solución, ademais vai ter un trato exquisito e un sorriso na miña faciana para resolver o seu problema.

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Sr. Fernández isto non é para rirse, e voulle dar unha idea, cando inicien os traballos en Navia, no complexo de auga, poñan esas pancartas, vinilos aos que están acostumados onde diga “Navia si, Teis non”, porque o de Teis a todos vostedes, ao goberno prodúcelle urticaria.

Voulle dicir unha cousa, se segue tan concienciadamente con eses estudos e traballos para poder abrir a piscina de Teis, non sabemos cando, o mellor é que abandone o seu cargo de concelleiro de Deportes, porque vostedes enterraron aí un millón de euros, e os veciños de Teis son os que están pagando a súa inaptitude política. Se tivese algo de vergoña política, vostede, esta piscina, teríaa aberta, non dentro de non sei de cando senón hai meses, e non minta porque foron dous clubs que foron recibidos por vostede e pedíronlle horas para adestrar na piscina de Teis, porque non teñen horas noutros lugares. Unha cousa é nadar ludicamente, terapeuticamente, por necesidade física e outra cousa é poder adestrar para poder afrontar logo os partidos competitivos, e foron dous clubs ao seu despacho para pedirlle horas na piscina de Teis, e hai demanda na zona alta de Teis para que vostedes abran esa piscina, pero non é de recibo que a estas alturas da película aínda me diga vostede a ese veciños castigados de Teis que aínda concienciadamente, igual lle pode dar algo, non o tomen con tanta calma, porque reitero, é para que colla o maletín e se marche, se vostede despois de gastar un millón de euros non é capaz de abrir esa piscina ao público.

E falando de Teis, esquecéuseme na miña anterior intervención e quería lembralo, en que caixón teñen vostedes aquel proxecto de rexeneración que presentou o Alcalde co ministro no seu día o Sr. Blanco, para intervenir en toda a lingua de acceso próxima á rede ferroviaria? Onde está? Pero que pasa cos veciños de Teis? Seguen sendo de segunda categoría? Reitérolle poñan pancartas, paneis “Navia si, Teis non”, están enfrontando á cidade, uns teñen dereito a ter unha piscina e outros que a teñen rematada con auga, aínda con verdín, non teñen dereito a que se abra, que están facendo? Pero que está facendo vostede? Está facendo algo? A parte de ir os

domingos a entregar trofeos, fai algunha xestión deportiva no seu despacho, dígame que fai porque os clubs e as entidades estallo preguntado, aplaudir? Non sei que fai, pero é lamentable que a estas alturas non saibamos nada do que pasa naquela piscina, non sabemos nada, e hai demanda, hai solicitudes e hai necesidade de que o Goberno Municipal abra ese complexo público.

PRESIDENCIA: Sr. Bernárdez, cantos anos hai que non vai vostede por Teis? Que non pisa Teis? Estou facendo unha interpelación, é a miña intervención porque eu podo pechar o debate. Vouno facer con vostede porque é difícil escoitar tanta demagogia xunta, vostede leva anos sen ir por Teis, vostede non sabe o que pasou en Teis, vostede non sabe tódalas rúas, zonas, humanizacións que se fixeron en Teis, vostede non vai por Teis, irá a outros sitios, non lle critico a vostede e libre de ir por onde queira, pero non fale de Teis sen ir e velo, ten que ir por alí e ver Teis. Se vostede me di algunhas cousas téñollas que dicir, sabe o que pasa co “corredor verde”? Que Adif parou a negociación, o Adif de agora, hai tres anos que non sabemos nada de Adif, dende que cambiou o Goberno, Adif non fixo ningunha negociación sobre o “corredor verde”, e déixeme que lle diga algo, co anterior goberno tiñámolo pechado. Quero lembrarlle que hai case tres anos que goberna o Partido Popular en España, ou non se decatou? Pois estaba acordado con Adif un convenio para a cesión do “corredor verde”, as condicións e quedou paralizado e hai tres anos que non sabemos nada dese convenio de Adif, quedou paralizado. Outras cousas está facendo ben ese ministerio, non serei eu quen diga que non, a estación, o aeroporto, verdade? Vale estou encantado pero non me fale do “corredor verde de Teis”, porque quen o parou foi Adif e o actual goberno de España, que non nos da resposta, non somos capaces nós de convencer a Adif porque parece que non ten interese en movelo, polo tanto non o cite.

De Teis fale pouco, porque tamén lle teño que dicir é que cando nós chegamos gobernaban vostedes, a ETEA estaba pechada, lémbrense? A puideron abrir vostedes, a abrimos nós non se esquezan, fixemos todo o adecentamento da ETEA, puxemos o pavillón en uso que se está usando, é que parece que vostede non vai por alí, é que o pavillón estase utilizando, claro vostede non vai por Teis, entón non de decata de que se está usando, sempre, fixemos reformas, acabamos da aprobar unha nova partida orzamentaria de 185.000 euros porque o temporal danou o

pavillón. Polo tanto, eu creo que antes de meterse nestas cousas é bo ir polos sitios e velas.

Non ten a palabra, Sr. Bernárdez, hai un Regulamento que di como funciona isto, non o decide vostede, decidiuno o Pleno democraticamente, o Regulamento vostede o cumpre como todos, non é vostede distinto que os demais, por moito que se enfade e que non lle guste que lle digan as verdades.

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Non se acepta a emenda porque nada ten que ver coa piscina de Teis.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 17.09.2014 (Rex. Nº 973/1101), polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Bernárdez de Dios, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**4.3(178).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO LOCAL A APROBAR UN PROXECTO DE ARRANXO, MANTEMENTO, CONTROL DO TRÁFICO E LIMPEZA EN DIVERSAS RÚAS DA CIDADE. EXPTE. 974/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de setembro de 2014, número 974/1101, a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Egerique Mosquera, formula a seguinte,

MOCIÓN:

“Nos últimos meses acumúlanse as denuncias formais e verbais sobre o estado da rúa Carral, García Olloqui e o seu entorno non só polo estado da rúa en sí, senon pola deixadez absoluta no que se refire a limpeza, vixilancia e control de tráfico. O tránsito de vehículos pesados por esas rúas xerou incluso problemas na cimentación dalgúns edificios das rúas Carral e García Olloqui.

Esas rúas humanizáronse coa idea de facer un entorno semipeonil, limitar o tráfico a servizos e residentes e presentar un entorno en condicións do corazón da cidade para turistas e vigueses.

O que se observa é que o goberno municipal non lle presta atención en detrimento doutras zonas da cidade.

Por todo elo propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

“Instar ao goberno municipal a aprobar un proxecto de arranxo, mantemento, control de tráfico e limpeza nas rúas Carral, García Olloqui, Praza de Compostela, Luís Taboada, Velázquez Moreno, Marqués de Valladares, Reconquista e todo o seu entorno.”

Con data 22 de setembro de 2014, a Comisión Informativa de Fomento ditaminou favorablemente dita proposta.

#### DEBATE.-

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Imos falar de rúas outra vez, neste caso nós ao longo desta lexislatura imos presentando mocións, antes na primeira o Sr. Domínguez fixo alusión ás parroquias, que apróbanse aquí as mocións por unanimidade despois nada se sabe delas. Nós agora imos falar dunha zona que presentáramos unha noutra condicións parecidas na zona de Carral, García Olloqui, Praza de Compostela, Luís Taboada e arredores porque ademais de ser un problema de mantemento e de aspecto, está sendo xa un problema de atención aos veciños, outros veciños ignorados totalmente e de problemas incluso na cimentación de moitos edificios, é unha zona que está contemplada no mapa de ruído do Concello de Vigo editado en 2013, é dicir vostedes gobernaban, como zona contaminada acusticamente por emisión de ruídos e vibracións e curiosamente unha zona que ten edificacións sometidas a normas de protección estrutural e unha zona cunha intolerable densidade de tráfico, xa que pasan habitualmente agora vehículos

pesados, un cumprimento reiterado do límites de velocidade e dobre dirección de tráfico froito dunha reorganización se me o permiten moi trapalleira, porque non día que se fixo xa saíu na prensa que Carral quitouse un peso de encima pero puxérono noutras rúas que tampouco están preparadas para soportar ese tráfico co cal desvisten o santo para vestir outro e non arranxan o problema.

Pola rúa García Olloqui neste momento circulan oito liñas de autobuses, autocares de diferentes compañías, tanto turísticos como escolares e camións frigoríficos que serven ou distribúen peixe na lonxa en horario nocturno entre dúas e catro da madrugada e iso esixe basicamente control, porque está claro que unha persoa, un condutor de camiión que pode atallar por esa zona non vai a dar a volta polo cinto, pero ten que facelo, iso ten que ter un control porque a humanización desa zona feita xa oito anos, estaba contemplada para que se restrinxira o tráfico, para reducir o tráfico nesas zonas, para semipeonalizar esas zonas. O mesmo fixeron coa rúa Progreso que tamén estaba preparada e humanizada para soportar un determinado número de tráfico e o que fixeron vostedes é abrir e cancha libre para o tráfico, cousa que provoca moitos desperfectos na rúa, no seu mantemento, nos veciños que alí viven, que por certo intentaron dirixirse en moitas ocasións a vostedes con escritos, sinaturas etc. ser recibir, perdón recibíunos o concelleiro, segundo me dixeron, o concelleiro de Participación Cidadá no mes xullo pero non atoparon aínda solucións.

Eu falo por exemplo, dos veciños deste edificio que é o edificio Saturnino García de Gómez Román de 1912, é dun dos que están protexidos, en palabras textuais dos veciños alí fan tremer os espellos do baño cando pasan vehículos pesados, chocan as botellas da neveira e din que notan verdadeiros terremotos, aparición de gretas recentes e desprazamentos de canteira, vai obrigar a facer unhas obras que están provocadas nos últimos meses cando se ampliou o tráfico sen control e sen obter ningunha soa resposta e solución. Nesta caso está claro que os veciños están sendo bastante prudentes, están presentando escritos, están solicitando atención porque eles queren saber cal podería ser a solución dese tránsito nesa rúa, non están tampouco nin intentando que vostede fagan un arranxo determinado, sen embargo está claro que é necesario. Ademais sabe perfectamente quen fixo esa humanización, por si vostede vai lembrar aquí quen fixo a humanización desas rúas, sábeno perfectamente pero saben que o único culpable de que agora estea

así é o que leva sete anos gobernando, o goberno ignorou absolutamente esa zona. Se o outro día o famoso “Oasis of the seas” encheu a cidade, esa zona baixa da cidade do Náutico, o Alcalde di que se lle achegaba a xente a dicirlle que estaba moi ben, eu vin moi xente que todo o contrario, porque esa zona é impresentable, xa de aspecto pero tamén, insisto, por problemas non so de fochas porque o tráfico vai por Reconquista, soporta vehículos, liñas de autobuses, etc., se ese vai ser o novo programa de tráfico, ou o novo plan de tráfico que van propoñer, pois necesitarían ter un asfaltado ou moito máis formigón por exemplo, si é verdade que esa zona non pode soportar ese volume de tráfico, eses edificios non. Se polo contrario queren propoñer o que xa estaba semipeonil, deben controlar o tráfico, e se o túnel de Beiramar pecha polas noites por control teñen que ter persoas, policía ou alguén vixiando que obrigue aos frigoríficos e os camións pesados a dar toda a volta porque é verdadeiramente impresentable a falla de atención que están tendo ademais con estes veciños, que insisto xa en reiteradas ocasións non fan máis que pedir un pouco de atención para atopar unha solución. Calquera persoa que está neste Pleno sabe como está o estado desa zona.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Quero anunciar xa de entrada que o Bloque Nacionalista Galego vailles votar en contra desta moción, non porque non queiramos que se arranxen esas cinco ou seis rúas que vostedes di, senón porque nos parece demencial a formulación desta moción. O Sr. Bernárdez dicía hai uns minutos e berraba ademais, “vostedes están facendo Navia si, Teis non, van por Navia e esquécese dos barrios”, vostedes agora con esta moción enarboran outra bandeira, centro da cidade si os demais barrios e parroquias da cidade non lle facemos nin caso, pois nós o que dicimos é que efectivamente parece que os señores do Partido Popular volven aos tempos, como ben dicía a Sra. Egerique, da Sra. Porro, onde nesta cidade cando gobernou o único que se humanizou e que se fixo nesta cidade foi precisamente humanizar o centro da cidade única e exclusivamente e, iso si, poñer unhas palmeiras que logo non sei que fungo tiñan ou que virus tiñan. Iso foi o que fixo a Sra. Porro.

Pois nós non estamos de acordo con iso, e eu llo dicía antes ao Sr. Regades o problema desta cidade non é falla de mantemento desas cinco ou seis rúas, o problema desta cidade é a falla de mantemento que hoxe teñen os nosos barrios e

parroquias, e moi preto desas rúas está o noso Casco Histórico que tamén se está criticando por parte dos veciños/as esa falla de mantemento. Vostedes non poden traer unha moción preocupándose única e exclusivamente de cando ven un gran transatlántico ou un gran cruceiro á nosa cidade, a nós gústanos que veñan os cruceiros, que veñan cada vez máis, pero non se pode vostede preocupar só do arranxo porque veña un cruceiro ou porque veñan turistas, porque os veciños de Cabral, Lavadores, de Teis, de Sárdoma, de San Andrés pagan impostos neste cidade e merecen ser atendidos e que as súas infraestruturas viarias sexan tan atendidas como as demais.

O que pasa é que vostedes señores do Partido Popular, dende que tomaron ese café para dous e fumaron ese cigarro a medias co Partido Socialista, están facendo vostedes unha oposición absolutamente de película e de cara á galería e non están facendo o que lle reclaman os veciños/as, que fagan vostedes unha oposición real, vostedes están facendo unha oposición de película contentos co que o Sr. Caballero lles cumpra aquelas cousas como a Cidade da Xustiza ou que lles dea os accesos para un hospital privatizado, con tal de cumprir iso, que o Sr. Caballero parece que llo está cumprindo vostedes están tranquilos e esquécense de cales son os problemas da cidadanía, como tamén se esquece o actual Goberno.

O Bloque Nacionalista Galego propuxo un plan de actuación en barrios e parroquias, con partidas orzamentarias claras, que vostedes que agora presentan esta moción dixeron que non, e aí si que se contemplaba unha verdadeira actuación integral nos nosos barrios, aquilo non lles servía e lles segue sen server porque unicamente se preocupan de esas humanizacións alí onde o Partido Popular seica ten o seu nicho máis grande de votos.

Nós lle pedimos e estaremos con vostedes, Sra. Egerique, cando reclamen cousas pensando en toda a cidade, e non estaremos con vostedes cando apoiem nunhas cuestións ao goberno municipal moi importante, como son os Orzamentos e despois veñen aquí a reclamar non sei que cinco ou seis rúas. Volvo repetir o que lle dicía ao Sr. Fidalgo, pero que negociaron vostedes nos Orzamentos? Pero como poden aprobar uns Orzamentos e meses despois esixir os arranxos que están esixindo? Por que vostedes non obrigaron ao Goberno Municipal a ter un verdadeiro plan integral de actuación e parroquias, saben por que? Porque o único que lles interesaba era o novo hospital privatizado, o transporte metropolitano e a Cidade

da Xustiza, aquelas cousas que tiña que aportar a Xunta de Galicia. Vostedes negociaron uns Orzamentos para lavarlle a cara á Xunta de Galicia e para aforrarlle cartos á Xunta de Galicia a costa dos vigueses/as.

Por iso e como sigan facendo esa política, nós non imos apoiar esta oposición de pantalla, nós somos oposición a este Goberno Municipal, seguiremos sendo oposición reclamando o que a cidadanía no seu conxunto merece e necesita nesta cidade.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: As obras de humanización do entorno á Praza de Compostela inclúen tódalas rúas citadas nesta moción que presenta o Partido Popular. Executaron, como di moi ben os señores do Partido Popular, ao longo do ano 2005 onde era alcaldesa desta cidade a Sra. Porro polo Partido Popular. Esta actuación naceu con graves erros de fondo, eu diría con tres importantes graves erros de fondo, primeira, non había renovación do saneamento neses proxectos. Segunda, non tiña unha rede separativa, fácil de facer porque como vostedes saben eran a carón do mar, co cal se podía poñer unha aliviadoiro preto das rúas das que estábamos falando. E terceira, a ausencia coa que se desenvolveron a execución de todas estas rúas. No proxecto non se incluía a renovación de saneamento existente na rúa, formado principalmente por “tajeas” de pedra en mal estado e obsoletas, cando todos sabedes que agora o saneamento descorre por canalizacións completamente herméticas de formigón ou de PVC. Tampouco se propuxo no proxecto unha rede separativa na que foran as augas fecais por unha banda e as pluviais noutra, e tamén con moita urxencia para rematar estas obras porque querían que estivesen listas para a Volvo Ocean Race, con escasos nove meses para execución das mesmas.

Estas decisións provocaron os problemas que actualmente estamos padecendo, as “tajeas” de pedras en xeral sempre presentan menos estancamento que un tubo comercial, sobre todo na súas xuntas, que produce fugas de caudal facendo grandes cavernas debaixo dos viais como a que podíamos ver en Marqués de Valladares cando se afundiou no ano 2007 e reparou este Goberno. Unhas redes separativa independente en todo o ámbito faría que as pluviais e as fecais foran por distintas augas, co cal diminuiría o volume de auga, as fugas e o número de depuración de augas nestes momentos, e fixéronse rápido e a correr.



Por todo isto imos votar que non a esta moción, e sobre todo porque as veces, Sra. Egerique, eu non sei se as mocións as fai por control ao Goberno ou para fomentar e publicitar as accións do Goberno, porque como vostede sabe ben, publicadas no noso perfil de contratante, na nosa páxina web do Concello o expediente 71882/250 porque vostede dicía aprobar un proxecto de arranxo, aquí voulle ler a aprobación dos proxectos de arranxo que son todos de data de xullo de 2014 e o procedemento administrativo deste Concello que tarda catro meses en adxudicar e que nestes momentos estamos adxudicando e nestes días imos executar estas reparacións. Infórmase da reparación descontinua da pavimentos pétreos na rúa Elduayen o expediente 71882, 71880 fala do proxecto de aprobación, reparación descontinua e pavimentos pétreos na rúa Hernán Cortés, Pablo Morillo, Marqués de Valladares e Velázquez Moreno, o expediente 71887/250 fala da reparación descontinua de pavimentos pétreos da rúa Carral, Reconquista e Urzáiz, todos eles de xullo do 2014, vostede dinos aprobar un proxecto de arranxo, aprobados os proxectos de arranxo; e o proxecto 71869/250 fala da reparación descontinua de pavimentos pétreos na rúa Eduardo Iglesias, Príncipe, Progreso e Praza da Estrela, todos estes informados polos técnicos municipais e que vostede ten a súa disposición nos informes do Concello.

Este Concello, vemos aquí que está traballando no centro pero vemos de forma continuada, con máis de 300 actuacións, que traballamos en toda a cidade, porque o Partido Popular quere que só se traballe no centro, o Bloque Nacionalista Galego quere que só se traballe nas parroquias e nós queremos un Vigo igualitario, queremos que se traballe nos centros, nos barrios e nas parroquias e así o estamos facendo, porque cando vostedes gobernaron poñían moitos carteis Plan Coia, un cartel inmenso, non fixeron nada, cero, Plan Parroquias un cartel inmenso, nós executamos e traballamos como din os papeis e como din os feitos.

SR. EGERIQUE MOSQUERA: Eu quero antes de nada dicir que nós imos presentando mocións e é verdade que xa presentamos de parroquias, de zonas que requiren de tratamento e o Sr. Domínguez di que non facemos oposición polos veciños, eu estou facendo exactamente o que me pediron os veciños que é presentar esta moción porque pola vía de diálogo e de reunión cos concelleiros non foron capaces de obter ningunha resposta, envíe aos veciños que están solicitando e que teñen

eses problemas, porque son todos, ao fin e ao cabo non son só os que viven aí, son tódolos que empregan esas rúas, pois que coñezan e faga públicos esas actuacións. Ademais, presentar unha moción e que teña solución enseguida se se cumpre e se leva adiante sempre é para iso, para que o se presentan as mocións para que se corrixan os problemas. Eu irei aos veciños a dicirlle que en xullo xa está aprobado ese plan, a ver se eles notan a mellora de aquí a pouco tempo.

Ademais, nós queríamos preguntar tamén, con tódalas obras que fan vostedes pensan que se cando non están aí, xa dentro de poucos meses, imos deixar que se rompan tódalas obras que fixeron porque non nos gustan como as fixeron, quero preguntarlles a vostedes ou parécelle merecente un pouco de que os veciños poidan escoitar estas parvadas que non se sabe se veñen dunha parte ou doutra, porque o que dicía antes, sabe perfectamente toda a cidade quen fixo as obras, pero sabe perfectamente que non se tocaron en sete anos, moitas zonas desta cidade, non só das rúas que estou falando agora, entón moitas zonas desta cidade, niso si ten razón o Sr. Domínguez, requiren moito mantemento e atención, e eu non vou cesar en facer mocións deste tipo nas zonas que crea necesarias, e agora esa paréceme unha zona moi urxente de reparación, como pareceume no seu día Beade, como paréceme tamén un agravio ó patrimonio da cidade, deixar as pedras do chale Agarimo tiradas en Beade, como me parece moitas zonas como Navia, San Andrés como Valladares e como moitos viais que requiren, si é verdade, limpeza, mantemento e atención.

Polo tanto, se están aprobadas esas actuacións e van a solucionar os problemas que teñen os veciños, nós dámoslles a benvinda, agora si que están xerando un Vigo de segunda e de terceira, porque nestes casos cando fan unhas obras determinadas, nunhas zonas que vostedes din que queren igualitario, Vigo agora está todo menos igualitario, as rúas de Vigo poden estar todo o que vostedes queiran pero non iguais, hai unhas diferencias abismais, máis que nunca, unas están que relocen cada vez que pasas por alí e outras están que se caen. Entón nese sentido si que é necesario un pouco máis de equidade.

PRESIDENCIA: Antes de entrar a votación desta moción, como a Sra. Egerique poñente desta moción facía preguntas en voz alta, eu creo que ten todo o dereito a recibir resposta eu voulle responder. Sra. Egerique hai unha cousa que saben

tódolos cidadáns de Vigo, e que nunca se fixo tanto en toda a historia da democracia da cidade, nunca. Que resulta un pouco, eu non quero dicir ridículo, vostede utilizou a palabra parvada e eu non quero cualificar as peticións as intervencións que fan os diferentes grupos con ningunha palabra que non sexa respectuosa, pero claro a xente cando lles escoita a vostedes falar e dicir que Vigo hai un Vigo de primeira, un de segunda e un de terceira agora, vostedes perden toda a súa credibilidade, porque a cidade non está cambiada é que é outra cidade. O outro día falaba eu cun militante do Partido Popular en Castrelos, e me dicía unha cousa, “o que hai que recoñecer é que este goberno, que eu non vou votar porque voto ao Partido Popular, é que cambiou toda a cidade, é que toda a cidade é de primeira, que Castrelos ou a rúa Aragón, ou calquera outra rúas parroquias, Valladares, Matamá, Bembrive, Beade, Teis están exactamente igual co centro de Vigo”, non o digo eu, dicíano un militante do Partido Popular.

Polo tanto, no próximo Goberno Municipal que xa lle digo que teña vostede a seguridade de vostede que non vai estar nese goberno municipal, a non ser que se queira presentar co Partido Socialista Obreiro Español, que non o creo, asegúrolle que imos seguir gobernando e cambiando esta cidade que non a recoñece ninguén. O outro día a xente que viña no Oasis of the Seas quedou marabillada desta cidade, os comentarios eran impresionantes, vaia vostede rúa, fale coa xente en inglés, por certo en inglés que tivo o Alcalde de Vigo que traducirille ao Presidente da Xunta de Galicia que non o fala, para que puidera entender ao capitán do Oasis of the Seas, por certo, non falar inglés non da mérito a ninguén, é certo, o Alcalde de Vigo fálo e polo tanto, podía falar co capitán e coa xente que baixaba do barco, e o Presidente da Xunta de Galicia non, pero o Alcalde tradúxolle como un bo anfitrión na cidade.

En definitiva, Sra. Egerique, esta moción que vostede hoxe presenta quedou claro na intervención do concelleiro de Fomento que está fora de lugar porque están aprobados tódolos proxectos. Por certo, humanizacións deplorables que deixou a Sra. Porro, dende o primeiro momento levantándose e xerando problemas, lamentables, non como agora que son intachables, non teñen tacha.

PRESIDENCIA: Eu aquí falo en galego que é o noso idioma, en inglés cando teño que falar con xente que fala en inglés, Sr. Relova, aquí en galego, no noso idioma,

no idioma de tódolos galegos, e o idioma no que falo neste Pleno por respecto a un idioma que é todos/as, ó que vostedes moitas veces non lle teñen un excesivo respecto tampouco.

*(Neste punto da orde do día preside a 1ª Tenenete de Alcalde, Dª Mª Carmen Silva Rego)*

VOTACIÓN: Con once votos a favor dos membros do grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e trece votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia (Silva Rego), e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 17.09.2014 (Rex. Nº 974/1101), pola concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Egerique Mosquera, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**4.4(179).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO LOCAL PARA QUE O CONCELLO SE ADHIRA AO PROGRAMA “EMPRENDE EN 3”, A FIN DE QUE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DA CIDADE POIDAN BENEFICIARSE DO MESMO. EXPTE. 975/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de

setembro de 2014, número 975/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Álvarez Pérez, formula a seguinte,

#### MOCIÓN:

“No tempo no que andamos, a resolución da crise económica e a creación de emprego ten que ser unha prioridade por parte das empresas e das administracións.

As Administracións Públicas teñen a obriga política e moral de facilitar a expansión das iniciativas empresarias, grandes ou pequenas, a través de todos os mecanismos posibles.

O pasado mes de xuño, o BOE publicou a posta en marcha do servizo “Emprende en 3”, do que xa se han feito eco un importante número de concellos galegos, pero non o de Vigo. É un programa que buscar dar as maiores facilidades para a constitución de empresas.

Por todo elo propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

“Instar ao goberno municipal para que o Concello de Vigo se adhiera ao programa “Emprende en 3” a fin de que comerciantes e empresarios da cidade poidan beneficiarse do mesmo.”

Con data 22 de setembro de 2014, a Comisión Informativa de Industria, Comercio, Turismo e Pemes ditaminou favorablemente dita proposta.

#### DEBATE.-

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sra. Silva, o venres cando ía eu co meu compañeiro o Sr. Bernárdez por Teis, que vamos moito, e esta é unha historia que é certa, estivemos con militantes do Partido Socialista de Teis que nos dixeron, primeiro, que vostedes non van por Teis, que non pisan Teis. Segundo, que non van votar ao Partido Socialista porque os militantes do Partido Popular votan ao Partido Popular, pero os militantes do Partido Socialista, ao menos os de Teis, xa lles garanto que non van votar ao Partido Socialista, e dinnos que teñen Teis feito un desastre, cheo de buratos e non saben se é porque teñen algunha represalia cunha serie de veciños que ademais representan a tódolos veciños de Teis, é certo porque vou moito por Teis e pola ETA.

Dito isto, dende o Partido Popular e conta a boa intención presentamos esta proposta coa idea de que o Concello se adhira á iniciativa Emprende en 3, sinceramente lles digo, aínda que estou seguro de que van aprobar o texto, seguro, e que polo tanto a moción vai saír adiante, non teño moitas esperanzas de que logo vaian a cumprir coa moción, porque todo o que ten que ver con emprendedores sempre, constantemente e permanentemente, incumpren os seus compromisos dende hai sete anos e medio que son os que levan gobernando. Voulle poñer varios exemplos, aquí aprobouse unha moción para celebrar cada ano o día do emprendedor, pero nunca se celebrou en Vigo, aprobouse tamén unha moción para abrir un viveiro de empresas de mulleres que quedou rematado na anterior lexislatura polo Partido Popular, no antigo edificio da Escola de Hostalería, que esta abandonado e o edificio da escola tamén está totalmente abandonado. Tamén se aprobou unha moción para apoiar aos emprendedores e que puideran as persoas que queren poñer en marcha unha empresa puideran facelo a través de internet, dun punto de atención e asesoramento ao emprendedor, vostedes votaron a favor pero tampouco cumpriron con ese mandato, por iso lles digo que non teño moitas esperanzas.

Dende o Partido Popular de Vigo sempre intentamos facer reformas que melloren o funcionamento da administración, intentamos converter ao Concello neste punto de atención aos emprendedores, ese punto de información, formación, de asesoramento, de tutorizaxe, para esas persoas que son en definitiva as que crean emprego e riqueza na sociedade. Pero vostedes aínda que non parecía unha tarefa complicada porque nada máis que é firmar un convenio coa Dirección Xeral da PEME en Madrid, vostedes, non sei se é polo complexo de sindicalistas que teñen, sindicalistas trasnoitados do século XVIII ou XIX, pois nunca xamais fixeron nada para favorecer aos emprendedores, para vostedes os bos son os sindicalistas e os malos son os empresarios, emprendedores ou persoas que se queren buscar a vida pola súa conta.

Emprende en 3 é unha iniciativa do Goberno de España e da Federación do Municipios e Provincias, por iso eu cría que Vigo que tanto sempre presume o Alcalde que é o Vicepresidente da FEMP, críamos que Vigo ía ser un dos primeiros concellos que se ía sumar a esa iniciativa do Goberno de España e da FEMP, é unha iniciativa para reducilos prazos para a creación de empresas, mediante a utilización

de plataformas tecnolóxicas e simplificación dos trámites. Hoxe en día para crear, dar de alta e iniciar a actividade no Concello de Vigo sen facer obras no local, porque se se fixeran obras hai que presentar moitos máis certificados, vostedes dende a Xerencia de Urbanismo pídenlles doce documentos, papeis diferentes ás persoas que queren darse de alta nunha actividade, que xa iniciaron a creación da empresa, xa foron ao notario ou xa foron a Facenda e a Seguridade Social, pero despois de todo iso vostedes lle piden doce papeis, se vostedes se dan de alta nesta iniciativa, Emprende en 3, todos estes trámites se poden ofrecer de forma telemática, sen papeleos, sen desprazamentos e sen perdas de tempo.

SR. ALONSO PÉREZ: En principio a nós, non nos parece mal, parécenos ben que o Concello se adhira a este programa de Emprende en 3, ademais sendo o Alcalde Vicepresidente da FEMP e colaborando as Comunidades Autónomas e a Federación Española de Municipios nos parecería ben, non nos parece mal que cidadáns que queiran e podan crear empresas a través de internet, mediante o sistema CIRCE o fagan, parécenos ben que se faciliten os trámites, pero o que non nos parece ben, parécenos moi mal é que un partido como o Partido Popular e ademais pediríalle ao Sr. Fidalgo que reflexione antes de verter cuestións como a que acaba de facer ao respecto do traballo sindical, un pouco máis de respecto á xente que ten un compromiso cos traballadores/as para conseguir melloras para toda a sociedade, nos parece moi mal que o Partido Popular parece que nos quere facer a todos empresarios, a nós parécenos moi ben que aqueles que queiran ter unha iniciativa empresarial se lles facilite, pero non todos imos ser empresarios, non todos podemos ser empresarios.

O Partido Popular en vez de descualificar a aqueles que piden melloras para a sociedade o que tiña que facer é outra política, porque lembrar que o Partido Popular e o Sr. Feijóo cando entraron a gobernar na Xunta de Galicia dixeron que en 45 días remataban co desemprego, cando el entrou había o 12% de desemprego no ano 2009 e agora estamos no 23% de desemprego, hai máis de 50% de mozos/as sen traballo, o que conseguir o Sr. Feijóo foi que dende que goberna na Xunta de Galicia haxa cerca de 300.000 galegos/as sen emprego, dos cales máis do 53% non cobran prestación, hai 470.000 galegos/as que viven no albor da pobreza, hai miles de galegos/as que se lle está votando da casa, hai moita xente que non pode pagar

a luz, a auga, que non pode atender a poder comer no día, que teñen que recorrer aos bancos de alimentos, hai mozos/as que teñen que emigrar e isto é unha realidade social e non se pode descualificar, o que hai que facer é dar solucións. O que conseguiu o Partido Popular e o que conseguiu o Sr. Feijóo é que haxa cada vez peores salarios, cada vez máis xente no desemprego e ademais cando se lle presentan alternativas deses que descualificou o Sr. Fidalgo, porque a CIG presentou unha iniciativa lexislativa popular abalada por 31.000 sinaturas con alternativas para crear emprego e nin sequera a tivo en conta, non a quixo discutir. O Sr. Presidente da Deputación cando facía un Plan de Emprego, a Vigo cero euros, e aínda por riba reservábase o 20% de libre disposición para dicir onde o investía, e no Goberno do Estado dende que gobernan efectivamente só lle votaban a culpa ao Sr. Zapatero do desemprego, pero que fixeron? Nada de nada, apoiar á banca, as eléctricas, as grandes construtoras e para os traballadores/as reforma laboral, máis desemprego, facilitar os despidos, baixar os salarios que ademais a baixada de salarios que propuxeron e que levaron adiante o que están facendo é que cada vez sexa máis difícil saír da crise.

A situación é a que é, hai unha responsabilidade do Goberno do Estado, da Xunta de Galicia e da Deputación de Pontevedra de non ter políticas para paliar o emprego, de non atender ademais a aqueles que si damos alternativas, hai que facer unha reforma fiscal para gravar as grandes fortunas, hai que crear un banco público galego que realmente dinamice os créditos, iso si son políticas para crear emprego. Hai que apoiar aos sectores produtivos ao naval, ao agro, a industria, isto é o que hai que facer e non está facendo o Partido Popular. Parécenos moi ben que se preocupe porque os emprendedores teñen facilidades e nós non o vemos mal, pero iso non vai ao cerne fundamental do problema do desemprego que o Partido Popular non atende, polo tanto ímonos abster porque non nos parece mal a iniciativa pero non soluciona os problemas graves de desemprego que ten o país.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Eu quero primeiro centrar de que vai esta moción porque o Sr. Fidalgo non o fixo, debe ser que non a traía preparada e foise por outras cuestións, isto vai dunha plataforma mediante a cal as empresas ou os cidadáns poden facer trámites directamente a través de Internet ca administración, e do que vai, pero claro o Sr. Fidalgo vaise polos “Cerros de Úbeda”, e eu o primeiro que



quero reivindicar é todo o compromiso social de tódolos membros do Grupo Municipal Socialista, tanto dos que militamos nunha organización sindical, como os que fixeron ou fixemos outra acción de apoio social desinteresado, cousa que posiblemente o seu grupo Sr. Fidalgo non poida dicir o mesmo, iso o primeiro, compromiso social, dende o Alcalde-Presidente e rematando por este que lle fala, cousa que vostedes non poder dicir o mesmo. Polo tanto, eu reivindico a figura dos homes e das mulleres que en cada un dos centros do traballo fan unha labor inestimable en favor dos seus compañeiros/as para mellorar as súas condicións de traballo ou para que non sexan despedidos, sobre todo coa Lei de Reforma Laboral que fixeron vostedes que os pon tódolos días na rúa.

A segunda cuestión que creo que hai que dicir, cando vostedes falan de Teis, eu non sei a que Teis van vostedes porque hai unha parte de Teis que lles corresponde a vostedes que é os edificios da ETEA, que fixeron vostedes alí, van facer algo? Porque xa levan anos alí con aqueles edificios, será que están a gozar do fixo este Alcalde en Teis.

Voulle lembrar algo do que vostedes falaban antes, falaban do “corredor verde” da antiga vía do tren, e saben porque hai ese corredor verde que vostedes non atenden? Porque o Alcalde desta cidade e o exministro o Sr. Blanco fixeron un túnel para que Teis non siga fendido por tres lugares, só estea por dous, iso foi o que conseguiu o Partido Socialista Obreiro Español e este Alcalde que preside esta Corporación, basta xa de falsidades e querer reescribir a historia, porque San Xurxo Badía, o entorno da Igrexa de San Salvador de Teis fíxoo este Goberno, o Alcalde Abel Caballero, non o fixeron vostedes, a Avenida de Galicia que é competencia da Xunta de Galicia humanizouna o Sr. Abel Caballero, non vostedes para que a xente teña un acceso máis digno ao centro de saúde e aquelas vivendas sociais teñan a mesma dignidade que os de García Olloqui, ou que se cren vostedes, que non se fixo nada en Teis? Non sexan ridículos, non queiran reescribir a historia.

Nós ímoslles votar en contra desta moción porque primeiro, se hai alguén que apoie aos emprendedores é este Goberno e este Alcalde. Recentemente acaba de asinar o Alcalde cos comerciantes de zona Príncipe, de zona centro e de Vigo Vello plans de emprego por valor 140.000 euros para que poidan contratar persoas, 150.000 euros para a creación de empresas, ademais e vostedes sábeno porque participaron nisto ademais coa propia Asociación de Xoves Empresarios e cos que

se está a colaborar de forma directa e por certo están encantados e así o manifestan público, incluso no recente Congreso que se fixo aquí en Galicia. Vese que vostedes non se decantan porque había compañeiras súas alí e o escoitaron.

Creo que vostedes están agora nun momento, tal como os vin, de fin de curso, de que saben que están de fin de curso e que van cambiar de colexio que non van seguir neste colexio, esa é a impresión que dan, que están un pouco dispersos.

Na escola de hostalería está Estudios Vigueses, como que non está usando a escola de hostalería? Faltaría máis, e dándolle moito uso.

O Plan Comunitario de Teis, a Asociación de Veciños Nosas Neves, os de festas de San Salvador da Guía falan co Alcalde tódolos días e o felicitan, nos imos por alí e o felicitan. Eu recentemente estiven con eles e están encantados, pode haber algún dalgunha asociación que non lle guste tanto isto.

Vostedes levan gobernando seis anos na Xunta de Galicia e tres anos no Estado, fíxese se xa tiveron tempo vostedes para solucionar o tema económico e o tema do emprego, pero o que se segue é perdendo emprego, un día e outro, pechando empresas, cada vez hai menos industria, un 7,1% menos este ano, e polo tanto non poden vostedes vir a darnos leccións nese sentido.

Nós facémolle unha emenda e senón imos votar en contra, se aceptan a nosa emenda por suposto que a votaremos a favor, que é “instar á Xunta de Galicia a que adique 200 millóns de euros para facilitar proxectos empresariais, tamén a Deputación e o Goberno do Estado eses mesmos plans de emprego e tamén ao Goberno de España aprobar un Plan integral de política industrial que permita aumentar o peso da industria no Produto Interior Bruto, tamén instar ao Goberno de España a tomar medidas fiscais para as persoas ó adicar o 1,33% do Produto Interior Bruto a políticas de I+D”.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Alonso todo o respecto por suposto a todas aquelas persoas, traballadores/as que participan nos comités de empresa, sindicatos, por suposto, eu aquí falaba dun sindicalismo mal entendido, trasnoitado do século XIX, que parece que é que fai que os bos sexan os traballadores e os malos sexan os emprendedores. Aquí Sr. Rodríguez Díaz non se apoia ao emprendedor, vostedes en política de apoio ao emprendedor están no paleolítico e máis que no paleolítico.

O Alcalde, evidentemente, coas promesas electorais si que ofreceu pleno emprego,

pero o Alcalde atopouse unha cidade con 17.000 persoas sen traballar, cunha taxa do paro do 9% e chegou a estar a taxa en Vigo ao 26%, hoxe mesmo está no 23%, todo o mundo sabe que o Partido Socialista crea parados e o Partido Popular crea emprego. Cando gobernou entre 1996 e 2004 recibiu un país co 22% de paro e deixouno nun 11%, agora recibímolo no 23% de paro.

Fala vostede do Sr. Feijóo que se non fala inglés, non sei se fala inglés pero fala francés porque mañá vaise entrevistar co presidente da empresa PSA para que a Citroën Vigo lle dean esa furgoneta, ese proxecto novo o k9 que vai permitir que a factoría de Citroën siga con carga de traballo, igual que o apoiou todos estes anos con moitos millóns de euros, tanto a Citroën como á industria auxiliar, ata hai un coche que se chama Galicia. Tamén debe falar mexicano porque estivo en México apoiando o naval de Vigo e gracias a esas xestións do Sr. Feijóo hai un flotel que se está construíndo en Barreras, que vostedes nos chamaban ata mariachis.

Para crear emprego todo o mundo sábeo, e iso é un erro de base que teñen vostedes, fai falla apoiar ao autónomo e a PEME, e en Vigo vostedes xa no ano 2010 cargáronse o servizo de atención ao emprendedor, vostedes cargáronllo, aquí non se apoia ao emprendedor, ese é o fracaso da política do Sr. Alcalde, Abel Caballero, aquí non é que se poña o cartel en Vigo de “volva vostede mañá”, aquí aos emprendedores pónselle o cartel “non volva vostede nunca”, vaia a outro lado porque de vostedes aquí non queremos saber absolutamente nada”, e iso é patético, unha cidade emprendedora como Vigo que teña que sufrir esa acoso aos emprendedores.

PRESIDENCIA: Entendo pola súa intervención que non acepta a moción do grupo socialista, temíamo.

VOTACIÓN: Con once votos a favor dos membros do grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, once votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González,

Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia (Silva Rego), e tres abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade adoptándose o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 17.09.2014 (Rex. Nº 975/1101), polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Álvarez Pérez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

#### **4.A. MOCIÓN URXENTES DE CONTROL DO GOBERNO MUNICIPAL.**

Non houbo.

#### **5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.**

##### **5.1(180).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. BERNÁRDEZ DE DIOS, RELATIVO Á FELICITACIÓN A DIVERSAS AUTORIDADES POLO BO TRABALLO E SERVIZOS REALIZADOS NA CHEGADA DO CRUCEIRO MÁIS GRANDE DO MUNDO.**

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Un rogo que traslado á consideración do Alcalde e de toda a corporación municipal, onde o Alcalde en nome da mesma e mediante escrito felicite á Autoridade Portuaria, aos servizos do Concello de Vigo e aos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado polo bo traballo e servizos realizados con motivo da chegada a Vigo do maior cruceiro do mundo este pasado fin de semana.

PRESIDENCIA: Quero engadir algo máis se mo permite, felicitar ao Consignatario por traer ese barco.

## **6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.**

### **6.1(181).-PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, SR. ALONSO PÉREZ, RELATIVO Á QUE RESPOSTA INMEDIATA LLE VAI DAR O ALCALDE A SITUACIÓN QUE TEÑEN DÚAS PERSOAS DE DESAFIUZAMENTO.**

SR. ALONSO PÉREZ: Sr. Alcalde, vostede dixo que mentres vostedes fose Alcalde en Vigo non se efectuaría ningún desafiuamento. Hai en Vigo, nestes momentos dous casos que están en situación de prorroga de execución de sentenza, por non poder asumir os importes dos alugueres, ademais nos acompañan aquí os dous casos, as Sras. Ánxeles e Teresa que están nunha situación moi grave, a punto de vencer o que é a situación de prorroga e vanse quedar fora, sen vivenda, eu lle pediría ao Sra. Alcalde que pensa nunha situación tan grave e de resposta inmediata como pensa resolver estes dous casos?.

PRESIDENCIA: Estes dous e moitos máis, porque hai moita xente en situación de desafiuamento, Sra. Concelleira de Área de Política e Benestar.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Non só sabemos deses dous casos, senón que un deles gracias á intervención dos Servizos Sociais do Concello de Vigo non está xa na rúa. Son situacións que veñen dadas pola suspensión do programa Aluga da Xunta de Galicia, quérolle lembrar que aquí neste Concello o Grupo Socialista presentou unha moción solicitándolle á Xunta de Galicia que dada a situación de crise que se está a padecer prorrogara ese programa Aluga, o que permitía as persoas con rendas básicas, cunha PNC poder asumir ese custe, cousa que non a tiveron en conta para nada e agora xa están rematados os cinco anos dese programa Aluga, por certo, que ven da época do Sr. Emilio Pérez Touriño. Rematou o prazo e estase quedando sen a vivenda, responsabilidade única e exclusiva da Xunta de Galicia que están atendendo ao Concello de Vigo concretamente nun caso negociamos coa

dona do piso, pagóuselle o aluguer de dous meses máis para ver se a Xunta de Galicia neste dous meses que lle demos de prazo fai o que ten que facer.

**6.2(182).-PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, SRA. VELOSO RÍOS, RELATIVO Á RECLAMACIÓNS DUNS CIDADÁNS POLO GOLPE QUE SUFRIRON NOS BAIXOS DO SEU VEHÍCULO.**

SRA. VELOSO RÍOS: Eu teño unha pregunta sobre á reclamación dun cidadán e unha cidadá desta cidade o Sr. Angel Rodríguez Granja e a Sra. Beatriz Travieso Travieso que sufriron un golpe nos baixos do seu vehículo en outubro de 2013, na rúa A Coruña, provocando danos por valor de 700 euros, coa intervención da Policía Municipal, presentaron toda a documentación no Concello o 29 de novembro de 2013, e a día de hoxe seguen sen recuperar os cartos que lle custou esa reparación. Enviaron un correo á Alcaldía o 8 de abril que non foi contestado, volveron mandar outro correo agora en setembro que tampouco foi contestado e están atravesando unha situación moi precaria de desemprego de longa duración no caso do Sr. Angel e de enfermidade grave no caso da Sra. Beatriz e seguen sen cobrar. Nós queremos saber cando se lle vai pagar, se lles está aplicando a mesma celeridade que para pagar as facturas a provedores ou se van ter que seguir agardando.

PRESIDENCIA: Se lle contestará por escrito.

**6.3(183).-PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. PÉREZ DÁVILA, RELATIVO Á UTILIZACIÓN DO ESTUDO DE GRAVACIÓN VIGOSÓNICO.**

SR. PÉREZ DÁVILA: Quería facer unha pregunta en Xaneiro de 2013, o Grupo

Popular presentou unha moción para que se puidera gravar e utilizar no estudio de gravación de Vigosónico porque estaba sendo utilizada de almacén, a día de hoxe constatamos que xa non se utiliza como almacén pero tamén constatamos que só se utiliza para cuestións de formación e non se pode gravar nese estudo. O día do Pleno a Sra. Lago presentou aquí diferentes gravacións non feitas non estudo senón en directos no propio Vigosónico, queriamos preguntar cando dunha vez por todas vaise poder gravar, editar e producir maquetas no estudo e gravación de Vigosónico.

PRESIDENCIA: Contestarémolles por escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e dous minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.